

Cifras iniciais do número nacional	Lonxitude número nacional		Utilización	Información adicional
	Lonxitude máxima	Lonxitude mínima		
937	9	9	Numeración xeográfica.	Barcelona.
938	9	9	Numeración xeográfica.	Barcelona.
940	9	9	Servizo de acceso ao servizo de radiobusca.	
941	9	9	Numeración xeográfica.	La Rioja.
942	9	9	Numeración xeográfica.	Cantabria.
943	9	9	Numeración xeográfica.	Gipuzkoa.
944	9	9	Numeración xeográfica.	Bizkaia.
945	9	9	Numeración xeográfica.	Álava.
946	9	9	Numeración xeográfica.	Vizcaya.
947	9	9	Numeración xeográfica.	Burgos.
948	9	9	Numeración xeográfica.	Navarra.
949	9	9	Numeración xeográfica.	Guadalajara.
950	9	9	Numeración xeográfica.	Almería.
951	9	9	Numeración xeográfica.	Málaga.
952	9	9	Numeración xeográfica.	Málaga.
953	9	9	Numeración xeográfica.	Jaén.
954	9	9	Numeración xeográfica.	Sevilla.
955	9	9	Numeración xeográfica.	Sevilla.
956	9	9	Numeración xeográfica.	Cádiz.
957	9	9	Numeración xeográfica.	Córdoba.
958	9	9	Numeración xeográfica.	Granada.
959	9	9	Numeración xeográfica.	Huelva.
960	9	9	Numeración xeográfica.	Valencia/València.
961	9	9	Numeración xeográfica.	Valencia/València.
962	9	9	Numeración xeográfica.	Valencia/València.
963	9	9	Numeración xeográfica.	Valencia/València.
964	9	9	Numeración xeográfica.	Castellón/Castelló.
965	9	9	Numeración xeográfica.	Alicante/Alacant.
966	9	9	Numeración xeográfica.	Alicante/Alacant.
967	9	9	Numeración xeográfica.	Albacete.
968	9	9	Numeración xeográfica.	Murcia.
969	9	9	Numeración xeográfica.	Cuenca.
971	9	9	Numeración xeográfica.	Illes Balears.
972	9	9	Numeración xeográfica.	Girona.
973	9	9	Numeración xeográfica.	Lleida.
974	9	9	Numeración xeográfica.	Huesca.
975	9	9	Numeración xeográfica.	Soria.
976	9	9	Numeración xeográfica.	Zaragoza.
977	9	9	Numeración xeográfica.	Tarragona.
978	9	9	Numeración xeográfica.	Teruel.
979	9	9	Numeración xeográfica.	Palencia.
980	9	9	Numeración xeográfica.	Zamora.
981	9	9	Numeración xeográfica.	A Coruña.
982	9	9	Numeración xeográfica.	Lugo.
983	9	9	Numeración xeográfica.	Valladolid.
984	9	9	Numeración xeográfica.	Asturias.
985	9	9	Numeración xeográfica.	Asturias.
986	9	9	Numeración xeográfica.	Pontevedra.
987	9	9	Numeración xeográfica.	León.
988	9	9	Numeración xeográfica.	Ourense.

MINISTERIO DE FOMENTO

21908 REAL DECRETO 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario. («BOE» 315, do 31-12-2004.)

A Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, regula no título II as infraestruturas ferroviarias, no título III a prestación dos servizos ferroviarios adicionais,

complementarios e auxiliares, no título IV o transporte ferroviario, no título VI a Administración ferroviaria e o Comité de Regulación Ferroviaria e no título VII o réxime de inspección.

Co fin de desenvolver a regulación citada no parágrafo anterior, e ao amparo do disposto na disposición derradeira primeira da Lei do sector ferroviario que habilita o Goberno para ditar as disposicións precisas para o desenvolvemento e cumprimento da lei, apróbase, mediante este real decreto, o Regulamento do sector ferroviario.

O Regulamento estrutúrase nun título preliminar, que establece o seu obxecto, e seis títulos que regulan, respectivamente, as infraestruturas ferroviarias, os servizos adicionais, complementarios e auxiliares, os servizos de transporte ferroviario, os servizos de inspección, o Rexistro Especial Ferroviario e o Comité de Regulación Ferroviaria.

O título I, sobre as infraestruturas ferroviarias, divídese, pola súa vez, en sete capítulos que recollen todos os aspectos relativos á planificación, o proxecto e a construción, as limitacións á propiedade, a administración das infraestruturas ferroviarias, o acceso a elas, o réxime das infraestruturas ferroviarias existentes nos portos e aeroportos de interese xeral e o das de titularidade privada. Cada un destes capítulos, pola súa vez, encóntrase subdividido en seccións e, nalgúns casos, estas fano en subseccións.

O título II regula o réxime xurídico aplicable aos servizos adicionais, complementarios e auxiliares.

O título III, sobre os servizos de transporte ferroviario, comprende seis capítulos que regulan o réxime aplicable ás empresas ferroviarias e a outros candidatos distintos destas, a prestación dos servizos de transporte ferroviario, xa sexan de viaxeiros, de mercadorías ou servizos declarados de interese público, os dereitos dos usuarios, o libro de reclamacións, o réxime de seguridade e a investigación de accidentes. Ao igual que no título anterior, os capítulos divídense en seccións e, nalgúns casos, estas fano en subseccións.

O título IV establece a ordenación dos servizos de inspección.

O título V desenvolve todo o réxime aplicable ao Rexistro Especial Ferroviario.

Finalmente, o título VI determina a regulación do Comité de Regulación Ferroviaria. Os catro capítulos que integran este título establecen todo o relativo á estrutura, o obxecto, as funcións e o persoal deste novo órgano.

O Regulamento do sector ferroviario incorpora, así mesmo, no seu anexo, o modelo oficial de libro de reclamacións.

O desenvolvemento regulamentario da Lei do sector ferroviario que realiza este real decreto completárase coas normas que, progresivamente, se diten nos distintos ámbitos previstos nela.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de decembro de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento do sector ferroviario.*

Apróbase o Regulamento do sector ferroviario, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Réxime aplicable en materia de interoperabilidade.*

Continuará sendo de aplicación o establecido nos reais decretos 1191/2000, do 23 de xuño, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario de alta velocidade, e 646/2003, do 30 de maio, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo convencional.

Disposición adicional segunda. *Aplicación subsidiaria da lexislación de estradas en materia de policía de ferrocarrís.*

En caso de lagoa legal ou regulamentaria en materia de policía de ferrocarrís aplicarase a lexislación estatal de

estradas, adaptándoa á especial natureza do transporte ferroviario.

Disposición adicional terceira. *Designación dos membros do Comité de Regulación Ferroviaria.*

O presidente e os vogais do Comité de Regulación Ferroviaria serán nomeados dentro dos dous meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto.

Na primeira sesión que celebre, o comité designará o seu secretario.

Disposición adicional cuarta. *Modificación do regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.*

Modifícase o artigo 31.1 do regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, cuxos puntos sexto e oitavo do seu segundo parágrafo quedarán redactados da seguinte maneira:

«Catro conselleiros representantes das empresas ferroviarias, nomeados por proposta conxunta de RENFE-Operadora, FEVE e as asociacións de empresas ferroviarias, e outro máis designado por proposta do administrador de infraestruturas ferroviarias.»

«Un mínimo de cinco conselleiros, designados entre membros da Administración, especializados en materias que afecten o funcionamento do sistema de transportes. Os devanditos conselleiros terán voz pero non voto. Polo menos dous deles serán designados por proposta da Conferencia Nacional do Transporte ou, por delegación desta, da Comisión de directores xerais de Transportes do Estado e das comunidades autónomas. Outro dos designados estará especialmente cualificado polo seu coñecemento do sector ferroviario.»

Pola súa parte, os puntos oitavo e décimo primeiro do terceiro parágrafo da mesma epígrafe quedarán redactados como segue:

«Catro conselleiros representantes das empresas ferroviarias, nomeados por proposta conxunta de RENFE-Operadora, FEVE e as asociacións de empresas ferroviarias, e outro máis designado por proposta do administrador de infraestruturas ferroviarias.»

«Un mínimo de cinco conselleiros, designados entre membros da Administración, especializados en materias que afecten o funcionamento do sistema de transportes. Os devanditos conselleiros terán voz pero non voto. Polo menos dous deles serán designados por proposta da Conferencia Nacional do Transporte ou, por delegación desta, da Comisión de Directores Xerais de Transportes do Estado e das Comunidades Autónomas. Outro dos designados estará especialmente cualificado polo seu coñecemento do sector ferroviario.»

Disposición adicional quinta. *Modificación da inscrición no Rexistro da Propiedade dos bens inmobles propiedade de antigas compañías ferroviarias.*

As inscricións dos bens inmobles que figuren no Rexistro da Propiedade a favor das antigas compañías ferroviarias concesionarias e que foron rescatados polo Estado e entregados a RENFE en virtude da Lei de bases de ordenación ferroviaria do 24 de xaneiro de 1941, serán

modificadas e inscritas a nome do administrador de Infraestruturas Ferroviarias no suposto de que se trate de bens demaniais que sexan da súa titularidade conforme a Lei do sector ferroviario.

Disposición adicional sexta. Bens de dominio público ferroviario e patrimoniais.

1. Son bens de dominio público ferroviario os inmobles comprendidos na zona de dominio público definida polo artigo 13 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

2. Consideraranse bens patrimoniais de titularidade do administrador de infraestruturas ferroviarias as estacións, terminais e outros bens inmobles excluídos do concepto de liña polo anexo da devandita lei, salvo os que estean integramente situados en zonas de dominio público e os que se constrúan no futuro con cargo aos recursos do Estado ou dun terceiro.

Disposición adicional sétima. Translación de bens de RENFE a RENFE-Operadora.

1. Mediante orde do ministro de Fomento e nos termos previstos nas disposicións adicionais primeira e terceira da Lei do sector ferroviario, incorporaranse ao patrimonio de RENFE-Operadora, coa natureza de bens patrimoniais, todos os bens mobles e inmobles de RENFE que sexan necesarios para a prestación do servizo de transporte ferroviario, e os que se consideren convenientes para garantir o seu equilibrio financeiro.

2. Para os efectos da súa regulación catastral e inscrición rexistral, será título suficiente a propia orde ministerial a que se refire o punto anterior. Así mesmo, RENFE-Operadora poderá expedir, de ser o caso, as certificacións administrativas de dominio previstas no artigo 206 da Lei hipotecaria, texto refundido aprobado polo Decreto do 8 de febreiro de 1946, as inmatriculacións, modificacións ou translacións que fosen necesarias para a súa inscrición a favor de RENFE-Operadora nos termos previstos na disposición adicional quinta.

Disposición adicional oitava. Continuidade dos contratos celebrados por RENFE.

En aplicación e cumprimento do establecido nas disposicións adicionais primeira, segunda e terceira da Lei do sector ferroviario, a Administración e todos os organismos públicos afectados deberán de adoptar as medidas que lle permitan ao administrador de infraestruturas ferroviarias o cumprimento dos contratos que RENFE celebre con terceiros, antes da entrada en vigor da referida lei, e, en particular, os que lles atribúisen dereitos sobre bens que pertencesen ou estivesen adscritos á propia RENFE.

Disposición adicional novena. Liquidación das achegas do Estado a RENFE durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2001 e o 31 de decembro de 2004.

Mediante orde do ministro da Presidencia, por proposta conxunta dos de Economía e Facenda e de Fomento, determinaranse os criterios para a liquidación das achegas do Estado a RENFE durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2001 e o 31 de decembro de 2004.

Disposición adicional décima. Establecemento do marco xeral tarifario pola prestación de servizos adicionais, complementarios e auxiliares.

1. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto, o Ministerio de Fomento establecerá, por proposta do administrador de Infraestruturas Ferro-

viarias, un marco xeral tarifario que lle permita a este último fixar, de acordo co artigo 79 da Lei do sector ferroviario, as tarifas pola prestación de servizos adicionais, complementarios e auxiliares.

2. Desde a entrada en vigor da Lei do sector ferroviario e ata que sexa de aplicación o marco xeral tarifario a que se refire o punto anterior, o administrador de Infraestruturas Ferroviarias poderá fixar, logo de informe das empresas ferroviarias afectadas, unhas tarifas provisionais que deberá comunicar ao Ministerio de Fomento.

Disposición adicional décimo primeira. Taxas de alcoholemia de aplicación no transporte ferroviario.

1. Para os efectos do disposto no artigo 92.3 da Lei do sector ferroviario, establécense como taxas de alcoholemia máximas permitidas para a condución de máquinas de transporte ferroviario as seguintes:

Taxa de alcohol en sangue: 0,2 gramos por litro.

Taxa de alcohol en aire espirado: 0,10 miligramos por litro.

2. As taxas referidas no punto anterior serán, así mesmo, de aplicación ao persoal de circulación ferroviaria que preste servizos en postos de mando, control de tráfico centralizado, subestacións, estacións, terminais e calquera outras dependencias e locais en que se desenvolvan traballos relacionados con aquela.

Disposición adicional décimo segunda. Tempos máximos de condución no transporte ferroviario.

1. Para os efectos do disposto no artigo 92.3 da Lei do sector ferroviario, establécense os seguintes límites de tempos de condución para o persoal de circulación ou condución no transporte ferroviario:

O tempo máximo de condución continuada será de seis horas.

O tempo máximo de condución diaria será de nove horas.

2. O cómputo diario do tempo de condución realízase por períodos de 24 horas, con independencia da hora en que se produza o seu inicio. Así mesmo, a condución continuada considerarase interrompida cando se disfrute dunha pausa de 45 minutos.

3. O establecido nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo das facultades de vixilancia e control do cumprimento da normativa laboral referida a tempo de traballo atribuídas á Inspección de Traballo e Seguridade Social, así como das competencias en materia laboral propias das autoridades laborais das comunidades autónomas.

4. Esta disposición non afecta as prescricións relativas ao transporte ferroviario contidas na subsección 3.^a da sección 4.^a do capítulo II do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.

Disposición adicional décimo terceira. Publicación no Boletín Oficial del Estado das resolucións que aproben ou modifiquen a declaración sobre a rede.

As resolucións do administrador de infraestruturas ferroviarias polas que se aprobe, actualice ou modifique a declaración sobre a rede, serán remitidas ao director xeral de Ferrocarrís, que ordenará a súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Disposición adicional décimo cuarta. Competencias en materia de interoperabilidade.

As competencias atribuídas ao secretario de Estado de Infraestruturas polo Real decreto 1191/2000, sobre inte-

roperabilidade do sistema ferroviario de alta velocidade, e polo Real decreto 646/2003, sobre interoperabilidade do sistema transeuropeo convencional, serán asumidas, no momento da entrada en vigor deste real decreto, polo director xeral de Ferrocarrís.

Disposición transitoria primeira. Réxime provisional aplicable en materia de seguridade.

1. Mentres non sexan aprobadas polo Ministerio de Fomento as normas de desenvolvemento da Lei do sector ferroviario en materia de seguridade no tráfico ferroviario, serán de aplicación na devandita materia as normas actualmente aplicables, e en particular, o Regulamento xeral de circulación de RENFE, as normas específicas de circulación (NEC) aplicables á liña Madrid-Sevilla e as prescricións técnicas e operativas de circulación e seguridade correspondentes ao tramo Madrid-Zaragoza-Lleida da liña de alta velocidade Madrid-Barcelona-Figueras, versión 2.

2. O contido do conxunto de normas actualmente aplicables en materia de seguridade no tráfico ferroviario será publicado como anexo á primeira declaración sobre a rede que aprobe o administrador de infraestruturas ferroviarias.

Disposición transitoria segunda. Outorgamento dos certificados de seguridade.

Mentres a Dirección Xeral de Ferrocarrís non asuma a función de outorgar os certificados de seguridade que, de conformidade co artigo 81.1.g) da Lei do sector ferroviario lle corresponde ou sexa creado un organismo facultado para o exercicio da devandita función, o administrador de Infraestruturas Ferroviarias outorgará, de conformidade co disposto no artigo 57.4 da referida lei, os certificados de seguridade ás empresas ferroviarias.

Disposición transitoria terceira. Colaboración coa Dirección Xeral de Ferrocarrís.

1. Co fin de que a Dirección Xeral de Ferrocarrís dispoña dos medios necesarios para o desenvolvemento das funcións que en materia de seguridade lle corresponden de conformidade coa Lei do sector ferroviario e as súas normas de desenvolvemento, así como para facilitar á devandita dirección xeral o cumprimento dos requisitos e obrigas que puidesen serlle exixibles pola aplicación da nova normativa comunitaria, o administrador de Infraestruturas Ferroviarias estará obrigado a lle prestar a esta toda a colaboración persoal, técnica e operativa que lle sexa requirida. Esta colaboración esténdese tamén ás funcións relacionadas coa redacción de proxectos e co transporte ferroviario.

2. O persoal do administrador de infraestruturas ferroviarias que realice, de acordo co punto anterior, funcións de apoio e colaboración técnica coa Dirección Xeral de Ferrocarrís deberá contar, segundo os casos, con especialización en materia de seguridade ferroviaria, redacción de proxectos ou transporte ferroviario e actuará, en tales supostos, con suxeición exclusiva ás ordes e instrucións que, para o efecto, imparta o director xeral de Ferrocarrís.

Disposición transitoria cuarta. Réxime provisional aplicable á entidade pública empresarial RENFE-Operadora.

1. Desde a data de entrada en vigor da Lei do sector ferroviario, RENFE-Operadora estará habilitada para a prestación de servizos de transporte ferroviario de mercadorías tendo, para tal efecto, asignada a capacidade de

infraestrutura necesaria para a realización dos que estiver prestando nese momento a entidade pública empresarial RENFE. Así mesmo, poderá obter directamente do administrador de Infraestruturas Ferroviarias a capacidade de infraestrutura necesaria para a prestación de novos servizos ata o momento en que, debidamente aprobada a declaración sobre a rede conforme o artigo 29 da referida lei, RENFE-Operadora poida solicitar a capacidade que precise.

2. De conformidade co establecido na disposición transitoria terceira da Lei do sector ferroviario, mentres non se produza a aplicación dos capítulos II e III do título IV da referida lei aos servizos de transporte ferroviario de viaxeiros, RENFE-Operadora terá dereito a explotar os que se presten sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral, na forma establecida na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e na súa normativa de desenvolvemento, en canto non se opoña ao resto do contido da Lei do sector ferroviario.

Cando, conforme o parágrafo anterior, sexan de aplicación ao transporte ferroviario de viaxeiros, os capítulos referidos, RENFE-Operadora conservará o dereito a explotar a capacidade de rede que entón utilice efectivamente e poderá solicitar que se lle asigne outra capacidade de rede, conforme o previsto na Lei do sector ferroviario e no Regulamento do sector ferroviario.

3. Sen prexuízo da habilitación que para a prestación de servizos de transporte ferroviario se lle concede a RENFE-Operadora nos puntos anteriores, a devandita entidade deberá adecuarse ao establecido no título IV da Lei do sector ferroviario, segundo os seguintes prazos:

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor da Lei do sector ferroviario, a entidade pública empresarial RENFE-Operadora, como entidade de nova creación, deberá cumprir as exixencias establecidas no artigo 45 da citada lei, salvo o establecido no punto 1.a do devandito artigo en canto a revestir a forma de sociedade anónima, e solicitar a correspondente licenza.

Así mesmo, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da Lei do sector ferroviario, deberá presentar a documentación que acredite que dispón dun sistema de xestión da seguridade e que cumpre os requisitos exixidos pola referida lei, o Regulamento do sector ferroviario e as demais normas de desenvolvemento daquela, en materia de circulación ferroviaria, persoal de conducción e material rodante, e solicitar o correspondente certificado de seguridade.

4. Conforme o previsto na disposición transitoria cuarta da Lei do sector ferroviario, mentres non sexan de aplicación ao transporte ferroviario de viaxeiros os capítulos II e III do título IV da Lei do sector ferroviario, RENFE-Operadora percibirá do Estado, pola prestación de servizos de transporte ferroviario de viaxeiros deficitarios, as correspondentes subvencións e compensacións que se concretarán no contrato-programa que van celebrar a referida entidade e a Administración xeral do Estado.

Así mesmo, RENFE-Operadora poderá percibir transitoriamente do Estado, conforme a vixente lexislación, achegas para adecuar a súa estrutura económico-financiera ao contorno de apertura de mercado en que deberá desenvolver a súa actividade.

5. O contrato-programa determinará as directrices básicas relativas á prestación dos servizos, os obxectivos e fins que se deban alcanzar, as cantidades que se van investir e as que achegará o Estado, así como calquera outra circunstancia relevante.

6. Para os efectos do previsto nesta disposición, RENFE-Operadora poderá subscribir cos órganos competentes das comunidades autónomas e entidades locais os acordos, pactos, convenios ou contratos que considere convenientes ou necesarios para a realización dos fins da entidade.

Disposición transitoria quinta. *Prestación do servizo de mantemento de material rodante.*

1. Desde a entrada en vigor deste real decreto, os centros de mantemento de material rodante de que dispoña a entidade RENFE-Operadora estarán habilitados para continuar realizando as actividades que ata a devandita data lles eran propias, sen prexuízo de que deban cumprir as condicións e os requisitos impostos na orde que, de conformidade co artigo 58 da Lei do sector ferroviario, dite o ministro de Fomento.

2. Así mesmo, RENFE-Operadora deberalles prestar a outras empresas ferroviarias o servizo de mantemento do material rodante, se non existise outra oferta alternativa no mercado. O devandito servizo ofrecerase en condicións equitativas, transparentes e non discriminatórias.

Disposición transitoria sexta. *Criterios de imputación de gastos comúns.*

Para os efectos do previsto no artigo 45 do Regulamento do sector ferroviario, o administrador de infraestruturas ferroviarias, logo de informe da Intervención Xeral da Administración do Estado, determinará e comunicará ao Ministerio de Fomento, dentro dos catro meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto, os criterios de imputación dos gastos comúns aos diferentes capítulos que configuran o gasto total.

Disposición transitoria sétima. *Convenios relativos á conexión das infraestruturas ferroviarias existentes nos portos de interese xeral.*

No prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, o administrador de Infraestruturas Ferroviarias deberá asinar coa autoridade portuaria de cada porto de interese xeral, logo de autorización do Ministerio de Fomento, o correspondente convenio de conexión a que se refire o artigo 36.3 da Lei do sector ferroviario.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

A ministra de Fomento ditará, no ámbito das súas competencias, as disposicións oportunas para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Disposición derradeira terceira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias que o artigo 149.1.13.^a, 14.^a, 21.^a e 24.^a da Constitución española lle atribúe ao Estado.

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,
MAGDALENA ÁLVAREZ ARZA

REGULAMENTO DO SECTOR FERROVIARIO

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto o desenvolvemento da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, en todo o referente ás infraestruturas ferroviarias, aos servizos adicionais, complementarios e auxiliares, aos servizos de transporte ferroviario, ao servizo de Inspección, ao Rexistro Especial Ferroviario e ao réxime aplicable ao Comité de Regulación Ferroviaria.

Artigo 2. *Competencias administrativas.*

As competencias administrativas atribuídas neste regulamento ao Ministerio de Fomento exerceranas os órganos deste que especificamente as teñan atribuídas ou aos cales se lles atribúan e, no seu defecto, a Dirección Xeral de Ferrocarrís.

TÍTULO I

As infraestruturas ferroviarias

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 3. *Elementos que integran a infraestrutura ferroviaria.*

1. Enténdese por infraestrutura ferroviaria a totalidade dos elementos vinculados ás vías principais e ás de servizo e aos ramais de desviación para particulares, con excepción das vías situadas dentro dos talleres de reparación de material rodante e dos depósitos ou garaxes deste. Entre os devanditos elementos encóntranse os terreos, as estacións, as terminais de carga, as obras civís, os pasos a nivel, as instalacións vinculadas á xestión e regulación do tráfico e á seguridade, ás telecomunicacións, á electrificación, á sinalización das liñas, á iluminación e á transformación e o transporte da enerxía eléctrica e os seus edificios anexos.

2. A liña ferroviaria é a parte da infraestrutura ferroviaria que une dous puntos determinados do territorio e que está integrada polos seguintes elementos: plataforma da vía, superestrutura, como carrís e contracarrís, travesas e material de suxeición, obras civís como pontes, viadutos e túneles, e instalacións de electrificación, de sinalización e seguridade e de telecomunicación da vía, camiños de servizo, e os elementos que permiten a iluminación.

Non se consideran incluídos no concepto de liña, as estacións e terminais ou outros edificios ou instalacións de atención ao viaxeiro.

3. Os elementos da liña ferroviaria enténdense agrupados en vía, instalacións ferroviarias e camiños de servizo, que permiten acceder á vía e ás instalacións ferroviarias.

Dentro da vía distínguense a infraestrutura de vía e a superestrutura de vía.

A infraestrutura de vía é o conxunto de obras de terra e de fábrica necesarias para construír a plataforma sobre a que se apoia a superestrutura de vía. Entre as obras de terra encóntranse os terrapléns, as trincheiras e os túne-

les e, entre as obras de fábrica, as pontes, viadutos, drenaxes e pasos a nivel.

A superestrutura de vía é o conxunto integrado polos carrís, contracarrís, as travesas ou, de ser o caso, a placa, as suxeicións, os aparellos de vía e, de ser o caso, o leito elástico formado polo balastro, así como as demais capas de asento, sobre o que estes elementos apoian.

Enténdese por instalacións ferroviarias os dispositivos, os aparellos e os sistemas que permiten o servizo ferroviario e as edificacións que os albergan. Son instalacións ferroviarias as de electrificación, as de sinalización e seguridade e as de comunicacións. Entre as instalacións de electrificación encóntranse a liña aérea de contacto e as subestacións e as liñas da conexión de servizo enerxético; entre as de sinalización e seguridade, os sistemas que garantan a seguridade na circulación de trens, e entre as de comunicacións, as de telecomunicacións fixas e móbiles.

4. As liñas ferroviarias poden ser de alta velocidade ou convencionais.

Para os efectos deste regulamento considéranse liñas ferroviarias de alta velocidade:

a) As liñas especialmente construídas para a alta velocidade, equipadas para velocidades, polo xeral, iguais ou superiores a 250 quilómetros por hora.

b) As liñas especialmente acondicionadas para a alta velocidade equipadas para velocidades da orde de 200 quilómetros por hora.

c) As liñas especialmente acondicionadas para a alta velocidade, de carácter específico, debido a dificultades topográficas, de relevo ou de contorno urbano cuxa velocidade se deberá axustar caso por caso.

Son liñas ferroviarias convencionais as que, estando integradas na Rede Ferroviaria de Interese Xeral, non reúnen as características propias das liñas ferroviarias de alta velocidade.

5. De conformidade co artigo 24.3 da Lei do sector ferroviario, considéranse de dominio público todas as liñas, os terreos ocupados por elas e as instalacións que existan ou se constrúan integramente na zona de dominio público.

Artigo 4. *A Rede Ferroviaria de Interese Xeral.*

1. A Rede Ferroviaria de Interese Xeral está integrada polas infraestruturas ferroviarias que resulten esenciais para garantir un sistema común de transporte ferroviario en todo o territorio do Estado, ou cuxa administración conxunta resulte necesaria para o correcto funcionamento de tal sistema común de transporte, como as vinculadas aos itinerarios de tráfico internacional, as que enlacen as distintas comunidades autónomas e as súas conexións e accesos aos principais núcleos de poboación e de transporte ou as instalacións esenciais para a economía ou a defensa nacional.

2. A Rede Ferroviaria de Interese Xeral comporase, no momento de entrada en vigor da Lei do sector ferroviario, de todas as infraestruturas ferroviarias que nesa data estean sendo administradas por RENFE ou cuxa administración lle fose encomendada ao xestor de Infraestruturas Ferroviarias ou exerza a autoridade portuaria correspondente nos portos de interese xeral. Igualmente, e conforme o previsto na disposición adicional novena da citada lei, a rede de largo métrico de titularidade do Estado e administrada por FEVE integrará a Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

3. O Ministerio de Fomento, conforme o disposto no artigo 4.2 da Lei do sector ferroviario e no artigo 5.1 deste regulamento poderá realizar a determinación concreta das liñas ferroviarias que integran a Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

Artigo 5. *Inclusión e exclusión da Rede Ferroviaria de Interese Xeral.*

1. Correspóndelle ao ministro de Fomento acordar, en cada momento, a inclusión, na Rede Ferroviaria de Interese Xeral, de novas infraestruturas ferroviarias cando razóns de interese xeral así o xustifiquen, logo de informe das comunidades autónomas afectadas. O acto formal de aprobación do estudo informativo polo Ministerio de Fomento, realizado conforme o previsto no artigo 5 da Lei do sector ferroviario e no artigo 10 deste regulamento, e logo do cumprimento do previsto neste artigo, determinará, en todo caso, a inclusión da liña o do tramo da rede correspondente na Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

O informe das comunidades autónomas afectadas deberá ser emitido nun prazo dun mes. Transcorrido o devandito prazo sen se ter emitido o informe solicitado, entenderase producida a conformidade da comunidade autónoma coa inclusión das infraestruturas ferroviarias de que se trate na Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

Se a infraestructura ferroviaria que se pretenda incluír na Rede Ferroviaria de Interese Xeral discorrese, integramente, polo territorio dunha soa comunidade autónoma e sen conexión co resto da rede o fose de titularidade dela, será necesario para tal inclusión o seu consentimento previo.

2. O ministro de Fomento poderá excluír, logo de informe das comunidades autónomas afectadas, unha determinada infraestructura ferroviaria da Rede Ferroviaria de Interese Xeral sempre que desaparecesen os motivos de interese xeral que xustificaron a súa inclusión naquela. Este informe deberá ser emitido no prazo de trinta días e nel as comunidades autónomas farán constar, de ser o caso, o interese en que lles sexa transferida a correspondente infraestructura. Transcorrido o devandito prazo sen se ter emitido o informe solicitado, entenderase producida a conformidade da comunidade autónoma coa exclusión das infraestructuras ferroviarias de que se trate da Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

3. O expediente de traspaso promoverase, logo de consentimento da correspondente comunidade autónoma, por instancia desta ou do Ministerio de Fomento e, tras a súa tramitación pola Dirección Xeral de Ferrocarrís, será resolto polo Consello de Ministros.

O cambio de titularidade dunha liña ou dun tramo de liña ferroviaria, cuxo traspaso tivese sido acordado conforme o disposto no parágrafo anterior, formalizarase mediante a correspondente acta de entrega, subscrita polas administracións interesadas, na cal se definirán con precisión os límites da liña ou tramo afectado.

O traspaso incluír á todos os bens e instalacións necesarios para a súa explotación e suporá a modificación da Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

Artigo 6. *Clausura de liñas ou tramos da infraestructura ferroviaria.*

1. Cando o resultado económico da explotación dunha liña ferroviaria sexa altamente deficitario, o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Fomento, poderá acordar a súa clausura.

2. En todo caso, con carácter previo á adopción do acordo de clausura da liña ferroviaria ou dun tramo de liña, nos termos previstos no artigo 11 da Lei do sector ferroviario, o Ministerio de Fomento deberá acordar a súa exclusión da Rede Ferroviaria de Interese Xeral conforme o previsto no artigo anterior.

Así mesmo, deberá poñelo en coñecemento das comunidades autónomas ou entidades locais que puidesen resultar afectadas e ofrecerá o traspaso da liña ferroviaria ou do tramo obxecto de clausura ás comunidades autónomas por cuxo territorio transcorran, sempre

que estas asuman o financiamento necesario para a súa administración e se comprometan a manter a prestación do servizo ferroviario na devandita liña ou tramo dela durante os cinco anos seguintes á data en que se efectúe o traspaso.

3. Se as comunidades autónomas ou entidades locais asumisen o financiamento para a administración da liña ferroviaria ou do tramo de liña, comprometéndose a manter a prestación do servizo ferroviario durante o prazo establecido no punto anterior, poderá, de ser o caso, acordarse o seu traspaso á comunidade autónoma correspondente conforme o previsto no artigo 5.3 deste regulamento.

4. Se, no prazo de dous meses, as comunidades autónomas ou entidades locais non asumisen o financiamento para a administración da liña ferroviaria ou do tramo de liña ou non manifestasen a súa vontade de manter a liña en servizo, o Consello de Ministros acordará a súa clausura.

CAPÍTULO II

Planificación, proxecto e construción das infraestruturas ferroviarias integrantes da rede ferroviaria de interese xeral

SECCIÓN I. PLANIFICACIÓN E ESTABLECEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS

Artigo 7. *Principios xerais.*

1. De conformidade co disposto no artigo 5 da Lei do sector ferroviario, corresponde ao Ministerio de Fomento, oídas as comunidades autónomas afectadas, a planificación das infraestruturas ferroviarias integrantes da Rede Ferroviaria de Interese Xeral e o establecemento ou a modificación das liñas ferroviarias ou de tramos delas. Así mesmo, observaranse as normas que aquel determine respecto do establecemento ou a modificación doutros elementos que deban formar parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

2. Para o establecemento ou a modificación dunha liña ou tramo integrante da Rede Ferroviaria de Interese Xeral, será precisa a aprobación polo Ministerio de Fomento dun estudo informativo, conforme o previsto no artigo 5 da Lei do sector ferroviario e neste regulamento.

O estudo informativo é aquel que comprende a análise e a definición, en aspectos tanto xeográficos como funcionais, das opcións de trazado dunha actuación determinada e, de ser o caso, da selección da alternativa máis recomendable como solución proposta. Así mesmo, incluírá o estudo de impacto ambiental das opcións presentadas e constituirá o documento básico para efectos da correspondente avaliación ambiental prevista na lexislación ambiental.

A aprobación do estudo informativo determinará a inclusión da liña ou tramo da rede a que se refira na Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

Artigo 8. Resolución de establecemento ou modificación de liñas ferroviarias.

1. A resolución do Ministerio de Fomento que acorde o establecemento ou, de ser o caso, a modificación das liñas ferroviarias ou tramos delas determinará se a aprobación e execución dos seus proxectos básicos e de construción corresponde ao Ministerio de Fomento ou ao administrador de infraestruturas ferroviarias. O contido da devandita resolución poderase incorporar ao da que aprobe o correspondente estudo informativo.

Enténdese por proxecto de construción aquel que establece o desenvolvemento completo da solución

adoptada para unha determinada infraestrutura ferroviaria, co detalle necesario para facer factible a súa construción e posterior explotación.

Enténdese por proxecto básico aquel que define, con suficiente detalle e concreción, os aspectos xeométricos da infraestrutura ferroviaria de xeito que quede claramente definido o trazado proxectado, así como os bens e dereitos afectados.

2. No suposto de que a resolución a que se refire o punto anterior determine que a aprobación dos proxectos básicos e de construción a realice o administrador de infraestruturas ferroviarias, corresponderánlle a este, igualmente, as facultades de supervisión e replanteo dos referidos proxectos e, de ser o caso, a de certificación do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

3. No suposto de que a referida resolución determine que a execución das obras de construción de liñas ferroviarias integrantes da Rede Ferroviaria de Interese Xeral ou de tramos delas debe ser realizada polo Ministerio de Fomento, este poderalle encomendar ao administrador de infraestruturas ferroviarias a execución das devanditas obras con cargo aos recursos do Estado ou de terceiros, conforme o correspondente convenio.

4. Cando, en virtude da resolución a que se refire o punto 1, lle corresponda ao administrador de infraestruturas ferroviarias a execución das obras de construción de liñas ferroviarias integrantes da Rede Ferroviaria de Interese Xeral ou de tramos delas, este deberá acometer a construción cos seus propios recursos, no marco orzamentario autorizado, para estes efectos, polo ministro de Economía e Facenda.

SECCIÓN II. O ESTUDO INFORMATIVO

Artigo 9. *Contido do estudo informativo.*

1. O estudo informativo será elaborado pola Dirección Xeral de Ferrocarrís, constará da memoria cos seus anexos e planos e comprenderá:

a) O obxecto do estudo e a exposición das circunstancias que xustifiquen o interese xeral das liñas ou os tramos da infraestrutura ferroviaria e a concepción global do seu trazado.

b) As características técnicas que deban reunir a vía e as instalacións, en cada tramo da liña proxectada.

c) A análise e a definición, en liñas xerais e en aspectos tanto xeográficos como funcionais, de todas as opcións de trazado estudadas, e, de ser o caso, a situación das estacións e das zonas de servizo ferroviario.

d) O estudo de impacto ambiental das diferentes opcións, nos supostos en que sexa preceptivo o procedemento de avaliación de impacto ambiental, constituíndo o estudo informativo, neste caso, o documento básico para efectos da correspondente avaliación ambiental prevista na lexislación do mesmo carácter. Nos restantes casos, unha análise ambiental das alternativas e as correspondentes medidas correctoras e protectoras necesarias.

e) A análise das vantaxes, os inconvenientes e os custos de cada unha das opcións e a súa repercusión na satisfacción da demanda de transporte e na ordenación territorial e urbanística.

f) A selección, de ser o caso, da opción máis recomendable, debidamente xustificada.

2. Non será preceptiva a redacción dun estudo informativo cando se trate de obras de reposición, de conservación, de acondicionamentos de trazado, de alargamentos de plataforma ou de desdobrementos de vía sobre ela e, en xeral, daquelas que non supoñan unha modificación substancial do trazado das liñas existentes.

Artigo 10. *Tramitación e aprobación do estudo informativo.*

1. A tramitación do estudo informativo suxeitarase ao establecido no artigo 5 da Lei do sector ferroviario.

2. O estudo informativo, con carácter previo ao inicio da súa tramitación, será obxecto de aprobación provisional pola Dirección Xeral de Ferrocarrís. A aprobación provisional implicará a declaración de que o devandito estudo está ben redactado e cumpre todos os requisitos e prescricións legais e regulamentarias para permitir practicar a información pública correspondente, antes da súa aprobación definitiva.

Cando se empregue o termo «aprobación» sen especificación ningunha, entenderase que se trata da aprobación definitiva, salvo que do contexto en que se empregue o termo se deduza claramente o contrario.

3. O Ministerio de Fomento remitirá o estudo informativo correspondente ás comunidades autónomas e entidades locais afectadas, co obxecto de que, durante o prazo dun mes, examinen se o proposto é o máis adecuado para o interese xeral e para os intereses que representan. Transcorrido o devandito prazo sen que as devanditas administracións públicas informen ao respecto, entenderase que están conformes co seu contido.

No caso de novas liñas ferroviarias, de tramos destas ou doutros elementos da infraestrutura ferroviaria non incluídos no planeamento urbanístico vixente dos núcleos de poboación a que afecten, respecto dos cales os informes anteriormente citados manifestasen desconformidade, que deberá ser necesariamente motivada, o expediente será elevado ao Consello de Ministros, que decidirá se procede ou non executar o proxecto e, en caso afirmativo, ordenará a modificación ou revisión do planeamento urbanístico afectado, que se deberá acomodar ás determinacións do proxecto no prazo dun ano.

4. Así mesmo, o Ministerio de Fomento someterá a informe doutros departamentos ministeriais os estudos informativos de infraestruturas ferroviarias que afecten o seu ámbito de competencia.

Os ministerios de Defensa e de Fomento adoptarán, conxuntamente, as medidas oportunas sobre o trazado e as condicións para satisfacer as necesidades da Defensa Nacional, determinando os medios para o seu financiamento.

5. Con independencia do previsto nos puntos anteriores, levarase a cabo, na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, un trámite de información pública durante un período de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte hábil ao da publicación, no *Boletín Oficial del Estado*, do anuncio correspondente. Durante o período de información pública poderase examinar o estudo informativo e presentar no lugar, que se indique no citado anuncio as alegacións oportunas, que deberán versar sobre a concepción global do trazado, na medida en que afecte o interese xeral.

Para os efectos anteriores, remitirase ás entidades locais, para a súa exposición ao público, a parte do estudo informativo que recolla aquilo que os afecte.

6. Sen prexuízo de que o previsto neste precepto afecta a tramitación procedente para a aprobación do estudo informativo, en caso de que, sendo necesario este estudo, as circunstancias concorrentes aconsellen que a súa función se asuma por un proxecto de construción ou un proxecto básico, este someterase a idéntica tramitación e co mesmo réxime xurídico que se dun estudo informativo se tratase.

7. O Ministerio de Fomento, no prazo de dous meses a partir da expiración do prazo concedido para a informa-

ción pública, emitirá un informe en que se considerarán todos os escritos presentados durante esta e propondrá a resolución do expediente.

8. Se, con anterioridade á proposta de resolución de aprobación do estudo informativo, se introduciron nel modificacións esenciais que afecten o interese xeral e que fagan aconsellable o seu coñecemento público, someterase de novo aos trámites de información previstos nos anteriores puntos 3, 4 e 5.

9. Unha vez concluídos os prazos de audiencia e información pública, o Ministerio de Fomento remitirá o expediente completo, que incluírá o estudo informativo e o resultado dos referidos trámites de audiencia e información pública, ao Ministerio de Medio Ambiente para os efectos previstos na lexislación ambiental.

10. Completada a tramitación prevista no punto anterior, corresponderá ao Ministerio de Fomento o acto formal de aprobación do estudo informativo que determinará a inclusión da liña ou do tramo da rede a que este se refira, na Rede Ferroviaria de Interese Xeral, de conformidade co establecido no artigo 4.2 da Lei do sector ferroviario.

A resolución do expediente de información pública notificaráselles aos que interviñesen no trámite de información pública formulando observacións, e será publicada no *Boletín Oficial del Estado*. Cando exista un elevado número de alegacións cuxo contido sexa coincidente, a publicación da referida resolución abondará con que se realice no *Boletín Oficial del Estado*.

A aprobación do estudo informativo poderá confirmar ou modificar os termos recollidos no aprobado provisionalmente e incorporará a documentación e os planos que permitan a identificación da actuación que se vai realizar.

11. Con ocasión das revisións dos instrumentos de planeamento urbanístico, ou nos casos en que se aprobe un tipo de instrumento distinto ao anteriormente vixente, incluíranse as novas liñas ferroviarias ou tramos destas contidos nos estudos informativos aprobados con anterioridade.

SECCIÓN III. PROXECCIÓN E CONSTRUCCIÓN DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS INTEGRANTES DA REDE FERROVIARIA DE INTERESE XERAL

Artigo 11. *Contido do proxecto de construción.*

1. O proxecto de construción deberá conter, coa precisión necesaria, os datos que permitan executar as obras sen a intervención do seu autor ou dos seus autores.

2. O proxecto de construción constará dos seguintes documentos:

a) Unha memoria descritiva que exprese as necesidades que hai que satisfacer, a xustificación da solución proxectada, as características da liña ferroviaria e dos seus elementos funcionais e da súa explotación, as obras singulares, as instalacións de seguridade e as comunicacións, a electrificación, os accesos a estacións, as zonas de servizo ferroviario e as consideracións sobre o ambiente e o territorio afectado.

b) Os anexos á memoria incluírán o conxunto de datos, cálculos e estudos realizados para a elaboración do proxecto. Estes desenvolverán os aspectos seguintes:

- (i) Os antecedentes do proxecto.
- (ii) A cartografía e topografía que incluírá as referencias en que se deberá fundamentar o replanteo da obra.
- (iii) A xeoloxía e a xeotecnia.
- (iv) A climatoloxía, a hidroloxía e a drenaxe.
- (v) O trazado.
- (vi) O estudo de xacigos, procedencia de materiais e vertedoiros.

(vii) A adecuación do proxecto á declaración de impacto ambiental, nos casos en que sexa preceptiva, e, en particular, a concreción das medidas correctoras e protectoras derivadas da análise ambiental.

(viii) As obras de infraestruturas que incluírán o movemento de terras e a definición da plataforma.

(ix) A superestrutura da vía.

(x) As estruturas.

(xi) Os túneles e as estacións, que incluírá a definición das súas condicións de explotación, compatibles co proxecto e o estudo de riscos coas medidas que se deban adoptar e instalacións necesarias.

(xii) As situacións provisionais, que incluírán a relación das medidas para garantir, de ser o caso, a seguridade das circulacións ferroviarias e do tráfico por estradas nos tramos afectados durante a execución das obras.

(xiii) A electrificación, que incluírá as condicións para a toma de corrente para a transformación, transporte e subministración de enerxía de tracción aos trens.

(xiv) As instalacións de seguridade, sinalización e comunicacións.

(xv) A adecuación ao planeamento territorial e urbanístico e ordenación dos accesos ás estacións ou zonas de servizo ferroviario.

(xvi) A documentación relativa á coordinación con outras administracións e entidades afectadas, incluíndo os informes emitidos e as actas das reunións celebradas.

(xvii) As expropiacións.

(xviii) Os servizos e servidumes afectados polas obras.

(xix) O plan de obra indicativo, valorado mensualmente.

(xx) A xustificación de prezos.

(xxi) O orzamento total do investimento, incluíndo expropiacións, modificacións de servizos e asistencia técnicas realizadas ou necesarias.

(xxii) As propostas de fórmula de revisión de prezos e de clasificación do contratista.

(xxiii) O estudo ou, de ser o caso, o estudo básico de seguridade e saúde nas obras, que incluírán planos de situación, indicando os riscos que se identificasen en cada unidade de obra e as medidas que se deben tomar. Así mesmo, conterá un plano onde se definan os camiños de evacuación en caso de accidente e os centros de asistencia médica próximos. O orzamento conterá as medicións das unidades e elementos de seguridade proxectados, un cadro de prezos unitarios e o orzamento resultante de aplicar os devanditos prezos ás medicións anteriores. O estudo terá en conta os riscos derivados do tráfico, incluído o interno da obra, de acordo co plan marco, se se coñece no momento de redacción do proxecto.

c) Os planos que describan todos e cada un dos elementos do proxecto e do seu proceso construtivo de modo que permitan deducir a medición deles.

d) O prego de prescricións técnicas particulares, en que se describan detalladamente as actuacións que se van realizar e se fixen as características dos materiais e das unidades de obra e a forma de execución, medición, aboamento e control de calidade destas.

e) Os orzamentos, con medicións detalladas, cadros de prezos, orzamentos xerais e, de ser o caso, parciais.

f) Calquera outro documento que, en atención ao especial carácter das obras, se considere necesario.

3. Dependendo do tipo de proxecto de construción, o órgano competente para a súa aprobación poderá suprimir, motivadamente, algún dos documentos ou anexos expresados no punto anterior ou reducir a súa extensión ou condicións, sempre que se garanta a definición, execución e valoración das obras.

Artigo 12. *Contido do proxecto básico.*

1. O proxecto básico constará dos seguintes documentos:

a) A memoria, en que se describa e xustifique a solución adoptada.

b) Os anexos á memoria, en que se incluírán todos os datos que identifiquen o trazado, ou ocupación en planta e volumetría, da infraestrutura ferroviaria, as características elixidas e, de ser o caso, a reposición de servidumes e servizos afectados. Entre os anexos figurarán os documentos necesarios para promover as autorizacións administrativas previas á execución das obras e a relación, definición e valoración concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados, coa descrición material deles no plano parcelario e das servidumes que se van constituir, de ser o caso, que permita iniciar o trámite expropiatorio para a adquisición dos terreos necesarios.

c) Os planos en que se determine o terreo que vai ocupar a liña ou o tramo de liña ferroviaria e os seus elementos funcionais, incluídos os sistemas xerais ferroviarios.

d) Estimación do custo das obras.

2. No caso de que as circunstancias concorrentes o aconsellen e, en particular, se o proxecto básico ou o de construción contivesen modificacións respecto do seu correspondente estudo informativo, de relevancia tal que aconsellasen o seu coñecemento público, poderase outorgar, no seu procedemento de elaboración, un trámite de información pública, conforme as mesmas regras previstas no artigo 10 para o estudo informativo, no cal as observacións só poderán versar sobre as referidas modificacións.

Artigo 13. *Aprobación dos proxectos. Expropiación.*

1. A aprobación, polo Ministerio de Fomento ou polo administrador de infraestruturas ferroviarias, do correspondente proxecto básico ou do de construción de liñas ferroviarias, dos seus tramos ou doutros elementos da infraestrutura ferroviaria ou da modificación das preexistentes que requira a utilización de novos terreos, suporá a declaración de utilidade pública ou interese social, a necesidade da ocupación e da declaración da súa urxencia, para efectos da expropiación forzosa daqueles en que se deba construír a liña, o tramo ou o elemento da infraestrutura ferroviaria ou que sexan necesarios para modificar as preexistentes, segundo o previsto na lexislación expropiatoria.

2. A declaración de utilidade pública ou interese social e a necesidade de ocupación referiranse tamén aos bens e dereitos comprendidos no replanteo do proxecto e nas modificacións de obras que se poidan aprobar posteriormente.

3. Para os efectos indicados nos puntos precedentes, os proxectos de liñas ferroviarias, dos seus tramos ou doutros elementos das infraestruturas ferroviarias e as súas modificacións deberán comprender a definición do trazado e a determinación dos terreos, construcións ou outros bens ou dereitos que se considere preciso ocupar ou adquirir para a construción, defensa ou servizo daquelas e a seguridade da circulación.

4. Cando lle corresponda ao administrador de infraestruturas ferroviarias a construción, con recursos propios ou obtidos a través do correspondente convenio, das infraestruturas ferroviarias, a potestade expropiatoria será exercida pola Administración xeral do Estado e o beneficiario da expropiación será o propio administrador de infraestruturas ferroviarias que aboará o prezo xusto das expropiacións. En todo caso, o beneficiario da expro-

piación terá os dereitos e obrigas previstos na Lei do 16 de decembro de 1954 de expropiación forzosa.

A acta de ocupación que se expedirá a continuación do pagamento, acompañada dos seus xustificantes, será título bastante para que no Rexistro da Propiedade e nos demais rexistros públicos se inscriba ou tome razón da transmisión de dominio e se verifique, de ser o caso, a cancelación das cargas, gravames e dereitos reais de toda clase a que estiver afectada a cousa expropiada.

A acta de ocupación, acompañada do xustificante da consignación do prezo o do correspondente xustificante de depósito, producirá iguais efectos. Os devanditos documentos serán tamén títulos de inmatriculación no Rexistro da Propiedade.

Artigo 14. *Construción de infraestruturas ferroviarias.*

1. A construción de infraestruturas ferroviarias levase a cabo conforme dispoña a resolución do Ministerio de Fomento a que se refire o artigo 8.

2. Cando lle corresponda ao administrador de infraestruturas ferroviarias a construción de infraestruturas ferroviarias, este actuará de acordo co establecido nos artigos 6 e 22 da Lei do sector ferroviario e no seu propio estatuto.

A dirección, o control, a vixilancia e a inspección dos traballos e obras de construción das infraestruturas ferroviarias integradas na Rede Ferroviaria de Interese Xeral, cando esta e a súa explotación fosen encomendadas ao administrador de infraestruturas ferroviarias, corresponderánlle a este, sen prexuízo da capacidade de inspección que lle corresponde á Dirección Xeral de Ferrocarrís.

3. Cando, en virtude do establecido no artigo 6.1 da Lei do sector ferroviario e no artigo 8 deste regulamento, o Ministerio de Fomento reservase para si a construción de determinadas infraestruturas ferroviarias, a Dirección Xeral de Ferrocarrís exercerá as funcións relacionadas no punto anterior.

Artigo 15. *Normas e instrucións técnicas.*

1. Sen prexuízo dos regulamentos técnicos de ámbito xeral que sexan de aplicación, o ministro de Fomento, por proposta da Dirección Xeral de Ferrocarrís e logo de informe do administrador de infraestruturas ferroviarias, aprobará as normas e instrucións que rexan os proxectos básicos ou de construción das infraestruturas ferroviarias e aquelas ás cales se deban suxeitar os traballos e obras de construción delas.

Todas as infraestruturas ferroviarias de nova construción abertas ao uso de viaxeiros deberán cumprir, en todo caso, as normas relativas á utilización delas por persoas con discapacidade ou mobilidade reducida e as de protección civil.

2. As normas e instrucións publicaranse no Boletín Oficial del Estado e deberán ser revisadas periodicamente para a súa actualización permanente, co fin de adaptalas aos avances tecnolóxicos, ás prescricións dos tratados internacionais celebrados por España e ás previsións de futuro sobre o desenvolvemento do modo ferroviario.

Artigo 16. *Autorización de posta en servizo.*

1. Antes da posta en servizo de liñas ferroviarias, dos seus tramos e das estacións ou terminais pertencentes á Rede Ferroviaria de Interese Xeral, calquera que fose o procedemento de construción, será necesario contar cunha autorización do Ministerio de Fomento na cal se declare que a liña ferroviaria ou o tramo correspondente poden entrar en servizo, ao cumprir coas condicións de seguridade exixidas pola normativa aplicable.

Tal autorización será outorgada polo director xeral de Ferrocarrís, á vista do informe de adecuación das obras á normativa técnica aplicable, emitido polo persoal encargado da súa execución e supervisión, da certificación, polo administrador de infraestruturas ferroviarias ou ente facultado para o efecto, do cumprimento das condicións exixibles en materia de seguridade na explotación ferroviaria, e da recepción da documentación acreditativa do cumprimento, en debida forma, da execución do plan de probas que estableza o administrador de infraestruturas ferroviarias ou, de ser o caso, a Dirección Xeral de Ferrocarrís.

2. Respecto da apertura ao tránsito ferroviario do resto dos elementos que integran a infraestrutura, o administrador de infraestruturas ferroviarias cumprirá as regras que determine o Ministerio de Fomento.

SECCIÓN IV. COORDINACIÓN CO PLANEAMENTO URBANÍSTICO

Artigo 17. *Incidencia das infraestruturas ferroviarias no planeamento urbanístico.*

1. Os plans xerais e demais instrumentos xerais de ordenación urbanística cualificarán os terreos ocupados polas infraestruturas ferroviarias que formen parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral como sistema xeral ferroviario ou equivalente, e non incluírán determinacións que impidan ou perturben o exercicio das competencias atribuídas ao Ministerio de Fomento e ao administrador de infraestruturas ferroviarias.

2. De conformidade co artigo 7 da Lei do sector ferroviario, as obras de construción, reparación ou conservación de liñas ferroviarias, de tramos delas ou doutros elementos da infraestrutura terán a consideración de obras de interese xeral e os seus proxectos serán, previamente á súa aprobación, comunicados á Administración urbanística competente, para efectos de que comprobe, de ser o caso, a súa adecuación ao correspondente estudo informativo e emita o oportuno informe, que se entenderá favorable se transcorre un mes desde a presentación da oportuna documentación sen que se tivese remitido.

As devanditas obras non estarán sometidas ao control preventivo municipal a que se refire o artigo 84.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

SECCIÓN V. PASOS A NIVEL

Artigo 18. *Réxime aplicable.*

1. Os cruzamentos de estradas ou outras vías de comunicación con liñas férreas que se produzan polo establecemento ou a modificación de calquera delas deberán, en todo caso, realizarse a distinto nivel. Unicamente con carácter excepcional e por causas absolutamente xustificadas, poderá autorizar a Dirección Xeral de Ferrocarrís o establecemento provisional, polo tempo estritamente necesario, de novos pasos a nivel, que deberán estar protexidos conforme o disposto no punto 6 deste artigo.

Os pasos a nivel existentes, así como os provisionais que se constrúan con carácter excepcional e por causas xustificadas, suxeitaranse ao establecido no artigo 8 da Lei do sector ferroviario e neste regulamento.

2. O Ministerio de Fomento, directamente ou a través do administrador de infraestrutura ferroviaria, e co obxecto de preservar e mellorar a seguridade dos usuarios das estradas e camiños e do ferrocarril, poderá realizar a reordenación de pasos a nivel así como a dos seus accesos, tanto de titularidade pública como privada, garantindo neste último caso o acceso aos predios afectados mediante a concentración daqueles e, de ser o caso, supresión dos que non resulten estritamente imprescindibles.

A aprobación administrativa dos proxectos de construción de cruzamentos a distinto nivel e os dos obras necesarios para a reordenación, concentración e mellora dos pasos a nivel e dos seus accesos, incluída a mellora da súa visibilidade, levará anexa a declaración de utilidade pública e a urxencia da ocupación para efectos da expropiación dos terreos que puidesen ser necesarios con motivo das devanditas actuacións.

Para a aprobación dos citados proxectos, non será necesaria a existencia do trámite de información pública cando as actuacións que se deban levar a cabo non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade da liña afectada.

As referidas obras, de conformidade co artigo 8.4 da Lei do sector ferroviario, non están sometidas aos actos de control preventivo municipal a que se refire o artigo 84.1.b) da Lei 7/1985 e teñen o carácter de obras de conservación, mantemento e reposición de instalacións ferroviarias.

Non obstante, os proxectos de novas construcións deberanse someter a informe da Administración urbanística competente, que se entenderá favorable se non se emitiese expresamente no prazo dun mes desde a recepción da documentación.

3. Cando, de conformidade co previsto neste artigo, se deba realizar calquera actuación ferroviaria que afecte as condicións técnicas de vialidade das estradas con que o ferrocarril se cruce, deberase solicitar informe do organismo competente sobre aquela, co fin de que este determine as condicións técnicas que xulgue precisas para realizar as obras correspondentes. O informe solicitado deberá ser emitido no prazo dun mes desde a recepción da documentación e entenderase emitido favorablemente se non se expediu de forma expresa. Reciprocamente, o organismo ou entidade que teña ao seu cargo a infraestrutura ferroviaria deberá emitir informe, que será vinculante, no cal se establezan as condicións técnicas que considere necesarias en todas aquelas obras de estrada que afecten as condicións da infraestrutura ferroviaria.

4. Os pasos a nivel particulares existentes, establecidos para o servizo de determinadas predios ou de explotacións de calquera clase, rexeranse polas condicións fixadas na correspondente autorización, outorgada pola Dirección Xeral de Ferrocarrís, que poderá delegar esta facultade no administrador de infraestruturas ferroviarias. Quedará prohibida a utilización do paso por persoas distintas ou para tráfico ou fins diferentes dos comprendidos na súa autorización.

O Ministerio de Fomento poderá, de oficio ou por proposta das administracións públicas competentes en materia de estradas ou do administrador de infraestruturas ferroviarias, acordar a clausura dos pasos a nivel particulares cando os seus titulares non respecten as condicións da autorización, cando non atendan debidamente á súa conservación, protección e sinalización ou cando o cruzamento da vía se poida realizar por outros pasos próximos, a igual ou en distinto nivel.

Así mesmo, o Ministerio de Fomento, de oficio ou por proposta do administrador de infraestruturas ferroviarias, poderá modificar as condicións da autorización outorgada para o establecemento do correspondente paso a nivel ou impor novas exixencias de seguridade ou de paso, cando as circunstancias do camiño ou do cruzamento variasen desde a data do outorgamento daquela.

5. O Ministerio de Fomento e as administracións públicas con competencia en materia de estradas procederán, segundo o permitan as disponibilidades orzamentarias e conforme os convenios que, de ser o caso, se puidesen celebrar, á supresión dos pasos a nivel existentes e, de ser o caso, á súa substitución por cruzamentos a distinto nivel, cando das características deles se desprenda que a supresión resulta necesaria ou conveniente. En todo caso, procederase, con carácter prioritario, á

supresión dos pasos a nivel que se encontren situados en liñas nas cales se circule a velocidade igual ou superior a 160 quilómetros por hora, así como daqueloutros en que o produto da intensidade media diaria de vehículos de estrada (A) pola circulación media diaria de trens (T) presente un valor igual ou superior a 1.500.

Para os efectos do disposto neste regulamento e nas súas normas complementarias, denomínase momento de circulación (AT) dun paso a nivel o indicador estatístico determinado polo produto da intensidade media diaria de circulación de vehículos polo tramo de estrada afectado polo paso (A) e do número de circulacións diarias de trens polo tramo de vía igualmente afectado (T).

6. O procedemento para a supresión de pasos a nivel ou, de ser o caso, para a reordenación deles establecerase na orde que para o efecto dite o ministro de Fomento, por proposta da Dirección Xeral de Ferrocarrís. Corresponderalle á devandita dirección xeral ditar as resolucións de supresión de pasos a nivel.

7. Os pasos a nivel que subsistan no momento da entrada en vigor deste regulamento, os provisionais que se puidesen establecer con carácter excepcional, e as interseccións de camiños ou vías de comunicación con liñas ferroviarias a que se refire o punto 6 do artigo 8 da Lei do sector ferroviario, deberán contar cos oportunos sistemas de seguridade e sinalización que garantan a seguridade da circulación. Para iso, o ministro de Fomento, por proposta da Dirección Xeral de Ferrocarrís e logo de informe do Ministerio de Interior, establecerá as regras polas que se rexerán as distintas clases de protección, que terán en conta as características da circulación e a visibilidade dos pasos a nivel e, de ser o caso, calquera outra circunstancia destes susceptible de afectar a seguridade no cruzamento.

8. Mediante orde do ministro de Fomento, ditada por proposta da Dirección Xeral de Ferrocarrís, regularanse a sinalización e protección que garantan a seguridade dos pasos a nivel e a forma de distribuír os custos das obras necesarias para a súa supresión ou protección, durante o tempo en que permanezan abertos, ou para a reordenación dos accesos a eles, entre as administracións públicas e calquera outra persoa física ou xurídica interesada, sen prexuízo dos convenios que, para o efecto, se puidesen celebrar. Así mesmo, regularanse na devandita orde ministerial a sinalización e a protección das interseccións de camiños ou vías de comunicación con liñas ferroviarias cando, nos termos que establece o artigo 8.6 da Lei do sector ferroviario, estas se produzan dentro de zonas industriais ou portuarias ou nos seus accesos. Corresponderalle á Dirección Xeral de Ferrocarrís ditar as resolucións para a modificación da sinalización e protección de cada paso a nivel.

9. A supresión de pasos a nivel, a súa reordenación ou, de ser o caso, a instalación dos sistemas de protección destes, previstas nos puntos 2, 4, 5 e 7, será por conta dos organismos ou entidades que teñan ao seu cargo as estradas se o factor A do seu momento de circulación ten un valor igual ou superior a 250 e, por conta dos organismos ou entidades que teñan ao seu cargo a infraestrutura ferroviaria, se o factor T do seu momento de circulación é igual ou superior a 6. En caso de se dar simultaneamente ambos os supostos anteriores, o custo da obra repartirase por metades entre os referidos organismos ou entidades interesadas.

A supresión de pasos a nivel e a súa reordenación financiaranse con cargo ao orzamento do Ministerio de Fomento ou das entidades que teñan ao seu cargo a infraestrutura ferroviaria, cando sobre eles se establezan circulacións ferroviarias a velocidade igual ou superior a 160 quilómetros por hora.

Cando a supresión de pasos a nivel ou a adopción das medidas que, de ser o caso, resulten necesarias, se deban a modificacións ou melloras na estrada ou na vía férrea, o

custo das obras que se vaian realizar será por conta exclusiva do organismo ou entidade que teña ao seu cargo a infraestrutura cuxa modificación provoque a correspondente actuación sobre o paso a nivel.

O custo ocasionado polas obras de supresión ou protección dos pasos a nivel así como as de reordenación dos seus accesos, as de establecemento de novos cruzamentos a distinto nivel ou as de instalacións e melloras das súas necesarias proteccións en que non concorran ningunha das circunstancias anteriormente mencionadas, será por conta do organismo ou entidade que as promova.

O preceptuado nos parágrafos precedentes enténdese sen prexuízo de aplicar un réxime diferente cando así resulte dos convenios ou acordos que para o efecto puidesen concluír entre si as administracións competentes, os organismos ou entidades citados ou calquera outros que puidesen estar interesados na materia. Os devanditos convenios poderán, así mesmo, regular as achegas das partes no cerramento das liñas e instalacións ferroviarias en zona urbana e a súa conservación e vixilancia.

O órgano ou entidade que aprobe a reordenación dos pasos a nivel poderá establecer un réxime de financiamento do custo das obras necesarias que implique unha maior participación nel da súa parte, ou dos seus órganos ou entidades tuteladas, á cal lle correspondería por aplicación das regras xerais establecidas anteriormente.

10. As entidades que teñan ao seu cargo as infraestruturas ferroviarias manterán, debidamente actualizado, un inventario de todos os pasos a nivel, tanto de titularidade pública como privada, existentes nas liñas ferroviarias que administren.

SECCIÓN VI. ZONAS DE SERVIZO FERROVIARIO

Artigo 19. *Definición das zonas de servizo ferroviario.*

1. O Ministerio de Fomento poderá delimitar, de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei do sector ferroviario, especialmente en ámbitos vinculados a estacións ou terminais de carga, zonas de servizo ferroviario que incluírán os terreos necesarios para a execución de infraestruturas ferroviarias e para a realización das actividades propias do administrador de infraestruturas ferroviarias, os destinados a tarefas complementarias daquelas e os espazos de reserva que garantan o desenvolvemento do servizo ferroviario.

2. O establecemento da zona de servizo levarase a cabo mediante un proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios, que incluírá as actividades que se prevé desenvolver nas diversas áreas e a expresión da súa xustificación ou conveniencia. O proxecto será elaborado polo administrador de infraestruturas ferroviarias e aprobado polo ministro de Fomento.

3. No suposto de que o establecemento dunha zona de servizo fose de interese xeral para o sistema portuario, o ente público Portos do Estado terá capacidade para lle propor ao ministro de Fomento o devandito establecemento, e coordinará ás diferentes autoridades portuarias dos portos de interese xeral dos cales deberán provir os tráxicos ferroviarios á devandita zona de servizo.

En tal caso, as condicións do acceso destas zonas de servizo á Rede Ferroviaria de Interese Xeral quedarán establecidas no correspondente convenio entre Portos do Estado e o administrador de infraestruturas ferroviarias.

Artigo 20. *Contido do proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios.*

1. O proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios deberá incluír, segundo proceda, o seguinte:

- a) A delimitación da zona de servizo ferroviario.
- b) Os servizos de control do tráfico ferroviario.
- c) As infraestruturas para o movemento do material móbil e, de ser o caso, a formación de trens.
- d) As zonas de actividade ferroviaria coas súas edificacións e instalacións para o servizo dos trens.
- e) As edificacións e instalacións da estación ou terminais de carga que fosen necesarias para o movemento e tránsito dos viaxeiros e das mercadorías.
- f) As zonas de estacionamento e de acceso de persoas e vehículos.
- g) Os espazos para realizar as actividades de carácter industrial, comercial e de servizos compatibles co transporte ferroviario.
- h) As redes de servizos necesarios para o correcto funcionamento da infraestrutura ferroviaria.
- i) As vías de servizo do complexo ferroviario.
- j) Os accesos viarios á zona ferroviaria.
- k) Os sistemas de intercambio con outros modos de transporte.

2. O proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios poderá incluír, de ser o caso, as previsións necesarias para que aquelas autoridades públicas que deban realizar actividades ou prestar servizos, necesariamente, dentro do recinto ferroviario, contén cos espazos precisos para iso.

Artigo 21. *Documentación do proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios.*

O proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios conterá os seguintes documentos:

- a) A memoria, que incluírá un estudo dos antecedentes e da situación actual da zona de servizo de que se trate; as súas necesidades futuras derivadas da análise dos tráxicos de pasaxeiros e de mercadorías e da evolución previsible da demanda; a delimitación da zona de servizo, as actividades previstas para cada unha das áreas da zona de servizo de que se trate, coa xustificación da súa necesidade ou conveniencia, a análise da súa incidencia no contorno afectado, e a súa relación co planeamento urbanístico, os accesos a ela e o ámbito afectado polas servidumes ferroviarias.
- b) O plano xeral de situación da estación ou terminal de carga e das demais infraestruturas ferroviarias e os planos de cada unha das áreas en que se estrutura a zona de servizo ferroviaria, coas actividades previstas.
- c) A estimación dos custos, investimentos e outras condicións económicas para o desenvolvemento do proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios.

Artigo 22. *Procedemento de aprobación do proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios.*

1. Os proxectos de delimitación e utilización de espazos ferroviarios serán elaborados polo administrador de infraestruturas ferroviarias.

A aprobación dos proxectos de delimitación e utilización de espazos ferroviarios correspóndelle, mediante orde, ao ministro de Fomento.

2. As administracións públicas competentes en materia de ordenación do territorio e de urbanismo afectadas pola delimitación da zona de servizo emitirán informe sobre os proxectos de delimitación e utilización de espazos ferroviarios. Os informes, que deberán versar sobre asuntos da súa respectiva competencia, entenderanse favorables se, transcrido un mes desde a súa solicitude, non foron emitidos.

Antes da súa aprobación, os proxectos de delimitación e utilización de espazos ferroviarios serán, de ser o caso, remitidos aos departamentos ministeriais cuxas

competencias puidesen resultar afectadas polos devanditos proxectos, para que informen sobre as materias que afecten as súas competencias. Calquera destes informes se entenderá favorable se transcorre o prazo dun mes desde que sexan solicitados sen que fosen emitidos.

3. No suposto de que a delimitación da zona de servizo proposta no proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios inclúa bens patrimoniais ou de dominio público de titularidade do Estado afectos a finalidades distintas, solicitarase o informe do Ministerio de Economía e Facenda. Para estes efectos, a remisión do proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios suporá a iniciación do expediente de afectación ou de mutación demanial, que se tramitará e resolverá de conformidade co establecido pola lexislación reguladora do patrimonio das administracións públicas.

4. A orde ministerial que aprobe o proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios publicárase no *Boletín Oficial del Estado*.

A aprobación do proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios levará implícita a declaración de utilidade pública ou interese social, a necesidade de ocupación e a declaración de urxencia dela, para efectos expropiatorios, dos bens e dereitos necesarios para a súa implantación.

5. A modificación substancial do proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios, unha vez aprobado, requirirá o mesmo procedemento establecido nos puntos anteriores.

Artigo 23. *Consideración urbanística das zonas de servizo ferroviario.*

1. Os plans xerais e demais instrumentos xerais de ordenación urbanística cualificarán os terreos destinados a zonas de servizo ferroviario como sistema xeral ferroviario ou equivalente e non incluírán determinacións que impidan ou perturben o exercicio das competencias atribuídas ao administrador de infraestruturas ferroviarias.

2. O sistema xeral ferroviario referido ás zonas de servizo ferroviario establecido no oportuno proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios desenvolverase a través dun plan especial de ordenación da zona de servizo ferroviario ou instrumento equivalente, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei do sector ferroviario.

CAPÍTULO III

Limitacións á propiedade

SECCIÓN I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 24. *Conceptos básicos.*

1. Nas liñas ferroviarias que formen parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral establécense unha zona de dominio público, outra de protección e un límite de edificación. Tanto as referidas zonas como o límite de edificación rexeranse polo establecido na Lei do sector ferroviario, neste regulamento e nas disposicións que dite o ministro de Fomento en desenvolvemento deste último.

2. Onde se superpoñan as zonas de dominio público e as de protección, en función de que a súa medición se realice desde a vía ferroviaria xeral ou desde as vías desviadas, prevalecerá, en todo caso, a configuración da zona de dominio público sobre a de protección.

3. Onde, por ser moi ampla a proxección horizontal do noiro das explanacións, a liña límite de edificación quede dentro da zona de dominio público, a citada liña farase coincidir co bordo exterior da referida zona.

4. Onde as liñas límite de edificación se superpoñan, en función de que a súa medición se realice desde a vía

ferroviaria xeral ou desde as vías desviadas, prevalecerá, en todo caso, a máis afastada da vía ferroviaria.

SECCIÓN II. ZONA DE DOMINIO PÚBLICO

Artigo 25. *Normas particulares da zona de dominio público.*

1. A zona de dominio público comprende os terreos ocupados polas liñas ferroviarias que formen parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral e unha franxa de terreo de oito metros a cada lado da plataforma, medida en horizontal e perpendicularmente ao eixe dela, desde a aresta exterior da explanación.

Enténdese por explanación a superficie de terreo en que se modificou a topografía natural do solo e sobre a que se encontra a liña férrea, se dispoñen os seus elementos funcionais e se sitúan as súas instalacións, sendo a aresta exterior desta a intersección do noiro do desmonte, do terraplén ou, de ser o caso, dos muros de sostemento estremeiro co terreo natural.

Nos casos especiais de pontes, viadutos, estruturas ou obras similares, poderanse fixar como arestas exteriores da explanación as liñas de proxección vertical do bordo das obras sobre o terreo, sendo, en todo caso, de dominio público o terreo comprendido entre as referidas liñas.

Nos túneles, a determinación da zona de dominio público estenderase á superficie dos terreos sobre eles necesarios para asegurar a conservación e o mantemento da obra, de acordo coas características xeotécnicas do terreo, a súa altura sobre aqueles e a disposición dos seus elementos, tomando en conta circunstancias tales como a súa ventilación e os seus accesos.

Sempre que se asegure a conservación e o mantemento da obra, o planeamento urbanístico poderá diferenciar a cualificación urbanística do solo e o subsolo, outorgándolles, de ser o caso, aos terreos que se encontren na superficie cualificacións que os fagan susceptibles de aproveitamento urbanístico.

2. Na zona de dominio público, sen prexuízo do establecido no artigo 30, só se poderán realizar obras e instalacións, logo de autorización do administrador de infraestruturas ferroviarias, cando sexan necesarias para a prestación do servizo ferroviario ou cando a prestación dun servizo público ou dun servizo ou actividade de interese xeral así o requira. Excepcionalmente e por causas debidamente xustificadas, poderase autorizar o cruzamento da zona de dominio público, tanto aéreo como subterráneo, por obras e instalacións de interese privado.

Nas zonas urbanas, e logo de autorización do administrador de infraestruturas ferroviarias, poderanse realizar, dentro da zona de dominio público, obras de urbanización que melloren a integración do ferrocarril naquelas zonas.

En ningún caso se autorizarán obras ou instalacións que poidan afectar a seguridade da circulación ferroviaria, prexudiquen a infraestrutura ferroviaria ou impidan a súa adecuada explotación.

3. Nos supostos de ocupación da zona de dominio público ferroviario, o que a realizase estará obrigado á limpeza e recollida do material situado nos terreos ocupados ata o límite da citada zona de dominio público, logo de requirimento da Administración pública o do administrador de infraestruturas ferroviarias titular da liña. Se non se atender o requirimento dentro do prazo conferido, actuará de forma subsidiaria a citada Administración pública ou o administrador de infraestruturas ferroviarias titular da liña, mediante a realización dos necesarios labores de limpeza e recollida do material, quedando o ocupante dos terreos obrigado a resarcir os gastos en que se incorrese pola devandita actuación.

SECCIÓN III. ZONA DE PROTECCIÓN

Artigo 26. *Normas particulares da zona de protección.*

1. A zona de protección das liñas ferroviarias consiste nunha franxa de terreo a cada lado delas, delimitada interiormente pola zona de dominio público e, exteriormente, por dúas liñas paralelas situadas a setenta metros das arestas exteriores da explanación.

2. Na zona de protección non se poderán realizar obras nin se permitirán máis usos que aqueles que sexan compatibles coa seguridade do tráfico ferroviario, logo de autorización, en calquera caso, do administrador de infraestruturas ferroviarias. Este poderá utilizar ou autorizar a utilización da zona de protección por razóns de interese xeral ou cando o requira o mellor servizo da liña ferroviaria. En particular, poderao facer para cumprir calquera dos fins seguintes:

a) Conducir e canalizar augas que ocupen ou invadan a liña ferroviaria.

b) Depositar temporalmente, arredándoos da vía, obxectos ou materiais que se encontren sobre a plataforma da liña ferroviaria e constitúan perigo ou obstáculo para a circulación.

c) Estacionar temporalmente material móbil que non resulte apto para circular, por avaría ou outra causa.

d) Establecer conducións vinculadas a servizos de interese xeral, se no existisen alternativas ao trazado delas.

e) Almacenar temporalmente maquinaria, ferramentas e materiais destinados a obras de construción, reparación ou conservación da liña ferroviaria ou dos seus elementos funcionais e instalacións.

f) Aproveitar, para uso exclusivo do ferrocarril, recursos xeolóxicos, logo da obtención, de ser o caso, das autorizacións que correspondan.

g) Establecer temporalmente camiños de acceso a zonas concretas da liña ferroviaria que requiran as obras de construción, reparación ou conservación da liña e dos seus elementos funcionais e instalacións ou o auxilio en caso de incidencia ou accidente.

h) Acceder a puntos concretos da liña ferroviaria en caso de incidencia ou accidente.

i) Integrar, en zonas urbanas, o ferrocarril mediante obras de urbanización derivadas do desenvolvemento do planeamento urbanístico.

3. Poderanse realizar cultivos agrícolas na zona de protección, sen necesidade de autorización previa, sempre que se garanta a correcta evacuación das augas de rega e non se causen prexuízos á explanación, quedando prohibida a queima de restollos.

Nas construcións e instalacións xa existentes poderanse realizar, exclusivamente, obras de reparación e mellora, sempre que non supoñan aumento de volume da construción e sen que o incremento de valor que aquelas comporten poida ser tido en conta para efectos expropiatorios. En todo caso, tales obras requirirán a previa autorización do administrador de infraestruturas ferroviarias, o cal poderá establecer as condicións en que deban ser realizadas, sen prexuízo dos demais permisos ou autorizacións que puidesen resultar necesarios en función da normativa aplicable.

4. Na zona de protección ata a liña límite de edificación, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá solicitar do Ministerio de Fomento a expropiación de bens, que pasarán a ter a consideración de dominio público, entendéndose implícita a declaración de utilidade pública ou interese social e a necesidade da súa ocupación, sempre que se xustifique o seu interese para a idónea prestación dos servizos ferroviarios e para a seguridade da circulación.

5. Serán indemnizables a ocupación da zona de protección e os danos e prexuízos que se causen pola súa utilización, conforme o establecido na Lei de expropiación forzosa.

SECCIÓN IV. NORMAS COMÚNS ÁS ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO E DE PROTECCIÓN

Artigo 27. *Distancias.*

1. O Ministerio de Fomento, en función das características técnicas específicas da liña ferroviaria de que se trate e da tipoloxía do solo polo que discorra a devandita liña, poderá determinar, caso por caso, distancias inferiores ás establecidas nos artigos 25 e 26 para delimitar a zona de dominio público e a de protección.

2. No solo contiguo ao ocupado polas liñas ou infraestruturas ferroviarias e clasificado como urbano consolidado polo correspondente planeamento urbanístico, as distancias para a protección da infraestrutura ferroviaria serán de cinco metros para a zona de dominio público e de oito metros para a de protección, contados en todos os casos desde as arestas exteriores da explanación. As devanditas distancias poderán ser reducidas polo Ministerio de Fomento sempre que se acredite a necesidade da redución e non se ocasione prexuízo á regularidade, conservación e ao libre tránsito do ferrocarril sen que, en ningún caso, a correspondente á zona de dominio público poida ser inferior a dous metros.

Artigo 28. *Réxime das autorizacións.*

1. Para executar, nas zonas de dominio público e de protección da infraestrutura ferroviaria, calquera tipo de obras ou instalacións fixas ou provisionais, cambiar o destino delas ou o tipo de actividade que se pode realizar nelas e plantar ou cortar árbores requirirá a previa autorización do administrador de infraestruturas ferroviarias. O disposto neste punto enténdese sen prexuízo das competencias doutras administracións públicas.

2. As obras que se leven a cabo na zona de dominio público e na zona de protección que teñan por finalidade salvaguardar paisaxes ou construcións ou limitar o ruído que provoca o tránsito polas liñas ferroviarias, serán custeadas polos seus promotores.

Artigo 29. *Procedemento de outorgamento das autorizacións.*

1. A solicitude de autorización para realizar obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público e na zona de protección da infraestrutura ferroviaria será examinada polo administrador de infraestruturas ferroviarias. A devandita solicitude deberase axustar ao establecido no artigo 70.1 da Lei 30/1992 e cumprir os requisitos que se establecen neste regulamento. Se resultar incompleta a documentación achegada xunto coa solicitude, concederáselle ao interesado un prazo de dez días para completala.

Comprobada a actuación solicitada sobre o terreo e solicitados cando fosen necesarios os informes complementarios que se consideren pertinentes, o administrador de infraestruturas ferroviarias outorgará a autorización e establecerá as condicións do seu outorgamento, ou denegará de forma motivada. A denegación deberase fundar nas previsións dos plans ou proxectos de ampliación ou variación da liña ferroviaria nos dez anos posteriores ao acordo, en prexuízos evidentes para a seguridade do ferrocarril, ou ben en informes técnicos que poñan de manifesto que as obras que se pretende executar poidan afectar directa ou indirectamente a estabilidade da plataforma ou explanación.

Transcorridos tres meses desde a data de recepción da solicitude, sen que o administrador de infraestruturas ferroviarias adoptase e notificase expresamente a resolución, entenderase denegada a autorización.

2. En caso de que a solicitude de autorización pretendese a realización de obras ou instalacións na zona de dominio público para o establecemento dun servizo público ou de interese xeral, aquela deberá ir xunto cun proxecto de obras e instalacións e os documentos que acrediten a súa conformidade co planeamento urbanístico ou as autorizacións urbanísticas exixibles. En todo caso, deberase xustificar o interese xeral da necesidade da ocupación do dominio público que se solicita.

Se a solicitude ten por obxecto a utilización da zona de protección, xuntarase toda a documentación necesaria para a correcta localización e definición da actuación que se pretende realizar.

Artigo 30. *Medidas de protección.*

1. A autorización para realizar obras ou actividades nas zonas de dominio público e de protección poderá recoller as medidas de protección que, en cada caso, se consideren pertinentes para lles evitar danos e perdas á infraestructura ferroviaria, aos seus elementos funcionais, á seguridade da circulación, á adecuada explotación daquela e ao ambiente, así como á construción de cerramentos e o seu tipo.

2. En particular, observaranse as seguintes normas:

a) Plantacións de arboredo. Queda prohibida a plantación de arboredo en zona de dominio público, aínda que se poderá autorizar na zona de protección sempre que non prexudique a visibilidade da liña férrea e dos seus elementos funcionais, nin orixine inseguridade vial nos pasos a nivel. O administrador de infraestruturas ferroviarias poderá ordenar a súa corta, non obstante, se por razón do seu crecemento ou por outras causas o arboredo chegase a determinar unha perda de visibilidade da liña ferroviaria ou afectase a seguridade vial en pasos a nivel.

b) Cortas de arboredo. As cortas de arboredo autorizaranse, exclusivamente, na zona de protección e denegarase só cando a corta poida prexudicar a infraestructura ferroviaria por variar o curso das augas, por producir inestabilidade de noiros ou por outras causas que o xustifiquen.

c) Tendidos aéreos. Non se autorizará o establecemento de novas liñas eléctricas de alta tensión dentro da superficie afectada pola liña límite de edificación. As liñas eléctricas de baixa tensión, as telefónicas e as telegráficas poderanse autorizar na zona de protección sempre que a distancia do poste á aresta de pé de terraplén ou de desmonte non sexa inferior a vez e media a súa altura. Esta distancia mínima aplicaráselles tamén aos postes dos cruzamentos a distinto nivel con liñas eléctricas.

No caso de cruzamentos a distinto nivel con liñas eléctricas, o espazo libre fixado será suficiente para garantir, entre a liña ferroviaria, electrificada ou non, e a liña eléctrica con que se cruce, o cumprimento das condicións establecidas na regulamentación de liñas eléctricas de alta e baixa tensión.

As torres precisas para a prestación de servizos de telecomunicacións polas empresas habilitadas para iso poderán ser instaladas, logo de autorización do administrador de infraestruturas ferroviarias, dentro da zona de dominio público e de protección sempre que a distancia mínima entre a base da infraestructura e a aresta exterior da plataforma sexa superior a unha vez e media a altura daquelas.

d) Conducións subterráneas. Queda prohibida a súa construción na zona de dominio público salvo que, excepcionalmente e de forma xustificada, non existindo outra

solución técnica factible, se autoricen para a prestación dun servizo de interese xeral, como o atravesamento de poboacións. Así mesmo, cando non exista alternativa de trazado, poderanse autorizar na zona de protección, as conducións subterráneas correspondentes á prestación de servizos públicos de interese xeral e as vinculadas a estes, situándoas, en todo caso, o máis lonxe posible da liña ferroviaria.

e) Obras subterráneas. Dentro da zona de protección, non se autorizarán as obras que poidan prexudicar o seu ulterior aproveitamento para os fins a que está destinada.

f) Cruzamentos subterráneos. As obras correspondentes executaranse de forma que produzan as menores perturbacións posibles á circulación, deixarán a explanación e a vía nas súas condicións anteriores, e terán a debida resistencia, fixando, o administrador de infraestruturas ferroviarias, a cota mínima de resguardo entre a clave do paso subterráneo e a rasante da plataforma ferroviaria. Salvo xustificación suficiente, non se autorizarán cruzamentos a ceo descuberto na Rede Ferroviaria de Interese Xeral, debéndose efectuar o cruzamento mediante mina, túnel ou perforación mecánica subterránea. Tamén se poderán utilizar para o cruzamento as obras de paso ou desaugamento das liñas ferroviarias, sempre que se asegure o adecuado mantemento das súas condicións funcionais e estruturais.

g) Cerramentos. Na área delimitada pola zona de dominio público e a liña límite de edificación só se poderán autorizar cerramentos totalmente diáfanos sobre piquetes sen alicerce de fábrica. Os demais tipos de cerramentos só se autorizarán exteriormente á liña límite de edificación. A reconstrución de cerramentos existentes farase conforme as condicións que se imporían se fosen de nova construción, salvo as operacións de mera reparación e conservación.

Cando resulte necesario o recuamento de cerramentos por exixencias derivadas da construción de novas vías ou outros motivos de interese público, poderanse repor nas mesmas condicións existentes antes da formulación do proxecto de obra, en canto á súa estrutura e distancia á aresta exterior da explanación, garantíndose, en todo caso, que o cerramento se sitúa fóra da zona de dominio público e que non resultan minguadas as condicións de visibilidade e seguridade da circulación ferroviaria.

h) Urbanizacións e equipamentos públicos, como hospitais, centros deportivos docentes e culturais, colindantes coa infraestructura ferroviaria. Ademais de cumpriren as condicións que, en cada caso, sexan exixibles segundo as características da instalación, as edificacións deberán quedar sempre na zona de protección sen invadir a liña límite de edificación. Dentro da superficie afectada pola devandita liña non se autorizarán máis obras que as necesarias para a execución de vías, aparcadoiros, refuxios ou zonas axardinadas.

i) Instalacións industriais, agrícolas e gandeiras. Ademais das condicións que, en cada caso, sexan exixibles segundo as características da explotación, imporanse condicións específicas para evitar as molestias ou perigos que a instalación, ou as materias dela derivadas, poidan producir á circulación, así como para evitar prexuízos ao contorno ambiental da infraestructura ferroviaria.

Se os supostos previstos nos dous puntos precedentes dan lugar a tráfico por estrada, será obrigatoria a construción dun cruzamento a distinto nivel e, de ser o caso, a supresión do paso a nivel preexistente, cando o acceso a aqueles comporte a necesidade de cruzar a vía férrea. O custo da súa construción e, de ser o caso, supresión será por conta do seu promotor. Para a construción dun cruzamento a distinto nivel ou para a supresión dun preexistente, a entidade promotora presentará un proxecto específico cos accesos á infraestructura ferroviaria, incluídos os aspectos de parcelación, rede viaria e

servizos urbanos que incidan sobre a zona de protección da infraestrutura ferroviaria.

j) Movementos de terras e explanacións. Poderanse autorizar na zona de protección, sempre que non sexan prexudiciais para a infraestrutura ferroviaria ou a súa explotación.

k) Muros de sostemento de desmontes e terrapléns. A súa construción poderá ser autorizada dentro do terzo da zona de protección máis próximo á zona de dominio público e tamén, con carácter excepcional, na zona de dominio público sempre que quede suficientemente garantido que non é susceptible de lle ocasionar prexuízos á infraestrutura ferroviaria. Nestes casos, deberáselle presentar ao administrador de infraestruturas ferroviarias, xunto coa solicitude, un proxecto en que se estuden as consecuencias da súa construción en relación coa explanación, a evacuación de augas pluviais e a súa influencia na seguridade da circulación.

l) Pasos elevados. Os estribos da estrutura non poderán ocupar a zona de dominio público, salvo expresa autorización do administrador de infraestruturas ferroviarias. En liñas ferroviarias con vías separadas poderanse instalar piares entre ambas, sempre que o largo desta sexa suficiente para que non representen un perigo para a circulación, dotándoas, de ser o caso, dun dispositivo de contención de vehículos.

O espazo libre sobre a calzada, tanto durante a execución da obra como despois dela, será fixado polo administrador de infraestruturas ferroviarias.

As características da estrutura deberán ter en conta a posibilidade de ampliación ou variación da liña ferroviaria nos próximos vinte anos.

m) Pasos subterráneos. A cota mínima de resguardo entre a parte superior da obra de paso e a rasante da plataforma da liña ferroviaria será fixada polo administrador de infraestruturas ferroviarias.

As características da estrutura deberán ter en conta a posibilidade de ampliación ou variación da liña ferroviaria nos próximos vinte anos.

n) Vertedoiros. Non se autorizarán en ningún caso.

Artigo 31. *Efectos das autorizacións.*

1. As autorizacións que se outorguen non eximirán a quen as obteña de solicitar as demais licenzas e autorizacións necesarias. O outorgamento realizarase sen prexuízo de terceiro e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporá, en ningún caso, a cesión do dominio público nin a asunción polo administrador de infraestruturas ferroviarias ou pola Administración xeral do Estado de responsabilidade ningunha respecto do titular da autorización ou de terceiros.

2. A autorización producirá efectos mentres siga sendo o mesmo o obxecto que determinou o seu outorgamento, e será transmisíbel sempre que se lle notifique ao administrador de infraestruturas ferroviarias o cambio de titularidade.

3. O outorgamento de calquera autorización comportará a obriga do autorizado de lle pagar ao administrador de infraestruturas ferroviarias os gastos que o estudo, tramitación e seguimento dela comporte, non podéndose condicionar o pagamento dunha compensación económica polo exercicio da actividade autorizada.

4. O outorgamento dunha autorización de aproveitamento especial da zona de dominio público devengará o pagamento do correspondente canon previsto no artigo 75 da Lei do sector ferroviario.

Artigo 32. *Modificación ou suspensión da autorización.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 37, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá, en calquera momento, modificar ou suspender, temporal ou definitivamente, a autorización outorgada sen que iso dea dereito a indemnización ningunha, nos seguintes casos:

a) Se resultase incompatible con normas de seguridade aprobadas con posterioridade.

b) Se producise danos no dominio público.

c) Se impedise a utilización do dominio público para actividades de interese público.

d) Se se requirise para a ampliación, mellora ou desenvolvemento das infraestruturas ferroviarias.

2. O procedemento para modificar ou suspender a autorización iniciarase de oficio ou por instancia de parte e será instruído polo administrador de infraestruturas ferroviarias.

En todo caso e antes de ditar resolución, daráselles audiencia aos afectados co fin de que poidan formular cantas alegacións conveñan ao seu dereito.

Artigo 33. *Obras autorizadas.*

1. As obras ou instalacións autorizadas iniciaranse e finalizarán dentro dos prazos que determine a propia autorización ou, de ser o caso, a súa prórroga, e serán inspeccionados polo administrador de infraestruturas ferroviarias.

2. Non se poderán iniciar as obras sen que o administrador de infraestruturas ferroviarias expedise unha acta de conformidade co replanteo. Para estes efectos, o interesado porá no seu coñecemento a data de iniciación das obras, cunha antelación mínima de dez días.

Se o administrador de infraestruturas ferroviarias apreciasse desviacións respecto do proxecto presentado ou das condicións impostas na autorización, poderá paralizar as obras ata que se corrixa aquelas, sen prexuízo da instrución do expediente sancionador que proceda.

3. As obras executaranse de acordo co proxecto presentado e, de ser o caso, coas condicións impostas na autorización, sen interromper nin dificultar a circulación pola liña ferroviaria e con suxeición á regulación en materia de seguridade do tráfico contida na Lei do sector ferroviario e na súa normativa de desenvolvemento.

O titular da autorización deberá repor, ao seu cargo, os elementos da infraestrutura ferroviaria que resulten danados pola execución das obras, restituíndoos ás condicións anteriores de seguridade, funcionalidade e estética.

4. O titular da autorización porá en coñecemento do administrador de infraestruturas ferroviarias a terminación das obras, cunha antelación mínima de dez días. O administrador de infraestruturas ferroviarias estenderá unha acta de conformidade ou, de ser o caso, fará constar os reparos que considere oportunos, concedendo o prazo necesario para a súa emenda. A acta de conformidade das obras levará implícito o permiso de utilización do construído.

SECCIÓN V. LÍMITE DE EDIFICACIÓN

Artigo 34. *A liña límite de edificación.*

1. A ambos os lados das liñas ferroviarias que formen parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral establécese a liña límite de edificación, desde a cal ata a liña ferroviaria queda prohibido calquera tipo de obra de edi-

ficación, reconstrución ou de ampliación, coa excepción das que resulten imprescindibles para a conservación e o mantemento das que existisen no momento da entrada en vigor da Lei do sector ferroviario. Igualmente, queda prohibido o establecemento de novas liñas eléctricas de alta tensión dentro da superficie afectada pola liña límite de edificación sen prexuízo da posible existencia de cruzamentos a distinto nivel con liñas eléctricas nas condicións establecidas no artigo 30.2.c).

2. A liña límite de edificación sitúase, con carácter xeral, a cincuenta metros da aresta exterior máis próxima da plataforma, medidos horizontalmente a partir da mencionada aresta.

O ministro de Fomento poderá determinar unha distancia inferior á prevista no parágrafo anterior para a liña límite de edificación, en función das características técnicas da liña ferroviaria de que se trate, como a velocidade e a tipoloxía da liña ou o tipo de solo sobre a que esta discorra.

3. Así mesmo, o Ministerio de Fomento, logo de informe das comunidades autónomas e entidades locais afectadas, poderá, por razóns xeográficas ou socioeconómicas, fixar unha liña límite de edificación inferior á establecida con carácter xeral, aplicable a determinadas liñas ferroviarias que formen parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral, en zonas ou áreas delimitadas.

4. Con carácter xeral, nas liñas ferroviarias que formen parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral que discorran por zonas urbanas, o Ministerio de Fomento poderá establecer a liña límite de edificación a unha distancia inferior á fixada no punto segundo, sempre que o permita o planeamento urbanístico correspondente.

Artigo 35. Procedemento de determinación da liña límite de edificación nos supostos recollidos no artigo 16 da Lei do sector ferroviario.

1. O administrador de infraestruturas ferroviarias, conforme o disposto no punto terceiro do artigo 16 da Lei o sector ferroviario, poderalle propor, respecto de zonas ou áreas determinadas, á Dirección Xeral de Ferrocarrís a determinación dunha distancia límite de edificación diferente á establecida con carácter xeral. Para estes efectos, os ramais e enlaces con elementos funcionais da infraestructura ferroviaria terán a consideración de liñas ferroviarias.

2. A Dirección Xeral de Ferrocarrís remitirá o correspondente estudo de determinación ás entidades locais e comunidades autónomas afectadas, con obxecto de que, no prazo dun mes, informen sobre se a determinación proposta é a máis adecuada para o interese xeral e para os intereses que representan.

3. Unha vez analizados os informes emitidos, a Dirección Xeral de Ferrocarrís elevará ao ministro de Fomento o expediente para a súa resolución.

Artigo 36. Obras e instalacións permitidas.

1. Poderanse realizar, logo de autorización do administrador de infraestruturas ferroviarias, obras de conservación e mantemento das edificacións existentes dentro da liña límite de edificación. Transcorrido o prazo de tres meses desde a solicitude sen que aquel se pronunciase, entenderase a súa conformidade coa obra, se esta non implica cambio do uso ou destino das edificacións preexistentes.

2. O administrador de infraestruturas ferroviarias poderá autorizar dentro da superficie afectada pola liña límite de edificación, así mesmo, a colocación de instala-

cións provisionais facilmente desmontables e a execución de vías, aparcadoiros en superficie, refuxios ou zonas axardinadas anexas a edificacións, así como equipamentos públicos que se autoricen na zona de protección sen invadir a liña límite de edificación.

SECCIÓN VI. PROTECCIÓN DA REDE FERROVIARIA DE INTERESE XERAL

Artigo 37. Obras e actividades ilegais.

A paralización de obras e instalacións e a suspensión de usos prohibidos, non autorizados ou que non se axusten ás condicións establecidas nas autorizacións, suxéitase ao disposto no artigo 18 da Lei do sector ferroviario. En todo caso, observaranse as normas seguintes:

a) Os delegados de Goberno, por instancia do Ministerio de Fomento o do administrador de infraestruturas ferroviarias, disporán a paralización das obras ou instalacións e a suspensión de usos prohibidos, non autorizados ou que non se axusten ás condicións establecidas nas autorizacións. Así mesmo, poderase proceder á precintaxe das obras ou instalacións afectadas. A paralización e a precintaxe, de ser o caso, seranlle notificadas ao interesado e terán o carácter de medidas cautelares, como trámite previo ao expediente regulado no artigo 18.2 da Lei do sector ferroviario.

b) A resolución de demolición prevista no artigo 18.2 da Lei do sector ferroviario notificaráselle ao interesado, que deberá cumprila no prazo dun mes desde a súa notificación. Se se incumprise a obriga de demoler ou se continuase exercitando o uso non autorizado, o delegado do Goberno ordenará a súa execución forzosa, en substitución do interesado e á súa custa.

c) No suposto de regularización das obras ou instalacións, o custo de adecuación ás debidas condicións de seguridade, funcionalidade e estética, será por conta do interesado.

Artigo 38. Obras ruinosas.

En caso de que o administrador de infraestruturas ferroviarias detecte que unha construción, ou parte dela, próxima a unha infraestructura ferroviaria puidese ocasionar danos na Rede Ferroviaria de Interese Xeral ou supor un perigo para a circulación, porao en coñecemento da corporación local correspondente co fin de que se declare a súa ruína e se ordene a súa demolición.

En caso de urxencia ou perigo inminente, tal circunstancia porase en coñecemento do delegado ou subdelegado do Goberno para que adopte as medidas oportunas. Cando o administrador de infraestruturas ferroviarias procedese, por instrución deles, á demolición da correspondente construción, poderás repetirse contra o seu propietario os custos da devandita actuación.

Artigo 39. Cerramento das liñas ferroviarias para garantir a seguridade no tráfico ferroviario.

1. As liñas ferroviarias de alta velocidade deberán ter instalado un cerramento, a ambos os lados da vía, en todo o seu percorrido.

2. As liñas ferroviarias convencionais deberán ter instalado un cerramento, a ambos os lados da vía, nos tramos en que estea permitido circular a unha velocidade superior a 160 quilómetros por hora e, en todo caso, nos cualificados como solo urbano.

A cualificación dun solo non urbanizable como urbano ou urbanizable obrigará o seu propietario a dispor nas liñas ferroviarias que o atravesen, á súa custa e cos condi-

cionamentos técnicos que determine o administrador de infraestruturas ferroviarias, dun cerramento cando se realicen as actuacións urbanísticas correspondentes á nova cualificación. Con carácter excepcional, polas especiais características da liña ferroviaria de que se trate, a Dirección Xeral de Ferrocarrís poderá ordenar a realización do citado cerramento antes de que se inicie a actuación urbanística correspondente.

3. As novas liñas ferroviarias que se constrúan deberán ter instalado un cerramento a ambos os lados da vía e en todo o seu percorrido.

Artigo 40. *Entrada de persoas e vehículos nas vías férreas.*

Salvo autorización expresa do administrador de infraestruturas ferroviarias, prohibese a entrada de persoas ou de vehículos nas vías férreas e o tránsito por elas. O seu cruzamento deberase realizar polos lugares determinados para o efecto, conforme a normativa reguladora dos pasos a nivel e coas limitacións ou condicións que se establezan.

CAPÍTULO IV

Administración das infraestruturas ferroviarias

SECCIÓN I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 41. *Administración das infraestruturas ferroviarias.*

1. A administración das infraestruturas ferroviarias integradas na Rede Ferroviaria de Interese Xeral ten por obxecto o seu mantemento e explotación, así como a xestión dos seus sistemas de control, de circulación e de seguridade.

2. A administración das infraestruturas ferroviarias é un servizo de interese xeral e esencial para a comunidade, que se prestará na forma prevista na Lei do sector ferroviario e neste regulamento.

3. Correspóndelle ao administrador de infraestruturas ferroviarias a administración das infraestruturas ferroviarias das cales é titular e das infraestruturas ferroviarias de titularidade estatal cuxa administración lle sexa encomendada, nos termos que estableza o convenio ou contrato-programa a que se refire o punto 2 do artigo 22 da Lei do sector ferroviario.

4. Enténdese por mantemento dunha infraestrutura ferroviaria o conxunto das operacións de conservación, reparación, reposición e actualización tecnolóxica de elementos que permita preservar as infraestruturas ferroviarias integradas na Rede Ferroviaria de Interese Xeral, en condicións de operatividade e seguridade adecuadas.

5. A explotación da infraestrutura ferroviaria comprende a elaboración e publicación da declaración sobre a rede, a adxudicación da capacidade de infraestrutura aos candidatos que o soliciten, a prestación de servizos adicionais, complementarios e auxiliares e o control e inspección da infraestrutura ferroviaria, o das súas zonas de protección e de servizo ferroviario e o da circulación ferroviaria que sobre ela se produza.

6. Enténdese por xestión dos sistemas de control, circulación e seguridade da infraestrutura ferroviaria a realización das actividades de organización, comprobación, a inspección e a supervisión dos modos e medios que aseguren o funcionamento dos sistemas encargados do control, a circulación e a seguridade do tráfico ferroviario.

7. O administrador de infraestruturas ferroviarias poderá exercer, en calquera momento, respecto dos bens de dominio público da súa titularidade ou daqueles cuxa

xestión lle fose atribuída polo Estado, as facultades de administración, defensa, policía, investigación, deslindamento e recuperación posesoria, podendo realizar as certificacións administrativas de dominio previstas no artigo 206 da Lei hipotecaria, para a súa presentación nos rexistros públicos, co fin de regularizar a situación catastral e rexistral dos devanditos bens.

8. O administrador de infraestruturas ferroviarias queda facultado para establecer o réxime de uso do solo e doutros bens inmoebles da súa titularidade, así como daqueles de titularidade do Estado cuxa administración teña encomendada outorgando, de ser o caso, as autorizacións, concesións, arrendamentos e demais títulos que permitan a súa utilización por terceiros.

9. Son de titularidade do administrador de infraestruturas ferroviarias os bens e dereitos que se lle asignen por lei ou regulamento e os que adquira ou constrúa cos seus propios recursos ou mediante actuacións concertadas con outras administracións públicas.

10. Os bens de dominio público de titularidade do administrador de infraestruturas ferroviarias e os de dominio público do Estado cuxa xestión teña aquel encomendada que resulten innecesarios para a prestación dos servizos de interese xeral incorporaranse, unha vez desafectados, ao patrimonio do administrador de infraestruturas ferroviarias.

Artigo 42. *Encomenda da administración de infraestruturas ferroviarias de titularidade estatal.*

1. A encomenda polo Ministerio de Economía e Facenda e o de Fomento ao administrador de infraestruturas ferroviarias da administración das infraestruturas ferroviarias de titularidade do Estado deberá incluír, como mínimo:

- a) A identificación da infraestrutura que vai ser entregada para a súa administración.
- b) A data do inicio das actividades de administración e, de ser o caso, o período de probas necesario para adaptar todos os sistemas para o comezo da explotación.
- c) As bases que se van desenvolver no contrato-programa nas cales se exporán os niveis de calidade exixibles da infraestrutura encomendada e a forma de custear a súa administración.
- d) Calquera outra obriga que garanta a satisfacción do interese xeral que puidese ser imposta polo Ministerio de Fomento.

2. O convenio entre a Administración xeral do Estado e o administrador de infraestruturas ferroviarias deberase formalizar coa antelación suficiente para que este último poida adecuar os seus recursos ás necesidades da administración das infraestruturas obxecto da encomenda, así como efectuar a publicación das súas características na declaración sobre a rede. O devandito convenio terá a forma de contrato-programa e axustarase aos termos previstos no artigo 44.

3. A encomenda de administración de sucesivas liñas ou tramos de liña realizarase mediante unha addenda ao contrato-programa que cubra, nos termos recollidos no punto 1 deste artigo, o período de tempo que resta para o vencemento do contrato programa en vigor e se incorpore a este na primeira revisión que se produza del.

SECCIÓN II. RÉXIME ECONÓMICO DA ENCOMENDA DA ADMINISTRACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS DE TITULARIDADE DO ESTADO

Artigo 43. *Disposicións xerais.*

1. A encomenda de administración da infraestrutura ferroviaria de titularidade do Estado, conforme o arti-

go 22.2 da Lei do sector ferroviario, comportará a obriga de compensación, por parte daquel, ao administrador de infraestruturas ferroviarias, dos gastos de administración en función dos niveis de calidade exixidos e das condicións económicas que se acorden no correspondente contrato-programa.

2. O importe dos canons que se lle aboan ao administrador de infraestruturas ferroviarias pola utilización das infraestruturas ferroviarias de titularidade estatal cuxa administración teña encomendada descontarase da contía da achega económica que se recolla no correspondente contrato-programa.

Artigo 44. O contrato-programa de administración das infraestruturas ferroviarias.

1. O contrato-programa previsto no artigo 22 da Lei do sector ferroviario e no artigo 42.2 deste regulamento terá unha duración de catro anos e desenvolverá o previsto na correspondente resolución de encomenda, garantindo a coherencia e continuidade da xestión da rede de titularidade do Estado e a infraestructura a que afecta.

2. O contrato-programa recollerá as actividades que se van realizar ao seu abeiro e a súa forma de financiamento, os medios que se lle asignen ao administrador de infraestruturas ferroviarias e as responsabilidades en que pode incurrir. E, sen prexuízo do disposto no artigo 68 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, deberá regular polo menos as seguintes cuestións:

- a) A súa data de entrada en vigor, o seu período de vixencia e o procedemento para a súa renovación.
- b) As actividades de administración que é necesario realizar e os niveis de servizo que debe ofrecer o administrador de infraestruturas ferroviarias.
- c) As actividades de xestión do patrimonio que se lle asignen.
- d) Calquera outra actividade que, sendo necesaria para a explotación, fose incluída na encomenda.
- e) As achegas ao administrador de infraestruturas ferroviarias polo exercicio da súa actividade e a posibilidade de aplicar incrementos ou diminucións en función do grao de cumprimento dos obxectivos impostos a este.
- f) O procedemento de liquidación do contrato programa.
- g) O réxime de control e supervisión do cumprimento do contrato-programa.
- h) Calquera outras que as partes consideren convenientes.

SECCIÓN III. RÉXIME CONTABLE

Artigo 45. Réxime contable.

O administrador de infraestruturas ferroviarias aplicará, ademais da vixente normativa contable, un réxime de contabilidade separada das súas actividades segundo sexan de construción de infraestruturas ferroviarias, administración destas ou da prestación de servizos adicionais, complementarios e auxiliares. Dentro da contabilidade relativa á administración de infraestruturas ferroviarias, distinguirase entre as infraestruturas ferroviarias da súa titularidade e as de titularidade estatal cuxa administración lle fose encomendada.

A contabilidade do administrador de infraestruturas seralle de aplicación o Plan Xeral de Contabilidade e a adaptación sectorial que, de ser o caso, aprobe a Intervención Xeral da Administración do Estado.

CAPÍTULO V

Acceso á infraestructura ferroviaria

Artigo 46. Principios aplicables ao acceso á Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

O acceso á Rede Ferroviaria de Interese Xeral realízase en condicións obxectivas, transparentes e non discriminatorias, de acordo co establecido na Lei do sector ferroviario, neste regulamento e na orde do ministro de Fomento relativa á declaración sobre a rede e o procedemento de adxudicación de capacidade de infraestructura ferroviaria a que se refiren os artigos 33 e 35 da devandita lei.

Artigo 47. Capacidade de infraestructura ferroviaria.

1. Enténdese por capacidade de infraestructura ferroviaria o número de franxas horarias que se poden dispor nun tramo da infraestructura ferroviaria durante un período determinado de tempo e en función da tipoloxía do tráfico.

2. O administrador de infraestruturas ferroviarias establecerá, na declaración sobre a rede, a capacidade dispoñible da infraestructura ferroviaria que administra, nos termos que estableza a orde ministerial a que se refire o artigo anterior.

3. Conforme o previsto no artigo 30 da Lei do sector ferroviario, a adxudicación de capacidade de infraestructura é a asignación por parte do administrador de infraestruturas ferroviarias das franxas horarias definidas na declaración sobre a rede aos correspondentes candidatos, co fin de que un tren poida circular entre dous puntos durante un período de tempo determinado.

4. As empresas ferroviarias, os axentes de transportes, cargadores e operadores de transporte combinado habilitados e as administracións públicas con atribucións en materia de prestación de servizos de transporte e que estivesen interesadas na prestación de determinados servizos de transporte ferroviario terán dereito a solicitar a adxudicación de capacidade de infraestructura, segundo o procedemento que estableza a correspondente orde do ministro de Fomento. Así mesmo, poderán, ocasionalmente, solicitar, na forma establecida na devandita orde, a adxudicación daquela capacidade que non tivese sido adxudicada conforme o procedemento ordinario ou que, téndoo sido, non fose efectivamente utilizada.

5. Cando a capacidade que solicite o candidato se vaia empregar por este para o transporte de mercadorías perigosas, deberá expresalo na solicitude que formule, indicando, ao propio tempo, as garantías que ofrece, conforme a lexislación vixente, para salvagardar a seguridade de terceiros e das infraestruturas.

6. Unha vez atribuído a un candidato, o dereito de uso da capacidade non se lle pode ceder a outra empresa ferroviaria. Non se considerará cesión a utilización de capacidade por unha empresa ferroviaria que opere por conta dun adxudicatario de capacidade que non sexa empresa ferroviaria.

7. Quedan prohibidos, en todo caso, os negocios xurídicos sobre a capacidade de infraestructura adxudicada.

Artigo 48. Reservas de capacidade.

1. O administrador de infraestruturas ferroviarias poderá establecer, na forma que determine a orde ministerial a que se refire o artigo anterior, reservas de capacidade para a realización de operacións de mantemento ou ampliación da rede, para resolver os eventuais problemas de infraestructura conxestionada ou para a prestación de servizos ferroviarios de interese público.

2. As reservas de capacidade deberanse incluír na declaración sobre a rede.

CAPÍTULO VI

Infraestruturas ferroviarias nos portos e aeroportos de interese xeral

Artigo 49. *Convenios relativos á conexión das infraestruturas ferroviarias existentes nos portos e aeroportos de interese xeral.*

1. O administrador de infraestruturas ferroviarias e a autoridade portuaria de cada porto de interese xeral celebrarán, logo de autorización do ministro de Fomento, un convenio conforme o previsto no artigo 36 da Lei do sector ferroviario, no cal se establecerán as condicións para a conexión das infraestruturas ferroviarias existentes no ámbito dos portos de interese xeral coa Rede Ferroviaria de Interese Xeral. No referido convenio recolleranse calquera outros operativos da rede e as regras que deberá respectar o administrador de infraestruturas ferroviarias para a adxudicación da capacidade das infraestruturas ferroviarias existentes no ámbito dos portos de interese xeral.

2. As infraestruturas ferroviarias existentes en cada momento nas zonas de servizo dos aeroportos de interese xeral que estean conectadas coa Rede Ferroviaria de Interese Xeral formarán parte desta, e rexeranse polas normas xerais contidas na Lei do sector ferroviario e neste regulamento, sen prexuízo do que se estableza no convenio que, para coordinar as súas respectivas competencias, subscriban a entidade xestora dos aeroportos e o administrador de infraestruturas ferroviarias.

3. As infraestruturas ferroviarias existentes nos portos que non teñan a consideración de interese xeral serán propiedade do seu titular e, en caso de que estean conectadas ou se pretenda conectalas coa Rede Ferroviaria de Interese Xeral, aplicaranse as regras que se establezan no oportuno convenio.

O devandito convenio será proposto, conxuntamente, pola entidade titular do porto e o administrador de infraestruturas ferroviarias e aprobado polo Ministerio de Fomento. Nel recollerase calquera aspecto operativo da rede.

Artigo 50. *Convenios coas comunidades autónomas titulares de redes ferroviarias propias.*

Nos supostos en que un porto ou aeroporto de interese xeral estea situado no territorio dunha comunidade autónoma que dispoña de rede ferroviaria da súa titularidade, poderanse celebrar convenios entre os titulares das distintas infraestruturas para facilitar a interconexión e interoperabilidade entre as diferentes redes.

CAPÍTULO VII

Infraestruturas ferroviarias de titularidade privada

Artigo 51. *Procedemento de outorgamento da autorización para o establecemento ou a explotación das liñas ferroviarias de titularidade privada.*

1. Para o establecemento ou a explotación dunha infraestrutura ferroviaria de titularidade privada que discorra polo territorio de máis dunha comunidade autónoma será necesario obter previamente a correspondente autorización administrativa que habilite para iso.

Cando o establecemento dunha liña ferroviaria de titularidade privada resulte conveniente para o interese xeral, poderase autorizar o interesado para utilizar os terreos de dominio público que resulten necesarios e, de ser o caso,

para adquirir os de propiedade privada a través do procedemento de expropiación forzosa, no cal terá a condición de beneficiario.

2. A solicitude de autorización para o establecemento ou a explotación dunha liña ferroviaria de titularidade privada que discorra polo territorio de máis dunha comunidade autónoma presentarase ante a Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento.

3. A solicitude deberá ir acompañada dun proxecto de establecemento ou de explotación da infraestrutura ferroviaria que incluírá, como mínimo, unha memoria explicativa dos fins que se perseguen mediante o establecemento ou a explotación da infraestrutura, cos seus planos xerais e parciais e os orzamentos correspondentes, da actividade que se vaia prestar sobre aquela, a descrición das obras e as circunstancias técnicas da súa realización que se deberán axustar ás normas que, en materia de seguridade e interoperabilidade, se establezan por orde do ministro de Fomento. De ser o caso, a solicitude incluírá o estudo de impacto ambiental correspondente.

A solicitude de autorización deberá ir acompañada, de ser o caso, da solicitude de declaración de utilidade pública ou interese social para a ocupación de terreos de dominio público e a expropiación forzosa dos terreos afectados e da relación de propietarios e predios afectados.

4. O proxecto de establecemento ou explotación da liña será sometido pola Dirección Xeral de Ferrocarrís a informe dos órganos competentes das comunidades autónomas por cuxo territorio deba discorrer a infraestrutura. Este informe deberase emitir, conforme o artigo 37 da Lei do sector ferroviario, no prazo dun mes contado desde que se solicite, e entenderase que é favorable se non se remitise no referido prazo. O Ministerio de Fomento notificará a resolución de outorgamento ou de denegación da autorización no prazo de seis meses contado desde o día seguinte a aquel en que se presentase a solicitude.

5. A resolución de autorización deberá conter, como mínimo, as prescricións técnicas e o prazo de realización das infraestruturas, así como as condicións que debe cumprir o plan de explotación delas, especialmente, en materia de seguridade e interoperabilidade.

Se a liña discorrese sobre terreos de dominio público, o interesado, antes de comezar os traballos, prestará fianza en cantidade equivalente ao 4% do orzamento das obras que se tivesen que executar sobre os devanditos terreos. A metade da devandita fianza será devolta cando se xustifique a realización das obras conforme o autorizado, e a parte restante quedará como garantía do cumprimento das condicións de explotación e utilización establecidas na correspondente autorización.

6. As autorizacións para o establecemento ou a explotación das liñas ferroviarias de transporte privado poderanse outorgar ben por un prazo determinado ou ben con carácter indefinido. Non obstante, o título que formalice a autorización poderá establecer as causas da súa revogación, entre as cales se poderá recoller o cambio sobrevido dos orzamentos de feito que determinaron o seu outorgamento.

En todo caso, as autorizacións poderanse revogar cando, sen existir causa xustificada, as obras non se inicien no prazo dun ano, permanezan interrompidas este mesmo prazo ou se paralice por idéntico tempo a prestación do servizo.

Artigo 52. *Autorización para conectar coa Rede Ferroviaria de Interese Xeral os elementos de titularidade privada que a complementan.*

1. A conexión das infraestruturas ferroviarias de titularidade privada, especialmente dos apartadoiros, coa Rede Ferroviaria de Interese Xeral, unicamente se poderá

realizar cando o administrador de infraestruturas ferroviarias expresamente o autorice.

2. O administrador de infraestruturas ferroviarias notificará, no prazo de dous meses contados desde a presentación da solicitude de autorización, a resolución sobre a conexión dunha determinada infraestructura de titularidade privada coa Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

3. A autorización establecerá as condicións en que se efectuará a conexión das infraestruturas ferroviarias de titularidade privada coa Rede Ferroviaria de Interese Xeral e o réxime de construción e explotación dos elementos de titularidade privada que complementen as infraestruturas ferroviarias de titularidade do Estado, determinando as condicións de ambas as actividades, así como os medios de verificación do cumprimento de tales condicións.

4. O solicitante da conexión que dispoña da autorización deberalle presentar ao administrador de infraestruturas ferroviarias o proxecto construtivo adaptado ás condicións establecidas naquela e o plan de explotación da infraestructura ferroviaria que se pretende conectar coa Rede Ferroviaria de Interese Xeral, co fin de que comprobe que se axustan a aquela. En caso contrario, o administrador de infraestruturas ferroviarias determinará as modificacións que se deberán introducir no proxecto construtivo e no plan de explotación.

Unha vez executado o proxecto construtivo e antes do inicio da explotación da infraestructura que se pretende conectar coa Rede Ferroviaria de Interese Xeral, o solicitante deberá someter á supervisión do administrador de infraestruturas ferroviarias as obras executadas. Tras as oportunas comprobacións, o administrador de infraestruturas ferroviarias resolverá permitindo o inicio da explotación ou exixindo a introdución das modificacións oportunas na obra executada no prazo máximo dun mes desde que sexa requirido para iso.

5. No suposto de que o administrador de infraestructura ferroviarias denegue o inicio da explotación ou cando existan discrepancias esenciais respecto das condicións impostas para a conexión, o solicitante poderá acudir ao Comité de Regulación Ferroviaria, que resolverá o procedente.

TÍTULO II

Réxime aplicable aos servizos adicionais, complementarios e auxiliares

Artigo 53. *Servizos adicionais.*

1. Son servizos adicionais os de acceso desde a vía ás instalacións de mantemento, reparación e subministración existentes na rede Ferroviaria de Interese Xeral, e concretamente:

- a) Ás de aprovisionamento de combustible.
- b) Ás de electrificación para a tracción, cando estea dispoñible.
- c) Ás de formación de trens, excluindo as operacións sobre o material, que lle corresponden á empresa ferroviaria.
- d) Ás de mantemento e outras instalacións técnicas.
- e) Ás terminais de carga e estacións de clasificación.

2. O administrador de infraestruturas ferroviarias unicamente poderá rexeitar as demandas de empresas ferroviarias se existen alternativas viables en condicións de mercado. Entenderase que existen as referidas alternativas cando outras empresas presten os mesmos servizos en condicións de cantidade, calidade e frecuencia suficientes para atender a demanda existente.

Artigo 54. *Servizos complementarios.*

1. Son servizos complementarios aqueles que o administrador de infraestruturas ferroviarias lles pode ofrecer ás empresas ferroviarias, quedando obrigado a prestalos a aquelas que o soliciten. Tales servizos poden comprender:

- a) A subministración da corrente de tracción.
- b) O prequentamento de trens de viaxeiros.
- c) A subministración de combustible, servizo de manobras e calquera outro subministrado nas instalacións ás cales se lles dá servizos de acceso.
- d) Os específicos para control de transporte de mercadorías perigosas e para a asistencia á circulación de convois especiais.

2. O administrador de infraestruturas ferroviarias deberá atender as solicitudes para a prestación deste tipo de servizos formuladas por calquera empresa ferroviaria, conforme criterios obxectivos e non discriminatorios.

Artigo 55. *Servizos auxiliares.*

1. Son servizos auxiliares os que as empresas ferroviarias lle poden solicitar ao administrador de infraestruturas ferroviarias ou a outros prestadores, sen que o administrador de infraestruturas ferroviarias estea obrigado a prestalos. Entre estes servizos inclúense:

- a) O acceso á rede de telecomunicación.
- b) A subministración de información complementaria.
- c) A inspección técnica do material rodante.

2. O administrador de infraestruturas ferroviarias prestará estes servizos en réxime de libre competencia.

Artigo 56. *Réxime xurídico da prestación dos servizos adicionais, complementarios e auxiliares.*

1. A prestación dos servizos ferroviarios adicionais, complementarios e auxiliares nas liñas da Rede Ferroviaria de Interese Xeral e as súas zonas de servizo poderán ser realizada ben directamente polo administrador de infraestruturas ferroviarias ben por outras persoas ou entidades que, necesariamente, requirirán a obtención dun título habilitante outorgado por aquel.

2. O Ministerio de Fomento, por proposta do administrador de infraestruturas ferroviarias, establecerá no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste regulamento os requisitos exixibles para a obtención do título que habilite para a prestación dos servizos adicionais, complementarios e auxiliares, así como as condicións da súa prestación para garantir a seguridade e o adecuado uso das infraestruturas ferroviarias.

TÍTULO III

Os servizos de transporte ferroviario

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 57. *Concepto, clases e réxime xurídico do transporte ferroviario.*

1. No ámbito de aplicación da Lei do sector ferroviario, enténdese por transporte ferroviario o realizado por empresas ferroviarias empregando vehículos adecuados que circulen pola Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

2. O transporte ferroviario é un servizo de interese xeral e esencial para a comunidade, e pode ser de viaxeiros e de mercadorías. Enténdese por transporte de viaxeiros o de persoas, e por transporte de mercadorías o de calquera clase de bens. Así mesmo, o transporte ferroviario poderá ser de ámbito nacional ou internacional.

3. O servizo de transporte ferroviario prestarase en réxime de libre competencia, conforme o previsto na Lei do sector ferroviario e nas súas normas de desenvolvemento e sen prexuízo da declaración de interese público que se poida facer de determinados servizos de transporte ferroviario conforme o artigo 53 da devandita lei.

4. Unicamente poderán prestar servizos de transporte ferroviario as entidades empresariais titulares dunha licenza de empresa ferroviaria que, conforme o previsto na Lei do sector ferroviario e neste regulamento, obtivesen o certificado de seguridade e a adxudicación da capacidade de infraestrutura necesaria para iso.

5. As tarifas exixibles polas empresas ferroviarias aos seus clientes en concepto de retribución polos servizos de transporte ferroviario prestados estarán suxeitas a dereito privado, sen prexuízo da aplicación do artigo 53 da Lei do sector ferroviario respecto dos servizos de transporte declarados de interese público.

CAPÍTULO II

As empresas ferroviarias

SECCIÓN I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 58. *Empresa ferroviaria.*

1. Son empresas ferroviarias as entidades titulares dunha licenza de empresa ferroviaria, cuxa actividade principal consiste en prestar servizos de transporte de viaxeiros ou de mercadorías por ferrocarril, nos termos establecidos na Lei do sector ferroviario e neste regulamento.

2. As empresas ferroviarias deberán, en todo caso, achegar a tracción. Considéranse, así mesmo, empresas ferroviarias aquelas que acheguen exclusivamente a tracción.

Enténdese que se achega a tracción cando se teña a propiedade dos medios que permiten esta ou cando se conte permanentemente cos devanditos medios por calquera título admitido en dereito que permita a súa plena dispoñibilidade durante o período en que se preste o servizo. Iso implicará que a empresa ferroviaria sexa responsable, conforme a Lei do sector ferroviario e as súas normas de desenvolvemento, do cumprimento de todas as obrigas que se lle impoñan e, especialmente, da inscrición dos devanditos medios no Rexistro Especial Ferroviario e do cumprimento por estes da normativa que os afecta, da composición do tren e, de ser o caso, da disposición da carga nel.

3. En caso de que, para un concreto servizo e con carácter excepcional, unha empresa ferroviaria requira o auxilio ou o complemento doutra na achega de tracción, ambas deberán cumprir cantos requisitos se establecen na Lei do sector ferroviario e nas súas normas de desenvolvemento, especialmente no atinente á seguridade na prestación do servizo.

4. Se unha empresa ferroviaria se limita a prestar servizos de tracción a outras que acheguen material ferroviario para o transporte, a primeira será responsable do cumprimento das obrigas que a Lei do sector ferroviario e a súa normativa de desenvolvemento impoñan respecto da circulación do devandito material e do servizo que coa súa utilización se preste, e deberá comprobar que os vehí-

culos que compoñen os trens foron debidamente autorizados e controlados conforme a normativa aplicable.

Non obstante o anterior, os propietarios de vagóns de mercadorías ou de coches de viaxeiros que llelos entreguen ás empresas ferroviarias para o seu transporte, deberán dispor dun seguro de responsabilidade civil que cubra os danos ás persoas, á infraestrutura ferroviaria ou a terceiros que estes puidesen causar en caso de se veren implicados nun accidente ferroviario ocorrido por causas imputables a estes derivadas do incumprimento por eles da normativa que lles é de aplicación.

SECCIÓN II. RÉXIME DE OUTORGAMENTO, MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E REVOGACIÓN DE LICENZAS DE EMPRESAS FERROVIARIAS

Subsección 1.^a *Principios xerais*

Artigo 59. *Licenza de empresa ferroviaria.*

1. A prestación do servizo de transporte ferroviario, de viaxeiros e de mercadorías, exixirá a previa obtención da correspondente licenza de empresa ferroviaria.

2. A licenza de empresa ferroviaria será outorgada polo ministro de Fomento e será única para toda a Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

3. As licenzas de empresa ferroviaria outorgadas polos demais Estados membros da Unión Europea producirán todos os seus efectos en España, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda da Lei do sector ferroviario.

4. A licenza de empresa ferroviaria é intransmisíbel.

5. O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral de Ferrocarrís, informará a Comisión Europea de todas as resolucións de outorgamento, modificación, suspensión ou revogación de licenzas de empresa ferroviaria, no prazo dos quince días seguintes a aquel en que se diten.

Artigo 60. *Declaración de actividade.*

1. A entidade que desexe obter a licenza de empresa ferroviaria deberá formular unha declaración de actividade, que deberá comprender o tipo, as características e a cantidade dos servizos que desexa prestar.

2. As empresas ferroviarias non poderán prestar servizos de transporte ferroviario que non estean expresamente amparados pola licenza de empresa ferroviaria, sen prexuízo de que soliciten, en cada caso, a súa ampliación ou a modificación do seu contido.

3. A declaración de actividade das empresas ferroviarias farase constar no Rexistro Especial Ferroviario regulado no título V deste regulamento e, cando se trate de empresas ferroviarias que pretendan realizar servizos de transporte ferroviario que transcorran integramente polo territorio dunha soa comunidade autónoma, comunicaráselle a esta.

Artigo 61. *Clases de actividade das empresas ferroviarias.*

1. Para os efectos do disposto no artigo anterior, a actividade das empresas ferroviarias clasifícase nas seguintes categorías:

Polo obxecto do servizo de transporte prestado.
Pola cantidade de tráfico anual.

2. Polo obxecto dos servizos de transporte ferroviario, a actividade das empresas ferroviarias clasifícase en:

De tracción exclusiva.
De transporte ferroviario de viaxeiros.
De transporte ferroviario de mercadorías.

Toda empresa ferroviaria que vaia realizar transporte ferroviario de mercadorías perigosas ou perecedoiras deberá comunicalo expresamente na súa declaración de actividade.

3. Pola cantidade de tráfico anual, a actividade clasifícase en tres niveis:

Nivel 1, cando supoñen menos dun millón de unidades tren-Km ao ano.

Nivel 2, cando supoñen un tráfico entre un millón e 10 millóns de unidades tren-Km ao ano.

Nivel 3, cando supoñen máis de 10 millóns de unidades tren-Km ao ano.

Subsección 2.^a Requisitos para a obtención da licenza de empresa ferroviaria

Artigo 62. Requisitos xerais.

1. O outorgamento da licenza de empresa ferroviaria, para prestar calquera dos servizos sinalados no artigo anterior, require, en todo caso, que o solicitante acredite, conforme o previsto na Lei do sector ferroviario e neste regulamento, o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Revestir a forma de sociedade anónima, de acordo coa lexislación española e sen prexuízo do establecido, en relación coa entidade pública empresarial RENFE-Operadora, na disposición adicional terceira da Lei do sector ferroviario. En todo caso, a sociedade deberá terse constituído por tempo indefinido, as súas accións deberán ter carácter nominativo e terá por obxecto principal a prestación de servizos de transporte ferroviario.

b) Contar con capacidade financeira para facer fronte ás súas obrigas presentes e futuras. Cumprírase o requisito de capacidade financeira cando a entidade solicitante da licenza de empresa ferroviaria conte cuns recursos económicos que permitan facer fronte ás obrigas a que se refire o artigo 46 da Lei do sector ferroviario.

c) Garantir a competencia profesional do seu persoal directivo e técnico e a seguridade nos servizos que pretenda prestar.

d) Ter cubertas as responsabilidades civís que lle poidan ser exixibles.

2. Non poderán ser titulares dunha licenza de empresa ferroviaria as entidades en que conorra algún dos supostos recollidos no artigo 45.3 da Lei do sector ferroviario.

Artigo 63. Criterios para valorar a cobertura da responsabilidade civil.

1. Cumprírase, conforme o artigo 48.2 da Lei do sector ferroviario, o requisito de cobertura da responsabilidade civil da empresa ferroviaria se, no momento de inicio das actividades para as cales a faculta a licenza e durante o seu desenvolvemento, dispón dun seguro ou de afianzamento mercantil que cubra:

a) Os danos aos viaxeiros, ás súas equipaxes, ao correo ou á carga transportada.

b) Os danos ás infraestruturas ferroviarias, aos trens e a terceiros, persoas ou bens, afectados.

2. Enténdese que unha empresa ferroviaria dispón de cobertura suficiente para responder dos danos aos viaxeiros, ás súas equipaxes, ao correo ou á carga transportada, respectivamente:

a) Se ten contratado un seguro de responsabilidade civil ou constituído un afianzamento mercantil que cubra unha responsabilidade mínima de 900.000 euros por sinistro.

b) Se ten contratado un seguro ou constituído un afianzamento mercantil que cubra a perda ou danos na equipaxe, como máximo, de catorce euros con cincuenta céntimos por quilogramo bruto que falte ou se dane e ata un máximo de 600 euros por viaxeiro.

c) Se se compromete a que, nos contratos de transporte de mercadorías que celebre, se recolla unha cláusula en que se pacte libremente entre as partes a contra-prestación que se deba satisfacer.

3. Considerarase que unha empresa ferroviaria dispón de cobertura suficiente para responder aos danos ás infraestruturas ferroviarias, aos trens e a terceiros se ten contratado un seguro ou constituído un aval que, respectivamente:

a) Cubra as seguintes cantidades:

Por danos á infraestrutura: 6 millóns de euros.

Por danos aos trens: 18 millóns de euros.

Por danos a terceiros (bens): 1,5 millóns de euros.

b) Cubra a morte ou lesión de terceiros, en contía de 450.000 euros por sinistro.

c) En caso de transporte ferroviario de mercadorías perigosas as coberturas garantidas por danos a terceiros (bens) deberán ser o dobre que as previstas no punto 3.a).

As contías previstas neste artigo poderán ser modificadas, para adaptalas ás novas situacións que se produzan, mediante orde do ministro de Fomento.

4. A cobertura de responsabilidade civil da empresa ferroviaria quedará reflectida nun documento anexo á licenza de empresa ferroviaria.

5. As empresas ferroviarias que pretendan prestar servizos en España e cuxa licenza fose outorgada noutro Estado membro da Unión Europea que requira un nivel de cobertura de riscos derivados da responsabilidade civil inferior ao regulado nos puntos 2 e 3, deberán acreditar que cumpren o previsto nos devanditos puntos, completando, de ser o caso, mediante unha póliza de seguro ou un afianzamento complementario, a cobertura garantida.

6. Non obstante o disposto neste artigo, de conformidade co disposto no Real decreto 1575/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do seguro obrigatorio de viaxeiros, toda empresa ferroviaria deberá ter contratado, no momento en que inicie a prestación dos servizos de transporte, un seguro obrigatorio.

Subsección 3.^a Solicitud de licenza de empresa ferroviaria

Artigo 64. Presentación da solicitude.

1. A solicitude de licenza de empresa ferroviaria dirixirase á Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento. O seu contido, que se deberá axustar ao previsto no artigo 70.1 da Lei 30/1992, incluirá a asunción formal polo solicitante do cumprimento das condicións e garantías establecidas neste regulamento.

2. Para que as notificacións aos solicitantes se practiquen utilizando medios telemáticos, requirirase que o interesado sinalase, na súa solicitude, o devandito medio como preferente ou consentise expresamente na súa utilización, identificando, ademais, o enderezo de correo electrónico correspondente, que deberá cumprir cos requisitos establecidos pola normativa aplicable. Neste suposto a notificación entenderase practicada ou rexeitada conforme o previsto no artigo 59 da Lei 30/1992.

3. O disposto nos dous parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo da posibilidade prevista na disposición adicional décimo primeira da Lei 30/1992.

Artigo 65. Documentación da solicitude de licenza de empresa ferroviaria.

1. A solicitude de licenza de empresa ferroviaria deberá ir acompañada da documentación especificada nesta subsección. A falta de presentación dalgún dos documentos que se relacionan nela, que se poderá emendar dentro dos quince días seguintes ao da data en que sexa notificado o requirimento de emenda, será causa de denegación da licenza.

2. Sen prexuízo do anterior, a entidade que solicite a licenza de empresa ferroviaria poderá achegar xunto á súa solicitude calquera outro documento que, ao seu xuízo, contribúa a acreditar o cumprimento dos requisitos a que se refire a subsección anterior.

A Dirección Xeral de Ferrocarrís poderá demandar do solicitante, así mesmo, os documentos ou a información que resulten precisos para completar a achegada coa solicitude.

3. Para efectos da súa identificación, a entidade solicitante deberá presentar a seguinte documentación:

a) Escritura de constitución da sociedade anónima e os seus estatutos sociais, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil.

b) Escritura de outorgamento de poder do que actúe no seu nome.

c) Relación de socios da empresa ferroviaria, con indicación das súas participacións no capital social, e das persoas que integran ou vaian integrar o Consello de Administración, ou sexan ou vaian ser administradores da sociedade e dos que exerzan ou vaian exercer cargos directivos nela.

d) Declaración de actividade.

e) Declaración dos servizos distintos dos de transporte ferroviario que preveña prestar.

4. Cando a entidade solicitante dunha licenza de empresa ferroviaria forme parte dunha agrupación empresarial internacional, deberá comunicar a composición do grupo empresarial a que pertenza e a relación existente entre as distintas sociedades que o integren. O Ministerio de Fomento poderá requirir, para este efecto, a información complementaria que considere relevante.

Artigo 66. Documentación xustificativa da capacidade da entidade para ser titular dunha licenza de empresa ferroviaria.

Para acreditar que ten capacidade para ser titular dunha licenza de empresa ferroviaria, a entidade solicitante deberá achegar xunto coa solicitude unha declaración responsable de que non se acha incurso en ningunha das causas de incapacidade que prevé o artigo 45.3 da Lei do sector ferroviario.

Artigo 67. Documentación xustificativa da capacidade financeira.

1. Conforme o artigo 46 da Lei do sector ferroviario, as entidades que soliciten a licenza de empresa ferroviaria farán constar, no momento da solicitude, a cifra do seu capital social que, para a categoría de actividades solicitada, non deberá ser inferior á exixida por este regulamento, e comunicarán quen son os accionistas, a súa nacionalidade e a súa cota de participación no capital social.

2. Entre a información que deberá presentar a entidade solicitante da licenza para acreditar que a entidade cumpre o requisito de capacidade financeira, figurarán, polo menos:

a) As contas auditadas dos dous últimos exercicios, se non se tratase dunha sociedade de nova creación e, en todo caso, as provisionais do exercicio en curso.

b) Un plan económico-financieiro a cinco anos que recolla as previsións de tráfico e ingresos e a evolución dos gastos e as fontes de financiamento con que se conte.

3. Se algún dos accionistas da entidade solicitante fose unha persoa xurídica, a Dirección Xeral de Ferrocarrís poderá solicitar, ademais, que se lle facilite a información necesaria para coñecer a titularidade indirecta das accións.

Artigo 68. Documentación xustificativa da competencia profesional.

O solicitante dunha licenza de empresa ferroviaria, con obxecto de garantir que dispón ou se compromete a dispor no momento de inicio das súas actividades dunha organización apta para a realización das actividades a que se refire a súa declaración de actividade, co suficiente grao de seguridade, achegará canta documentación considere conveniente, entre a que se incluírá un plan de actuación no cal se inclúan os datos seguintes:

a) A data prevista de comezo das actividades.

b) O organigrama do persoal directivo e técnico da sociedade, con indicación expresa dos que asumen competencias en materia de seguridade ferroviaria.

c) As previsións de actuación a cinco anos, cos servizos que se pretenden prestar.

d) Os manuais de operación que estarán dispoñibles no momento do inicio da actividade de transporte.

e) A evolución prevista do cadro de persoal de persoal de conducción e acompañamento de trens, tendo en conta a programación de servizos, as xornadas laborables no sector, os tempos máximos de conducción fixados regulamentariamente e as necesidades de tempo dedicado á formación para manter as titulacións e habilitacións.

f) A evolución prevista da dispoñibilidade de material rodante, propio, alugado ou dispoñible por calquera título admitido en dereito, tendo en conta a programación de servizos, as velocidades comerciais, os tempos de carga e descarga e todos cantos aspectos inflúan no seu dimensionamento.

g) Os sistemas de comunicación que prevé implantar para comunicarse coa Dirección Xeral de Ferrocarrís e co administrador de infraestruturas ferroviarias, conforme os criterios homoxéneos que estableza a primeira.

O previsto neste precepto poderá ser actualizado ou desenvolvido, conforme o artigo 47.2 da Lei do sector ferroviario, por orde do ministro de Fomento.

Artigo 69. Documentación xustificativa da cobertura de responsabilidade civil.

1. A entidade solicitante dunha licenza de empresa ferroviaria deberase comprometer, formalmente, a ter suficientemente garantida, con carácter previo ao inicio da prestación dos servizos de transporte ferroviario, a responsabilidade civil en que poida incurrir, conforme o previsto no artigo 63.

2. En concreto, no momento da solicitude, as entidades solicitantes da licenza deberán presentar un documento acreditativo do compromiso de cobertura da súa responsabilidade civil. Así mesmo, deberanse comprometer:

a) A lles proporcionar información aos usuarios sobre a contía das indemnizacións aplicables en cada caso.

b) A indicar se a súa responsabilidade vai exceder os límites fixados no artigo 63 deste regulamento.

c) A lle presentar, de ser o caso, á Dirección Xeral de Ferrocarrís, os contratos tipo de transporte de mercadorías.

3. A cobertura das responsabilidades recollidas neste precepto poderase garantir tamén mediante un aval que se constituirá na forma e pola contía que se establezan mediante orde do ministro de Fomento.

Subsección 4.^a A resolución de outorgamento, a modificación e a eficacia da licenza de empresa ferroviaria

Artigo 70. Outorgamento da licenza de empresa ferroviaria.

1. O ministro de Fomento, por proposta da Dirección Xeral de Ferrocarrís e co informe previo do administrador de infraestruturas ferroviarias, resolverá motivadamente sobre o outorgamento da licenza de empresa ferroviaria, que habilitará para a prestación de servizos de transporte ferroviario.

2. Unha vez recibida a solicitude de outorgamento coa documentación exixida, a Dirección Xeral de Ferrocarrís remitiralle o expediente ao administrador de infraestruturas ferroviarias para que, no prazo de trinta días contado desde a súa recepción, emita informe sobre a citada solicitude.

3. O ministro de Fomento notificará, no prazo máximo de tres meses contado desde a presentación da solicitude de licenza o da documentación complementaria requirida, a resolución motivada que outorgue ou denegue, cando non se cumpran os requisitos exixibles, a licenza de empresa ferroviaria. Transcorrido o devandito prazo sen que recaese resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude.

4. En caso de que a sociedade estea controlada, de forma directa ou indirecta, por unha ou varias persoas domiciliadas nun Estado que non sexa membro da Unión Europea, poderase denegar a licenza ou limitar os seus efectos cando as empresas ferroviarias españolas ou comunitarias non se beneficien no devandito Estado do dereito ao acceso efectivo á prestación do servizo ferroviario.

5. Contra a resolución do ministro de Fomento, o interesado poderá interpor, dentro do prazo legalmente previsto, recurso contencioso-administrativo.

Artigo 71. Modificación da licenza de empresa ferroviaria.

1. En caso de que unha empresa ferroviaria desexe prestar servizos de transporte ferroviario que supoñan unha modificación dos indicados na súa declaración de actividade, deberá solicitar, antes de solicitar a capacidade de infraestrutura necesaria para a súa prestación, a revisión da súa licenza con obxecto de modificar a declaración de actividade a que se refire o artigo 60.

2. O procedemento de modificación da licenza de empresa ferroviaria aterase ao establecido no artigo anterior para a súa obtención.

Artigo 72. Conservación de eficacia da licenza de empresa ferroviaria.

1. A licenza conservará a súa eficacia mentres a empresa ferroviaria cumpra os requisitos previstos para o seu outorgamento na Lei do sector ferroviario e neste regulamento. Correspóndelle á Dirección Xeral de Ferrocarrís verificar, en calquera momento, o cumprimento dos citados requisitos.

2. Para tal efecto, a Dirección Xeral de Ferrocarrís poderalle requirir ao titular dunha licenza de empresa ferroviaria que achegue canta información sexa pertinente para comprobar o cumprimento das condicións

que xustificaron o outorgamento da licenza. Así mesmo, poderá solicitar un informe do administrador de infraestruturas ferroviarias cando o considere necesario e, en todo caso, nos supostos a que se refiren as alíneas a) e b) do punto seguinte.

3. En particular, a Dirección Xeral de Ferrocarrís solicitará a información a que se refire o punto anterior, nos casos seguintes:

a) Cada cinco anos, polo menos, desde o outorgamento da licenza ou desde a finalización do anterior procedemento de verificación.

Neste suposto, a Dirección Xeral de Ferrocarrís comunicarlle ao titular da licenza a data de inicio da actuación de comprobación, co fin de que este teña dispoñible a documentación sobre:

As contas anuais auditadas da empresa desde o outorgamento da licenza ou desde a anterior revisión.

A relación dos órganos directivos da empresa ferroviaria.

A relación do material rodante utilizado durante o citado período e o réxime do seu mantemento.

A relación do persoal de conducción e do responsable da seguridade do transporte na empresa ferroviaria e os plans de formación que esta aplique.

b) Cando teña indicios do posible incumprimento por unha empresa ferroviaria dos requisitos exixidos.

Neste suposto, tras a oportuna notificación por parte da Dirección Xeral de Ferrocarrís, a empresa ferroviaria estará obrigada a presentar a documentación requirida no prazo máximo que se estableza na notificación, que non será superior a un mes.

c) Cando a empresa ferroviaria sufra calquera modificación do seu réxime xurídico, en particular no caso de transformación, fusión ou segregación dunha rama de actividade, ou cando sexan obxecto de adquisición unha parte significativa dos títulos representativos do seu capital por novos accionistas deberallo comunicar, no prazo máximo dun mes desde a transmisión dos títulos ou da adopción dos correspondentes acordos polos órganos da sociedade, á Dirección Xeral de Ferrocarrís.

O Ministerio de Fomento deberá decidir sobre a conservación ou non da eficacia da licenza, e poderá exixir da empresa ferroviaria a documentación que coide oportuna. A empresa ferroviaria poderá continuar prestando o servizo, salvo que o Ministerio considere que a modificación compromete a seguridade do tráfico ferroviario, en cuxo caso acordará, motivadamente, a suspensión cautelar da licenza outorgada ata que dite resolución.

4. Cando a Dirección Xeral de Ferrocarrís, tras a actuación referida nos puntos anteriores, comprobe que a empresa deixou de cumprir os requisitos exixidos, poderá iniciar o procedemento de suspensión ou de revogación de licenza a que se refire a subsección seguinte deste regulamento.

5. Se a Dirección Xeral de Ferrocarrís ten indicios do posible incumprimento dos requisitos exixidos na Lei do sector ferroviario e neste regulamento por unha empresa ferroviaria á cal lle outorgase a licenza unha autoridade doutro Estado membro, informará diso sen demora a devandita autoridade.

6. As empresas ferroviarias deberán notificar á Dirección Xeral de Ferrocarrís, no prazo dun mes desde que se produza, calquera circunstancia que poida afectar o cumprimento dos requisitos que determinaron o outorgamento da licenza ou o das condicións nela establecidas. Para manter en vigor a súa licenza, as empresas ferroviarias deberán presentar anualmente ante a citada dirección xeral, para a comprobación permanente da súa capacidade financeira, a memoria de xestión, a conta de resultados e o balance, como máis tarde seis meses despois de finalizar cada exercicio económico.

Subsección 5.ª Suspensión e revogación da licenza de empresa ferroviaria

Artigo 73. *Suspensión da licenza de empresa ferroviaria.*

1. O ministro de Fomento, nos supostos previstos no artigo 50 da Lei do sector ferroviario, poderá suspender total ou parcialmente os efectos da licenza concedida a unha empresa ferroviaria. Cando a suspensión sexa parcial, determinarase expresamente o seu alcance.

2. A suspensión da licenza por calquera das causas previstas no artigo 50 da Lei do sector ferroviario non dará lugar a indemnización ningunha a favor do seu titular e levarase a efecto sen prexuízo do cumprimento do que, respecto a réxime sancionador, se prevé na Lei do sector ferroviario. A suspensión poderase acordar por un prazo máximo de 12 meses.

Entenderase, para efectos de xustificar a suspensión, que non se garante a seguridade e a prestación eficaz do servizo de transporte ferroviario cando a actividade desenvolvida polo titular da licenza interfira gravemente no seu bo funcionamento ou poña en risco a súa seguridade.

3. Unha vez que se comprobe a existencia dunha causa de suspensión da licenza, a Dirección Xeral de Ferrocarrís incoará o expediente de suspensión e dará trámite de audiencia por prazo que non exceda de quince días á empresa ferroviaria afectada para que formule as alegacións e achegue os documentos que considere oportunos. No prazo máximo de dous meses desde a formalización das referidas alegacións ditarase, por proposta da Dirección Xeral de Ferrocarrís, e notificarase a resolución do ministro de Fomento.

Contra a resolución que dite o ministro de Fomento, o interesado poderá interpor, dentro do prazo legalmente previsto, recurso contencioso-administrativo.

Artigo 74. *Expediente de revogación da licenza.*

1. A licenza concedida a unha empresa ferroviaria poderase revogar nos supostos previstos no artigo 51.1 da Lei do sector ferroviario ou cando infrinxan a prohibición de realizar negocios xurídicos sobre a capacidade de infraestrutura adxudicada.

2. Sen prexuízo do disposto na Lei 30/1992 e na súa normativa de desenvolvemento, o procedemento de revogación da licenza iniciará de oficio a Dirección Xeral de Ferrocarrís, ben por propia iniciativa ben como consecuencia de orde superior, por instancia do administrador de infraestruturas ferroviarias ou doutros órganos ou mediante denuncia.

A denuncia deberá expresar a identidade da persoa ou persoas que a presenten, o relato dos feitos que puidesen constituir causa de revogación da licenza e a data da súa comisión.

3. Antes da iniciación do procedemento de revogación, a Dirección Xeral de Ferrocarrís poderá realizar actuacións para determinar a existencia de circunstancias que o xustifiquen. En especial, estas actuacións orientaranse a fixar, coa maior precisión posible, os feitos susceptibles de motivaren a incoación do procedemento, a persoa ou persoas que puidesen resultar responsables e as circunstancias relevantes que concorran nuns e outros.

4. Iniciado o procedemento, a Dirección Xeral de Ferrocarrís poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte, co informe previo do administrador de infraestruturas ferroviarias salvo no caso de que sexa este o que solicitase a iniciación do procedemento de revogación, as medidas provisionais que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer e o bo fin do procedemento, para evitar o mantemento dos efectos

da infracción cometida e para garantir o interese xeral.

As medidas provisionais quedarán, en todo caso, sen efecto de non se iniciar o procedemento no prazo sinalado ou de o acordo de iniciación non conter un pronunciamiento expreso acerca delas.

As medidas provisionais, que deberán ser proporcionais en canto á súa intensidade e condicións aos obxectivos que se pretenden garantir, poderán consistir na suspensión temporal de actividades ou da licenza, na prestación de fianzas ou na retirada de material rodante. Non se adoptarán medidas provisionais que lles poidan causar prexuízos de difícil ou imposible reparación aos interesados ou que impliquen violación de dereitos amparados pola lei.

As medidas provisionais poderán ser deixadas sen efecto ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou por instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser tidas en conta no momento da súa adopción e extinguiranse coa eficacia da resolución que poña fin ao procedemento de revogación.

Artigo 75. *Fase de instrución do procedemento de revogación.*

1. Unha vez acordada a iniciación do procedemento de revogación da licenza, notificaráselle á empresa ferroviaria afectada, a cal disporá dun prazo de quince días desde a data da notificación, para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións coide convenientes e, de ser o caso, propor un período de proba concretando os medios de que pretenda valerse. Recibidas as alegacións ou transcorrido o prazo para iso, a Dirección Xeral de Ferrocarrís poderá acordar a apertura do período de proba.

2. A proposta de resolución motivada que formule a Dirección Xeral de Ferrocarrís terá algún dos contidos seguintes:

a) O sobresemento do expediente de revogación.

b) A ampliación do prazo concedido para o inicio das actividades, ata dezaioito meses como máximo, a partir da data de outorgamento da licenza, se o esgotamento dos seis meses iniciais fose o motivo único de iniciación do expediente de revogación.

c) A suspensión da licenza, durante un período máximo dun ano, cando a causa do expediente sexa a interrupción da actividade por un período superior a seis meses ou se cometese unha infracción moi grave das tipificadas no artigo 88 da Lei do sector ferroviario.

d) O outorgamento dunha licenza temporal, cun período máximo de validez de seis meses, cando a causa do expediente sexa o incumprimento sobrevido dos requisitos exixibles en materia de capacidade financeira e sempre que concorran razóns de interese xeral e non se comprometa a seguridade do servizo ferroviario.

e) A revogación da licenza.

3. A proposta de resolución notificaráselles aos interesados, e concederáselles un prazo de quince días desde a notificación, para formularen alegacións e presentaren os documentos e informacións que coiden pertinentes ante a Dirección Xeral de Ferrocarrís que, á vista deles, lle remitirá o actuado, de acordo co previsto no artigo 51.2 da Lei do sector ferroviario, ao ministro de Fomento, xunto con todos os documentos, alegacións e informacións que consten no expediente.

A proposta de resolución será elevada ao ministro de Fomento.

Artigo 76. Finalización do procedemento de revogación.

1. No prazo dun mes desde a recepción da proposta de resolución e o expediente tramitado, o ministro de Fomento ditará resolución motivada, que lle deberá ser notificada á empresa titular da licenza.

Contra a resolución que dite o ministro de Fomento, o interesado poderá interpor, dentro do prazo legalmente previsto, recurso contencioso-administrativo.

2. Se, transcorridos seis meses desde o inicio do expediente, non se lles tivese notificado aos interesados a resolución que poña fin a este, producirase a súa caducidade. En tal caso, o Ministerio de Fomento emitirá, por solicitude do interesado, certificación en que conste que caducou o procedemento e que se procedeu ao arquivo das actuacións.

3. A revogación da licenza de empresa ferroviaria non dará lugar a indemnización ningunha a favor do seu titular e levarase a efecto sen prexuízo da aplicación, de ser o caso, do réxime sancionador previsto na Lei do sector ferroviario.

4. O contido do establecido nos artigos 73, 74 e 75 poderá ser actualizado ou desenvolvido, conforme o previsto no artigo 51.3 da Lei do sector ferroviario, por orde do ministro de Fomento.

5. No non previsto na Lei do sector ferroviario, neste regulamento e nas disposicións regulamentarias que, para o efecto, se diten, a revogación da licenza axustarase ao previsto no título VI da Lei 30/1992.

Artigo 77. Executividade da resolución de suspensión ou revogación da licenza de empresa ferroviaria.

A resolución que decreta a suspensión ou a revogación da licenza de empresa ferroviaria será inmediatamente executiva, comunicárselle ao administrador de infraestruturas ferroviarias e anotarse no Rexistro Especial Ferroviario.

SECCIÓN III. CONTIDO DA LICENZA DE EMPRESA FERROVIARIA**Artigo 78. Contido da licenza de empresa ferroviaria.**

1. O documento que formalice a licenza de empresa ferroviaria incluirá o réxime de dereitos e obrigas de aplicación a esta.

2. Os titulares das licenzas de empresa ferroviaria están facultados para:

a) Solicitar a adxudicación de capacidade necesaria para a prestación de servizos de transporte ferroviario sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

b) Utilizar a capacidade que lles foi adxudicada, logo de obtención do correspondente certificado de seguridade.

c) Utilizar as vías e plataformas das estacións e terminais da Rede Ferroviaria de Interese Xeral para o estacionamento dos seus trens e a realización das operacións de carga e descarga.

d) Utilizar os intercambiadores de largo de eixes ou de vía.

e) Utilizar as vías de apartado para o estacionamento do material rodante e para as operacións de manobra e de carga e descarga.

f) Utilizar, logo de pagamento das tarifas correspondentes, os servizos auxiliares, adicionais e complementarios que presten o administrador de infraestruturas ferroviarias ou terceiros debidamente habilitados.

g) O acceso do seu persoal, debidamente identificado cunha acreditación expedida polo administrador de infraestruturas ferroviarias, ás instalacións ferroviarias en que realice a súa actividade.

h) Realizar as funcións de vixilancia que lle atribúa o ordenamento vixente.

i) Percibir as tarifas que lles corresponda aboar aos usuarios.

j) Complementar o servizo de transporte ferroviario con outros que se presten nun modo diferente, ben por si mesmo ou contratando este cunha empresa transportista ou, de ser o caso, cun operador de transporte.

k) Desenvolver as actividades complementarias e inherentes á loxística do transporte.

l) Acudir ao Comité de Regulación Ferroviaria se se consideran prexudicados por calquera actuación que consideren contraria a dereito, conforme o artigo 83.3 da Lei do sector ferroviario.

3. Os titulares das licenzas de empresa ferroviaria deberán observar, na prestación do servizo de transporte, os requisitos e obrigas seguintes:

a) Cumprir as instrucións que diten o Ministerio de Fomento ou o administrador de infraestruturas ferroviarias respecto das condicións de prestación do servizo de transporte e dos seus niveis de calidade e de seguridade.

b) Cumprir as normas de seguridade e, en particular, as contidas no Regulamento xeral de circulación.

c) Facilitar os labores de control e inspección por parte do Ministerio de Fomento e do administrador de infraestruturas ferroviarias.

d) Informar e colaborar coa Dirección Xeral de Ferrocarrís e co administrador de infraestruturas ferroviarias, cando foren requiridos, na investigación de accidentes.

e) Pór á disposición do administrador de infraestruturas ferroviarias os recursos que este considere apropiados e prestarlle a colaboración que lles sexa requirida, de conformidade co previsto no plan de continxencias que se elabore para os casos de accidente, fallo técnico ou de calquera outra incidencia que perturbe o tráfico ferroviario.

f) Facer un bo uso da infraestrutura ferroviaria, de forma que se manteña nun estado idóneo de conservación.

g) Remitir ao Ministerio de Fomento e ao administrador de infraestruturas ferroviarias canta información e documentación lles sexa requirida, de acordo co establecido na Lei do sector ferroviario e nas súas normas de desenvolvemento. A devandita información só poderá ser utilizada para os fins que motivaron a solicitude da licenza e terá carácter confidencial cando así o determine a normativa vixente en cada momento. O Ministerio de Fomento e o administrador de infraestruturas ferroviarias non poderán revelar ningunha información relativa ás empresas ferroviarias que estea amparada polo secreto comercial ou industrial.

h) Garantirles aos usuarios os dereitos que, como tales, lles corresponden, de acordo co artigo 59 da Lei do sector ferroviario, así como o cumprimento das demais obrigas de carácter público na prestación do servizo cando así o determine o Consello de Ministros, tal como se dispón no artigo 53 da Lei do sector ferroviario.

i) Asegurar o público coñecemento das tarifas que lles apliquen aos seus clientes en concepto de retribución polos servizos ferroviarios prestados.

j) Cumprir permanentemente as condicións exixidas para a obtención da licenza de empresa ferroviaria e do certificado de seguridade.

k) Cumprir as obrigas de cobertura de responsabilidade civil a que se refire o artigo 63.

l) Satisfacer os canons, taxas e tarifas a que resulten suxeitos, conforme o disposto no título V da Lei do sector ferroviario e na súa normativa de desenvolvemento.

m) Cumprir os acordos aplicables en materia de transporte ferroviario internacional e respectar as disposicións vixentes, en cada momento, en materia aduaneira e fiscal.

CAPÍTULO III

Outros candidatos distintos das empresas ferroviarias**Artigo 79. Clasificación e definición doutros candidatos distintos das empresas ferroviarias.**

Terán a consideración de candidatos distintos das empresas ferroviarias para a adxudicación de capacidade de infraestruturas ferroviarias:

a) Os cargadores que son os propietarios da mercadoría ou os que, na súa representación, entreguen a mercadoría para o seu transporte.

b) Os axentes de transporte de viaxeiros ou mercadorías que son as entidades que contratan o transporte coas empresas ferroviarias.

c) Os operadores de transporte combinado que son as entidades que actúan como transportistas nun ou máis tramos da cadea de transporte podendo ser axentes de transporte no resto dela, para completar o percorrido da orixe ao destino.

d) As administracións públicas con atribucións en materia de prestación de servizos de transporte e que estivesen interesadas na prestación de determinados servizos de transporte ferroviario.

Artigo 80. Título habilitante necesario para solicitar a adxudicación de capacidade de infraestrutura.

1. Os axentes de transporte, os cargadores e os operadores de transporte combinado poden solicitar e obter capacidade de infraestrutura ferroviaria, sempre que realicen unha declaración de actividade e dispoñan dunha habilitación específica.

2. A habilitación será válida para todo o territorio nacional e facultará estes candidatos para solicitar, exclusivamente, a capacidade necesaria para a explotación do servizo de transporte ferroviario en que están interesados pola súa vinculación directa co exercicio da súa actividade.

3. Os devanditos candidatos non poderán ceder a capacidade que lles fose adxudicada. Para os efectos do establecido no artigo 47.6, non se considerará cesión a utilización de capacidade por parte dunha empresa ferroviaria que opere por conta dun adxudicatario de capacidade que non sexa empresa ferroviaria. En tal caso, a utilización de capacidade levarase a cabo para o cumprimento dos fins propios da actividade do cargador, axente de transporte ou operador de transporte combinado que recibise a adxudicación de capacidade.

4. As administracións públicas referidas no artigo anterior non precisarán para solicitar a adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria do título habilitante regulado neste artigo. Non obstante, deberán comunicar á Dirección Xeral de Ferrocarrís, previamente a realizaren a solicitude de capacidade, o seu interese pola prestación de determinados servizos de transporte ferroviario para que proceda á súa inscrición no Rexistro Especial Ferroviario regulado no título V.

Artigo 81. Clases de habilitación.

1. As habilitacións para operar como outros candidatos clasifícanse, segundo os servizos de transporte ferroviario en cuxa explotación estes están interesados e para os cales vaian solicitar capacidade, en:

a) Polo obxecto do transporte:

Servizos de transporte ferroviario de viaxeiros.
Servizos de transporte ferroviario de mercadorías.

b) Polo volume de tráfico para o cal prevexan solicitar capacidade anualmente:

Nivel 1, cando habiliten para circular entre 50.000 e 100.000 unidades de tren-km ao ano.

Nivel 2, cando habiliten para circular entre 100.000 e un millón de unidades de tren-km ao ano.

Nivel 3, cando habiliten para circular máis dun millón de unidades de tren-km ao ano.

2. En razón da actividade dos candidatos, establécense as seguintes limitacións de acceso ás habilitacións a que se refire o punto anterior:

a) Os cargadores, axentes de transporte de mercadorías e operadores de transporte combinado só poderán optar ás habilitacións de transporte ferroviario de mercadorías.

b) Os axentes de transporte de viaxeiros só poderán optar ás habilitacións de transporte ferroviario destes.

Artigo 82. Requisitos para a obtención da habilitación.

Para obter as habilitacións a que se refire o artigo anterior deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) Revestir a forma de sociedade anónima, de acordo coa lexislación española, ser de duración indefinida, e as súas accións de carácter nominativo.

b) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade para ser titular dunha licenza de empresa ferroviaria, que figuran establecidas no artigo 45.3 da Lei do sector ferroviario.

c) Efectuar unha declaración de actividade, con indicación do tipo de servizo e a cantidade de tráfico anual para o que prevexa solicitar capacidade.

d) Garantir a solicitude de capacidade para unha cantidade mínima de tráfico anual, expresada en trens x km, que derive directamente do nivel de tráfico asignado na súa declaración de actividade e que non poderá ser, en ningún caso, inferior a 50.000 trens x km.

e) Dispor, no momento do inicio das súas actividades, de sistemas de comunicación operativos, coa Dirección Xeral de Ferrocarrís e co administrador de infraestruturas ferroviarias, capaz de facer chegar a ambas información en condicións adecuadas de rapidez e fiabilidade.

f) Dispor dun capital social mínimo de 250.000 euros cando a habilitación sexa para un nivel 1 de tráfico, de 500.000 euros para un nivel 2 e de 1.000.000 euros en caso dun nivel de tráfico 3.

g) Dispor de recursos suficientes para facer fronte aos gastos fixos e de funcionamento, derivados das operacións resultantes da súa actividade.

h) Ter cubertas as responsabilidades civís que lle puidesen ser exixibles.

Artigo 83. Solicitude da habilitación.

1. A solicitude de habilitación para actuar como candidato dirixirase á Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento cumprindo os requisitos establecidos no artigo anterior.

2. A solicitude de habilitación como candidato irá acompañada da documentación que se especifica nos puntos seguintes e calquera outros documentos que, ao xuízo do solicitante, contribúan a acreditar o cumprimento dos requisitos enumerados no artigo anterior. A ausencia dalgún dos documentos que se indican, cuxa falta poderá ser emendada polo solicitante no prazo de quince días desde a data en que a Dirección Xeral de Ferrocarrís o requira, será motivo suficiente para a denegación da habilitación.

3. Para efectos da debida identificación da empresa que aspira a conseguir a habilitación como candidato e, de ser o caso, dos seus representantes, deberase presentar a seguinte documentación:

a) Escritura de constitución e estatutos sociais inscritos no Rexistro Mercantil.

b) Documentación acreditativa da personalidade do petionario e, en caso de que compareza a través de representante, do poder suficiente deste e da súa personalidade.

c) Relación de socios da empresa con indicación das súas participacións no capital social, e das persoas que integran ou vaian integrar o Consello de Administración, ou sexan ou vaian ser administradores da sociedade e dos que exerzan ou vaian exercer cargos directivos nela.

d) Documentación que acredite o obxecto e actividade da empresa.

e) Documentación que acredite a cobertura de responsabilidade civil de que dispón.

4. Para os efectos de xustificar a capacidade para ser titular dunha habilitación, o solicitante axustarase ao establecido no artigo 64 para a solicitude de licenza de empresa ferroviaria.

5. O solicitante da habilitación presentará unha memoria da actividade realizada durante os dous últimos exercicios concluídos e un plan de negocio acorde coa súa declaración de actividade e coa capacidade de infraestrutura ferroviaria que prevea que vaia utilizar nos dous anos seguintes á obtención da habilitación.

6. As empresas que soliciten a habilitación farán constar que o seu capital social, no momento da solicitude, non é inferior ao establecido para cada tipo de actividade no artigo anterior. Informarán, de ser o caso, das súas ampliacións, tanto das realizadas como das previstas, incluíndo importes, subscritores, porcentaxes de desembolso, datas e calquera outro dato relevante e indicarán os accionistas e especificarán a súa nacionalidade, residencia e cota de participación.

7. A contabilidade interna, analítica e financeira, máis recente e as contas auditadas dos dous últimos exercicios cerrados.

8. Resultados contables previstos para o exercicio económico en que se presenta a solicitude e os dous seguintes.

Artigo 84. *A resolución de outorgamento, modificación da habilitación e a súa eficacia.*

1. Correspóndelle ao ministro de Fomento outorgar a habilitación para actuar como candidato á adxudicación de capacidade aos axentes de transportes, cargadores e operadores de transporte combinado, seguindo o procedemento establecido para o outorgamento da licenza de empresa ferroviaria nos puntos 1 a 4 do artigo 70. Obtida a habilitación, quedará constancia dela no Rexistro Especial Ferroviario regulado no título V.

2. No suposto de que un candidato desexe efectuar unha variación substancial da actividade para a que inicialmente foi habilitado, deberá solicitar a revisión da súa habilitación tres meses antes de solicitar capacidade de infraestrutura ferroviaria, con obxecto de ampliar ou modificar a declaración de actividade a que se refire o artigo 81.

A solicitude de modificación dunha habilitación tramitarase polo mesmo procedemento establecido para a obtención dunha nova habilitación. A documentación que se deberá xuntar á solicitude será a suficiente para expresar todas as variacións producidas e valorar os efectos destas.

3. A habilitación terá unha duración de cinco anos, ben que poderá ser prorrogada de acordo cos prazos e condicións que o ministro de Fomento determine. Correspóndelle á Dirección Xeral de Ferrocarrís comprobar, en calquera momento, o cumprimento polo candidato habilitado dos citados requisitos. Para tal efecto, a Dirección Xeral de Ferrocarrís poderá requirir a achega de canta

información entenda necesaria para comprobar o mantemento das condicións que determinaron o outorgamento da licenza.

Artigo 85. *Suspensión e revogación da habilitación.*

1. O ministro de Fomento poderá, seguindo o mesmo procedemento regulado no artigo 73 para a suspensión da licenza de empresa ferroviaria, suspender total ou parcialmente os efectos da habilitación do candidato, cando se constate o incumprimento dalgunha das condicións exixidas para o seu outorgamento.

2. A suspensión dunha habilitación en aplicación do previsto neste artigo non dará lugar a ningunha indemnización a favor do seu titular e levarase a efecto sen prexuízo da eventual aplicación do réxime sancionador establecido na Lei do sector ferroviario.

3. A habilitación concedida a un axente de transporte, cargador ou operador de transporte combinado poderase revogar nos seguintes supostos:

a) O incumprimento sobrevido dos requisitos establecidos na Lei do sector ferroviario e neste regulamento para o seu outorgamento.

Nos supostos expresados no artigo 45.3.a) da Lei do sector ferroviario, só procederá a revogación da habilitación se os afectados non cesan nos seus cargos no prazo máximo dun mes, contado desde a notificación do requirimento que, para tal efecto, lles dirixa o Ministerio de Fomento.

b) O inicio contra el do procedemento concursal, salvo que o Ministerio de Fomento constatare a súa viabilidade financeira. O candidato deberá comunicar ao Ministerio de Fomento a resolución xudicial de declaración en situación concursal nun prazo de dous días desde que lle sexa notificada.

c) A obtención da habilitación en virtude de declaracións falsas ou por outro medio irregular.

d) O acaecemento dalgunha das causas de disolución forzosa da entidade previstas no artigo 260 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

e) A imposición dunha sanción conforme o previsto no punto terceiro do artigo 91 da Lei do sector ferroviario.

f) Non ter comezado, por causas a el imputables, a actividade de transporte ou contratación de transporte con empresas ferroviarias, dentro dos doce meses seguintes á data da notificación do outorgamento da habilitación. Non obstante, esta poderá solicitar que se estableza unha prórroga deste prazo para o inicio da súa actividade. A prórroga concederase, de ser o caso, en función das circunstancias e non poderá exceder de dezoito meses.

4. O inicio dun expediente de revogación da habilitación de candidato, por calquera das causas a que se refire o punto anterior, pódese producir:

a) Como resultado do labor inspector da Dirección Xeral de Ferrocarrís.

b) Por instancia do administrador de infraestruturas ferroviarias.

c) Por instancia de terceiros, mediante a presentación da oportuna denuncia.

5. As solicitudes de inicio de expediente de revogación dunha habilitación de candidato formularanse ante a Dirección Xeral de Ferrocarrís, conforme o establecido no artigo 74.2 para a revogación de licenzas outorgadas a empresas ferroviarias. Do mesmo modo, a instrución do procedemento de revogación, a súa finalización e a execución do acordo axustarase ao establecido nos artigos 74 a 76.

CAPÍTULO IV

A prestación de servizos de transporte ferroviario

SECCIÓN I. SERVICIOS DE TRANSPORTE FERROVIARIO DE VIAXEIROS

Artigo 86. Acceso aos servizos de transporte de viaxeiros.

1. As persoas que contan cun título de transporte que os habilite para viaxar poderán utilizar o servizo de transporte ferroviario que se preste conforme a Lei do sector ferroviario. Os nenos menores de catro anos que non ocupen praza non precisan título de transporte.

2. As empresas ferroviarias poderán comercializar os seus servizos de transporte establecendo diferentes clases nun mesmo tren, en función do espazo dispoñible por praza, as características deste e os servizos complementarios que se presten.

Artigo 87. O título de transporte.

1. O título de transporte ou billete é o documento que formaliza o contrato de transporte entre a empresa ferroviaria e o viaxeiro. O seu contido deberase axustar ao establecido neste artigo.

2. O título de transporte expresará, como mínimo, o seguinte:

- a) A determinación da empresa ou empresas ferroviarias que realizarán o transporte.
- b) A orixe da viaxe e hora de saída.
- c) O destino e a hora de chegada.
- d) Os transbordos que se puidesen producir con cambio de tren especificando lugar e hora.
- e) O coche, a clase e o número de praza.
- f) O peso e volume da equipaxe admitida.
- g) O prezo do transporte, especificando que inclúe todas as taxas.
- h) O prezo de facturación, de ser o caso, da equipaxe.
- i) A información sobre os seguros ou outros afianzamentos mercantís que o servizo ten cubertos.
- j) A hora límite para facturar, se a houber, ou de presentación nos controis de seguridade para o acceso aos vehículos de transporte, se o administrador de infraestruturas ferroviarias o establece.

Nos servizos de proximidades poderanse omitir as expresións referidas á hora de saída e de chegada das alíneas b) e c), respectivamente, e as contidas nas alíneas d), e), f), h), i) e j).

3. Non obstante o previsto no punto anterior, as empresas ferroviarias poderán realizar modificacións no contido do título de transporte indicado no punto anterior ou emitir outros tipos, sempre que así o autorice a Dirección Xeral de Ferrocarrís.

4. As empresas ferroviarias estarán obrigadas, en todo caso, a dar a coñecer, con antelación á súa adquisición polos usuarios, a existencia e o contido das condicións xerais que deberán rexer os distintos títulos de transporte.

5. En caso de que se formalice o contrato de transporte entre a empresa ferroviaria e o viaxeiro por medios electrónicos, a empresa ferroviaria deberalle facilitar ao viaxeiro toda a información a que se refire o punto 2 deste artigo.

Artigo 88. Responsabilidade da empresa ferroviaria.

1. A empresa ferroviaria que ofrezca servizos de transporte ferroviario de viaxeiros está obrigada a efectuar o transporte contratado coa duración prevista.

2. Salvo por causa de forza maior, a empresa ferroviaria é responsable fronte ao viaxeiro, nos termos establecidos no artigo seguinte, nos casos de:

- a) Cancelación da viaxe.
- b) Interrupción da viaxe.
- c) Atrazo.
- d) Perda, subtracción ou deterioración da equipaxe que se lle entregase para a súa custodia.

Para os efectos do artigo seguinte, entenderase por cancelación da viaxe a imposibilidade de iniciar esta nas condicións recollidas no título de transporte. Así mesmo, entenderase por interrupción da viaxe a paralización desta mentres se estea producindo.

3. As empresas ferroviarias porán en coñecemento dos seus clientes a existencia de pólizas de seguro ou os afianzamentos que tivesen contratado para garantir os danos que sufrisen os viaxeiros.

Artigo 89. Indemnización aos viaxeiros.

1. As empresas ferroviarias están obrigadas a indemnizar o viaxeiro cando se produza calquera das circunstancias indicadas no artigo precedente.

2. A empresa ferroviaria está obrigada a indemnizar o viaxeiro nos seguintes termos:

a) En caso de cancelación da viaxe, o viaxeiro terá dereito a que se lle devolva o prezo pagado polo servizo.

Se a cancelación se producise nas corenta e oito horas previas á fixada para o inicio da viaxe, a empresa ferroviaria estará obrigada, á elección do viaxeiro, a proporcionarlle transporte noutro tren ou outro modo de transporte, en condicións equivalentes ás pactadas ou a devolverlle o prezo pagado polo servizo.

Cando o viaxeiro fose informado da cancelación da viaxe nas catro horas previas á fixada para o seu inicio, terá dereito, ademais, a unha indemnización por conta da empresa ferroviaria consistente no dobre do importe do título de transporte.

b) En caso de interrupción da viaxe, a empresa ferroviaria estará obrigada a lle proporcionar ao viaxeiro, coa maior brevidade posible, transporte noutro tren ou outro modo de transporte, en condicións equivalentes ás pactadas.

Ademais, no caso de que o tempo de interrupción sexa superior a unha hora de duración, a empresa ferroviaria estará obrigada, de ser o caso, a sufragar os gastos de manutención e hospedaxe do viaxeiro durante o tempo que dure a interrupción.

c) En caso de atraso na chegada a destino por tempo superior a unha hora, o viaxeiro terá dereito a unha indemnización pecuniaria equivalente ao cincuenta por cento do prezo do título de transporte utilizado. Cando o atraso supere a hora e trinta minutos, a indemnización pecuniaria será equivalente ao total dese prezo.

d) A responsabilidade da empresa ferroviaria polos danos, perdas ou avarías que sufran as equipaxes que fosen facturadas, será de catorce euros con cincuenta céntimos por quilogramo bruto que falte ou se dane, ata a cantidade máxima de 600 euros por viaxeiro. Esta cantidade será actualizada, anualmente, conforme o índice de prezos de consumo (IPC).

3. A cancelación ou interrupción do servizo contratado por persoas con discapacidade ou mobilidade reducida nos supostos previstos no segundo parágrafo da alínea a) ou da alínea b) do punto anterior, o modo de transporte que se lles ofrezca deberá cumprir as mesmas condicións de accesibilidade con que conte aquel.

4. En todo caso, calquera viaxeiro poderá reclamar por vía xudicial ou, eventualmente, arbitral, os danos e

perdas que a cancelación da viaxe ou o atraso na súa chegada ao destino previsto lle ocasionen.

Artigo 90. *Exclusión de viaxeiros.*

1. A empresa ferroviaria está facultada para excluír dos seus vehículos de transporte os viaxeiros que, coa súa conduta, alteren a orde dentro deles ou poñan en perigo a seguridade do transporte.

Poderáselles denegar tamén o acceso aos vehículos de transporte e ás salas de embarque ou de espera a aquelas persoas que non se sometan aos controis de seguridade establecidos para o acceso dos viaxeiros aos vehículos.

2. Sen prexuízo das sancións que puidesen corresponder polas infraccións que cometesen, os pasaxeiros excluídos non terán dereito ao reembolso do prezo pagado polo título de transporte.

3. No suposto de que o persoal da empresa ferroviaria comprobese que un determinado viaxeiro viaxa sen o billete que o habilite para iso, exixíralle a este que lle aboe o pagamento do seu prezo e, en caso de non o facer, que abandone o tren na estación en que se encontrase estacionado ou, se se achar en tránsito entre dúas estacións, na primeira en que se deteña. Iso enténdese sen prexuízo da aplicación da eventual penalidade prevista, para tal efecto, nas condicións xerais de contratación do transporte de viaxeiros debidamente aprobadas e da aplicación do previsto no artigo 90.1 da Lei do sector ferroviario, logo da instrución do correspondente procedemento sancionador.

SECCIÓN II. SERVICIOS DE TRANSPORTE FERROVIARIO DE MERCADORÍAS

Artigo 91. *Acceso aos servizos de transporte de mercadorías.*

1. As empresas ferroviarias poderán ofrecer os seus distintos tipos de servizos de transporte ferroviario.

2. Os cargadores e os destinatarios das mercadorías que se ocupen de efectuar a entrega ou a recollida destas nunha terminal ferroviaria, deberán ser autorizados a entrar na devandita terminal cos vehículos apropiados sempre que estea cuberta polo correspondente seguro a responsabilidade civil en que poidan incorrer polos danos e perdas que puidesen causar.

Artigo 92. *O título de transporte.*

1. O título de transporte ou carta de porte é o documento que formaliza o contrato de transporte entre a empresa ferroviaria que realiza o servizo de transporte de mercadorías ou outro candidato e o cliente. O seu contido deberase axustar ao establecido neste artigo.

2. O título de transporte só pode ser usado para o servizo de transporte contratado e serve de xustificante para retirar a mercadoría en destino.

3. Ademais das especificacións que incorpore cada empresa ferroviaria, o título de transporte de mercadorías conterá necesariamente a seguinte información:

- Empresa ou empresas ferroviarias a través das cales se realizará o transporte.
- Cargador ou axente de transporte.
- Lugar e condicións de entrega da mercadoría á empresa ferroviaria ou aos seus representantes con indicación da data e hora previstas para esta.
- Destinatario da mercadoría.
- Lugar e condicións de entrega da mercadoría ao destinatario con indicación da data e hora previstas para esta.
- Características da mercadoría e peso e volume desta.

g) Prezo do transporte, especificando que inclúe todos os impostos e taxas.

h) Seguros ou outros afianzamentos mercantís que cobren os danos ou a perda da mercadoría e eventual limitación da responsabilidade da empresa ferroviaria.

4. Non obstante o previsto no punto 3, as empresas ferroviarias poderán modificar o contido dos títulos de transporte por outros, sempre que así o autorice a Dirección Xeral de Ferrocarrís.

5. En caso de que se formalice por medios electrónicos o contrato de transporte entre a empresa ferroviaria e o cliente, aquela facilitaralle a este toda a información enumerada no punto 3.

Artigo 93. *Responsabilidade da empresa ferroviaria.*

1. A empresa ferroviaria que ofrezca servizos de transporte ferroviario de mercadorías está obrigada a efectuar o transporte contratado no tempo previsto e conforme as condicións pactadas no contrato.

2. As empresas ferroviarias débennlle proporcionar ao cliente ou ao consignatario da mercadoría canta información soliciten sobre as circunstancias específicas en que se encontra esta, así como de calquera modificación que se produza na prestación do servizo de transporte.

3. Salvo en caso de forza maior, a empresa ferroviaria é responsable da perda, da subtracción e da deterioración da mercadoría confiada para o seu transporte.

Artigo 94. *Límite de responsabilidade.*

1. En caso de cancelación ou interrupción dun servizo por causas a ela imputables, a empresa ferroviaria está obrigada a proporcionar o transporte da mercadoría noutro tren, mediante outro modo de transporte, ou a devolver o importe pagado polo cliente, á elección deste, sen prexuízo das indemnizacións a que haxa lugar.

2. Salvo que expresamente se pacte o contrario, a responsabilidade dos transportistas de mercadorías polos danos, perdas ou avarías que sufran aquelas, estará limitada como máximo á cantidade de catro euros con cincuenta céntimos por quilogramo bruto que falte ou se dane. Esta cantidade será actualizada, anualmente, conforme o índice de prezos de consumo (IPC).

3. Cando se pacten límites superiores ou condicións de responsabilidade diferentes ás previstas no punto anterior, a empresa ferroviaria poderá solicitar, como contraprestación, unha cantidade adicional sobre o prezo do transporte. A contía da devandita percepción adicional será libremente pactada polas partes.

SECCIÓN III. SERVICIOS DECLARADOS DE INTERESE PÚBLICO

Artigo 95. *Servizos de transporte ferroviario de interese público.*

1. Mediante acordo de Consello de Ministros poderase declarar de interese público a prestación de determinados servizos de transporte ferroviario sobre as liñas ou os tramos que integran a Rede Ferroviaria de Interese Xeral, cando a súa prestación resulte deficitaria ou non se realice nas condicións adecuadas de frecuencia e calidade e sexa necesaria para garantir a comunicación entre distintas localidades do territorio español. Esta declaración poderase realizar de oficio ou por instancia das comunidades autónomas ou das entidades locais interesadas.

2. Declarada de interese público a prestación dun determinado servizo de transporte ferroviario, as empresas ferroviarias unicamente o poderán prestar logo da obtención da correspondente autorización.

3. Conforme o previsto no artigo 53.5 da Lei do sector ferroviario, por orde do ministro de Fomento estable-

cerase o réxime das autorizacións para prestar servizos de transporte ferroviario de interese público.

SECCIÓN IV. DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS

Artigo 96. *Dereitos dos usuarios.*

1. Os usuarios dos servizos de transporte ferroviario terán dereito ao seu uso nos termos que se establecen na normativa vixente e, de ser o caso, nos contratos que celebren coas empresas ferroviarias.

2. Os usuarios dos servizos de transporte ferroviario de viaxeiros gozarán dos seguintes dereitos:

a) A acceder á publicación polas empresas ferroviarias, coa suficiente antelación, do horario de servizos e dos prezos correspondentes a estes.

b) A contratar a prestación do servizo ferroviario desde ou ata calquera das estacións en que se reciban ou se apeen viaxeiros. Para estes efectos, as empresas ferroviarias poderán prestar os seus servizos entre calquera estación do traxecto que cubran.

c) A recibir o servizo nas adecuadas condicións de seguridade, satisfacendo, de ser o caso, os prezos que correspondan en función das tarifas e taxas aplicables.

d) A celebrar coa empresa ferroviaria un contrato de transporte axustado ao disposto na Lei 26/1984, do 19 de xullo, de defensa dos consumidores e usuarios.

e) A recibir as mercadorías e equipaxes no mesmo estado en que as entregaron.

f) A ser informados dos procedementos establecidos para resolver as controversias que poidan xurdir en relación co transporte ferroviario.

g) A ser indemnizados dos prexuízos que lles causen, en caso de incumprimento pola empresa ferroviaria das obrigas que lles correspondan, de acordo co establecido neste regulamento.

h) Calquera outro que lles recoñezan as normas vixentes.

3. Os usuarios terán, igualmente, dereito a efectuar reclamacións por calquera incumprimento do contrato de transporte producido durante a prestación dun servizo de transporte de viaxeiros ou de mercadorías e poderán dirixilas a calquera das oficinas comerciais da empresa ferroviaria que o prestase no prazo dun mes desde que tivesen coñecemento do feito que as motivou.

Así mesmo, os usuarios poderán instar a defensa das súas pretensións, nos termos previstos na lexislación vixente, ante as xuntas arbitrais de transporte, ante as xuntas arbitrais de consumo e, en todo caso, ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 97. *Obrigas dos usuarios.*

1. Os usuarios deberán atender as indicacións que formulen as empresas ferroviarias en relación coa correcta prestación do servizo, así como o indicado para tal fin nos carteis colocados á vista en instalacións e coches e deberán dispor, durante o tempo que dure a prestación do servizo, do título de transporte que os habilite a recibila.

2. Deberán cumprir os usuarios as obrigas establecidas nos contratos tipo de transporte ferroviario de viaxeiros ou de mercadorías que, de ser o caso, aprobe a Administración.

Deberán respectar, igualmente, as medidas que, en materia de protección civil e seguridade, establezan os órganos competentes respecto das infraestruturas ferroviarias.

SECCIÓN V. O LIBRO DE RECLAMACIÓNS

Artigo 98. *Modelo.*

1. O administrador de infraestruturas ferroviarias e as empresas ferroviarias deberán dispor dun libro de reclamacións, que se axustará ao modelo que se determina no anexo a este regulamento.

2. O modelo do libro de reclamacións poderase modificar ou adaptar a cada tipo de servizo por orde do ministro de Fomento.

Artigo 99. *Acceso dos usuarios.*

1. O administrador de infraestruturas ferroviarias terá á disposición dos usuarios un libro de reclamacións en todas as instalacións onde se presten servizos ao público en xeral e, en concreto, nas estacións e terminais.

2. As empresas ferroviarias estarán obrigadas a ter á disposición dos usuarios un libro de reclamacións debidamente dilixenciado, nos lugares que a continuación se indican:

a) Nas instalacións fixas da súa titularidade en que se expendan títulos de transporte.

b) En todos os trens que realicen servizo de transporte de viaxeiros e que contén con persoal da empresa ferroviaria ademais do de conducción.

c) En todas as estacións de viaxeiros e terminais de mercadorías en que a empresa conte con persoal ao seu servizo.

d) En todos os puntos de facturación e entrega de equipaxes.

Artigo 100. *Formalidades.*

1. As entidades obrigadas presentarán o libro de reclamacións ante a Dirección Xeral de Ferrocarrís para o seu dilixenciamiento e cubrirán debidamente os seus datos.

2. O libro de reclamacións será de libre edición e constará de varios exemplares de follas de reclamacións correlativamente numeradas. Cada folla de reclamacións confeccionarase en cuadruplicado exemplar de igual numeración e terá o seguinte destino:

a) A primeira copia deberase remitir obrigatoriamente ao órgano que dilixenciou o libro de reclamacións.

b) A segunda e a terceira entregaránselle ao reclamante, que poderá remitir esta última ao órgano que en cada caso corresponda, se así o considera conveniente.

c) A cuarta será conservada pola entidade e unirase ao libro de reclamacións, para a súa constancia.

Artigo 101. *Formulación de reclamacións.*

1. Cada unha das reclamacións formularase por escrito no libro, consignando os feitos obxecto da reclamación, o nome e os apelidos do reclamante, o número do seu documento nacional de identidade, o seu domicilio para efectos de notificacións e a súa sinatura, así como o lugar e a data da reclamación.

Poderá ser consignado polo reclamante igualmente calquera outro dato que considere de interese para o mellor coñecemento da reclamación, entre os cales se poderán incluír a identificación e sinatura dunha testemuña presencial do feito obxecto de reclamación.

2. Os titulares dos servizos e actividades estarán obrigados a lles facilitaren o libro de reclamacións aos usuarios cando o soliciten para os efectos previstos neste artigo.

Artigo 102. Procedemento.

Formulada unha reclamación polo usuario, a entidade obrigada á súa conservación entregaralle os exemplares da folla correspondente destinados ao reclamante e, no prazo de trinta días, remitirá ao órgano que dilixenciou o libro de reclamacións ou exemplar da folla a el destinado, en unión do informe ou as alegacións que coide convenientes sobre os feitos relatados polo propio reclamante, e indicará se acepta ou rexeita a reclamación. O interesado, de conformidade co artigo 37 da Lei 30/1992, terá dereito a acceder aos documentos que forman parte do expediente a que dea lugar a súa reclamación.

Artigo 103. Dilixenciamento dos libros.

O dilixenciamento do segundo e dos sucesivos libros de reclamacións para un mesmo vehículo, servizo ou actividade requirirá a devolución do libro anteriormente dilixenciado, salvo que se acredite suficientemente a imposibilidade de facelo.

Artigo 104. Rótulo.

En todos os lugares en que sexa obrigatorio dispor dun libro de reclamacións existirá un rótulo, perfectamente visible, que especifique a devandita circunstancia.

CAPÍTULO V**Réxime de seguridade no transporte ferroviario****Artigo 105. Certificado de seguridade.**

1. O certificado de seguridade é un documento emitido polo Ministerio de Fomento ou por un ente facultado por este, que permite prestar servizos sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral e no cal se establecen as condicións que as empresas ferroviarias que desexen prestar un servizo de transporte ferroviario de viaxeiros ou de mercadorías deben cumprir en materia de sistemas de control, de circulación e de seguridade ferroviaria, de coñecementos e requisitos do persoal de conducción e de características técnicas e mantemento do material rodante, e en calquera outra que derive do previsto neste regulamento e nas súas normas de desenvolvemento.

As empresas ferroviarias estarán obrigadas a cumprir, en todo momento, as condicións establecidas nos certificados de seguridade. O incumprimento destas condicións determinará a revogación do certificado de seguridade, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador contido na Lei do sector ferroviario.

O certificado de seguridade outorgaráselle á empresa ferroviaria respecto do conxunto dos servizos que vaia prestar e das liñas sobre as cales pretenda realizar a súa actividade, e deberá ser solicitado por esta antes de realizar a petición de adxudicación de capacidade ante o administrador de infraestruturas ferroviarias. As empresas ferroviarias deberán obter o certificado de seguridade antes de que se lles adxudique a capacidade de infraestructura solicitada.

2. O certificado de seguridade constará de dúas partes diferenciadas:

a) A primeira, referente á comprobación de que a empresa ferroviaria dispón dun sistema de xestión da seguridade.

b) A segunda, para as liñas sobre as cales pretenda realizar a súa actividade, corresponde á comprobación do cumprimento dos requisitos exixidos na Lei do sector ferroviario, neste regulamento e nas demais normas que desenvolvan aquela respecto á circulación ferroviaria, ao persoal de conducción e ao material rodante.

3. A notificación da resolución que outorgue ou denegue o certificado de seguridade producirase nun prazo máximo de catro meses desde a data da presentación da solicitude polas empresas ferroviarias, á cal se lle xuntará a documentación exixida pola Lei do sector ferroviario e por este regulamento. Entre a devandita documentación deberase incluír a que acredite os seguintes extremos:

1.º Os que xustifiquen que a empresa ferroviaria dispón dun sistema de xestión da seguridade, que se agruparán da seguinte maneira:

a) En relación coa organización empresarial:

(i) A existencia duns criterios e obxectivos en materia de seguridade aprobados polos órganos directivos da organización e comunicados a todo o seu persoal, a existencia dun departamento dedicado á xestión da seguridade na circulación e de plans para alcanzar os devanditos obxectivos.

(ii) O establecemento dun procedemento adecuado de distribución da referida información dentro da organización empresarial.

(iii) A existencia de procedementos para satisfacer os estándares técnicos e operativos establecidos nas especificacións técnicas de interoperabilidade e en calquera outra norma nacional de seguridade que resulte aplicable e para levar a cabo a avaliación de riscos e implementar medidas de control sempre que teña lugar algún cambio nas condicións operativas ou se utilice un novo tipo de material.

(iv) A previsión de mecanismos para levar a cabo a distribución da información, en materia de seguridade, dentro da organización ou entre organizacións que operan sobre a mesma infraestructura.

(v) Os procedementos e formatos relativos á forma en que se documentará a información en materia de seguridade.

(vi) A existencia de mecanismos para levar a cabo auditorías internas en relación co sistema de seguridade e para garantir que os accidentes e incidentes sexan informados, investigados e analizados e dun plan de continxencias acordado co administrador de infraestructuras ferroviarias.

(vii) A existencia de procedementos que permitan garantir o cumprimento por parte dos provedores e subcontratistas da empresa ferroviaria, dos estándares técnicos e operativos por esta exixidos.

b) En relación co persoal de conducción:

(i) A dispoñibilidade de medios e recursos que garantan a formación continua do persoal.

(ii) A dispoñibilidade de centros homologados de control físico e psíquico do persoal de conducción e os medios e procedementos para levalo a cabo.

(iii) A dispoñibilidade de medios e recursos que permitan realizar o control aleatorio de alcoholismo e drogadición do persoal.

(iv) O réxime que se aplicará ao outorgamento de habilitacións de conducción e á súa renovación, indicando a formación que se imparta e as probas que se deberán superar.

c) En relación co material rodante, a dispoñibilidade de plans de mantemento e de centros homologados para levalos a cabo.

2.º Os que permitan acreditar, respecto das liñas sobre as cales pretenda operar, o cumprimento dos requisitos exixidos na Lei do sector ferroviario, neste regulamento e nas demais normas que desenvolvan aquela, en relación coa circulación ferroviaria, o persoal de conducción e o material rodante.

Á vista da documentación achegada, ou da que presente o solicitante con carácter complementario se for requirido para iso, resolverase sobre o outorgamento ou denegación do certificado de seguridade.

A resolución que outorgue o certificado de seguridade terá plenos efectos desde que se dite. A resolución denegatoria deberá ser motivada e poderá ser impugnada ante o Comité de Regulación Ferroviaria. Contra a resolución do Comité de Regulación Ferroviaria poderán os interesados interpor, conforme o previsto no artigo 83.5 da Lei do sector ferroviario, recurso de alzada ante o ministro de Fomento.

Para efectos do establecido neste artigo, a non resolución, no prazo de dous meses desde a recepción da documentación, polo órgano competente respecto da solicitude de outorgamento do certificado de seguridade determinará a súa denegación.

4. A Dirección Xeral de Ferrocarrís ou, de ser o caso, o ente facultado por esta, levará a cabo os controis necesarios para comprobar o cumprimento polas empresas ferroviarias das normas de seguridade e practicará as probas pertinentes para constatar que o seu persoal cumpre os requisitos establecidos na orde que o ministro de Fomento dite para o efecto.

O cambio normativo sobrevido ou as novas exixencias en materia de seguridade permitirán a revisión do certificado outorgado.

5. O período de vixencia do certificado de seguridade será de cinco anos. Poderase renovar, por períodos sucesivos iguais, sempre que se cumpran as condicións exixidas para o seu outorgamento.

Artigo 106. *Ampliación do certificado de seguridade.*

Cando unha empresa ferroviaria obtivese un certificado de seguridade e desexe prestar servizos do mesmo tipo dos que presta nun novo itinerario, poderá solicitar a ampliación do certificado, para o que deberá presentar a documentación a que se refire o punto 3.2.º do artigo anterior. O procedemento será o mesmo que o establecido para o outorgamento do certificado de seguridade.

Artigo 107. *Revogación do certificado de seguridade.*

1. As empresas ferroviarias deberán respectar, en todo caso, as condicións establecidas no certificado de seguridade. O seu incumprimento determinará a revogación do certificado, logo de expediente instruído para o efecto, no cal, en todo caso, se dará audiencia á empresa ferroviaria.

2. O procedemento de revogación do certificado de seguridade iniciaráse sempre de oficio o órgano habilitado para a instrución do procedemento, conforme o disposto no artigo 69 da Lei 30/1992, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Antes da iniciación do procedemento de revogación, poderanse realizar actuacións para determinar se concorren circunstancias que a xustifiquen. En especial, estas actuacións orientaranse a fixar, coa maior precisión posible, os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento, a persoa ou persoas que puidesen resultar responsables e as circunstancias relevantes que concorran nuns e outros.

4. Iniciado o procedemento, poderanse adoptar, de oficio ou por instancia de parte, as medidas provisionais que se consideren oportunas para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer e o bo fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción cometida e garantir o interese xeral.

En todo caso, as medidas provisionais quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no prazo sinalado ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamiento expreso sobre elas.

As medidas provisionais, que deberán ser proporcionadas en canto á súa intensidade e ás súas condicións aos fins que se pretenden garantir, poderán consistir na suspensión temporal de actividades ou do certificado de seguridade, na prestación de fianzas ou na retirada de material rodante. Non se poderán adoptar medidas provisionais que lles poidan causar prexuízos de difícil ou imposible reparación aos interesados ou que impliquen violación de dereitos amparados pola lei.

As medidas provisionais poderán ser deixadas sen efecto ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou por instancia de parte, por circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser tidas en conta no momento da súa adopción.

En todo caso, extinguiranse coa eficacia da resolución que poña fin ao procedemento de revogación.

5. Acordada a iniciación do procedemento de revogación do certificado de seguridade, notificaráselle á empresa ferroviaria afectada, que disporá dun prazo de quince días, desde a data da notificación, para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións coide convenientes e, de ser o caso, propor probas concretando os medios de que pretenda valerse. Recibidas as alegacións ou transcorrido o prazo para iso, o órgano instrutor do procedemento poderá acordar a apertura dun período de proba.

6. A proposta de resolución notificaráselles aos interesados, e concederáselles un prazo de quince días desde a notificación para formularen alegacións e presentaren os documentos e informacións que consideren pertinentes ante o órgano instrutor que, á vista deles, lle remitirá o actuado, para os efectos do artigo 57.2 da Lei do sector ferroviario, ao órgano competente para resolver, xunto con todos os documentos, alegacións e informacións que consten no expediente.

7. A resolución que se dite será motivada e terá algún dos contidos seguintes:

- a) O sobresemento do expediente de revogación.
- b) A revogación do certificado de seguridade.

8. Se, transcorridos seis meses desde o inicio do expediente, non se lles tivese notificado aos interesados a súa resolución, producirase a súa caducidade. O interesado poderá solicitar un certificado en que conste que caducou o procedemento e que se arquivaron as actuacións.

9. A revogación do certificado de seguridade non dará lugar a indemnización ningunha a favor do seu titular e levarase a efecto sen prexuízo da aplicación, de ser o caso, do réxime sancionador regulado na Lei do sector ferroviario.

10. No non previsto na Lei do sector ferroviario, neste regulamento e nas disposicións regulamentarias que, para o efecto, se diten, a revogación do certificado de seguridade axustarase ao establecido no título VI da Lei 30/1992.

11. A revogación do certificado de seguridade será inmediatamente executiva, comunicaráselle ao Comité de Regulación Ferroviaria e, de ser o caso, ao administrador de infraestruturas ferroviarias. A devandita resolución poderá ser impugnada ante o Comité de Regulación Ferroviaria, que resolverá no prazo improrrogable dun mes. Contra a resolución do Comité de Regulación Ferroviaria poderán os interesados interpor, conforme o previsto no artigo 83.5 da Lei do sector ferroviario, recurso de alzada ante o ministro de Fomento.

Artigo 108. *Réxime de circulación sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral.*

1. Á circulación sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral aplicaráselle as normas que en materia de seguridade aprobe o Ministerio de Fomento e, en especial, o

Regulamento xeral de circulación que determinarán as particularidades aplicables a cada tramo de rede.

2. O incumprimento das condicións exixibles para a circulación será causa de paralización do tren polo administrador de infraestruturas ferroviarias na estación ou vía de punto que este determine.

3. Cando resulte necesario resolver con urxencia as incidencias que se produzan en relación coa seguridade de tráfico, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá tomar, con carácter provisional, as decisións non regradas pertinentes, e comunicarallas, no prazo máximo de vinte e catro horas desde a súa adopción, á Dirección Xeral de Ferrocarrís.

Artigo 109. *Regulamento xeral de circulación.*

1. Mediante orde do ministro de Fomento aprobarase, no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste regulamento e logo de informe do administrador de infraestruturas ferroviarias e das empresas ferroviarias, o Regulamento xeral de circulación. Este conterá as normas de circulación sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral e establecerá as condicións necesarias para a circulación dos trens e incorporará, en todo caso, o seguinte contido:

a) Os principios que rexen a organización da circulación, o vocabulario técnico básico que se debe empregar para as comunicacións, os documentos de uso obrigatorio e os seus procedementos de distribución, os medios necesarios para a boa organización da circulación, as regras para as comunicacións entre o persoal de circulación e o de conducción e os coñecementos básicos exixibles a ambos.

b) O significado dos sinais e o réxime de funcionamento das instalacións de seguridade da circulación, de indole mecánica, luminosa ou electrónica, tanto respecto da infraestrutura ferroviaria como do material rodante.

c) As regras que se deben cumprir para a circulación dos trens pola Rede e para a súa entrada, saída e paso polas estacións, as medidas que se van adoptar en caso de pasos a nivel e de incidencias sobre as infraestruturas que poidan afectar as condicións de circulación.

d) Os tipos de bloqueo da vía e enclavamento das estacións e o seu funcionamento.

e) As normas que se van seguir para a composición dos trens, a distribución da súa carga e a freada daqueles.

f) A forma en que se deben realizar as manobras.

2. O Regulamento xeral de circulación establecerá a forma en que o administrador de infraestruturas ferroviarias deberá ditar as ordes e circulares necesarias para determinar, con precisión, as condicións de operación da infraestrutura ferroviaria. As ordes e circulares terán por obxecto evitar incidencias e accidentes e, de ser o caso, facerlles fronte.

As ordes e circulares que dite o administrador de infraestruturas ferroviarias publicaranse de modo tal que se garanta o coñecemento do seu contido polas empresas ferroviarias, que adoptarán as medidas necesarias para asegurar o seu coñecemento polo persoal destinado a cumprilas.

Artigo 110. *Medidas especiais en caso de perturbacións do tráfico ferroviario.*

1. Conforme o disposto no artigo 34 da Lei do sector ferroviario, o administrador de infraestruturas ferroviarias, no prazo dun ano a partir da aprobación deste regulamento, elaborará un plan de continxencias que presentará ao Ministerio de Fomento para a súa aprobación.

2. Nos supostos previstos no artigo 34 da Lei do sector ferroviario, as empresas ferroviarias estarán obrigadas a pór á disposición do administrador de infraestruturas ferroviarias os recursos que este reclame e a prestarlle a

colaboración que lles sexa requirida. Pola utilización dos devanditos recursos, satisfaceráselles ás empresas ferroviarias que non fosen as causantes da perturbación no tráfico ferroviario, a correspondente contraprestación, que se calculará conforme o establecido na correspondente orde do ministro de Fomento, salvo que exista acordo previo entre as partes afectadas.

CAPÍTULO VI

A investigación de accidentes ferroviarios

Artigo 111. *Competencias en materia de investigación de accidentes ferroviarios.*

1. A Dirección Xeral de Ferrocarrís ou, de ser o caso, o ente ou órgano administrativo habilitado levará a cabo a investigación de accidentes ferroviarios graves e, cando o considere procedente, a investigación dos demais accidentes ferroviarios.

Enténdese por accidente un suceso repentino, non desexado nin intencionado, ou unha cadea de sucesos dese tipo, de consecuencias prexudiciais. Para os efectos deste regulamento, os accidentes ferroviarios pódense producir por colisións, descarrilamentos, atropelamentos en pasos a nivel, incendios ou outros sucesos de natureza similar.

Enténdese por accidente grave aquel en que haxa vítimas mortais ou máis de catro feridos graves, ou no cal se ocasionen danos ao material rodante, á infraestrutura ferroviaria ou ao ambiente, por valor superior a dous millóns de euros.

2. Sen prexuízo do anterior, o administrador de infraestruturas ferroviarias investigará todos os accidentes ferroviarios que se produzan na Rede Ferroviaria de Interese Xeral, realizando esta investigación sen interferir na levada a cabo, de ser o caso, pola Dirección Xeral de Ferrocarrís ou polo ente ou órgano administrativo habilitado, e prestará toda a colaboración que lle sexa requirida.

3. As empresas ferroviarias deberán levar a cabo tamén unha investigación interna de todos os accidentes ferroviarios en que se visen implicadas. Esta investigación non interferirá a levada a cabo, de ser o caso, pola Dirección Xeral de Ferrocarrís ou polo ente ou órgano administrativo habilitado, á cal lle deberán prestar toda a colaboración que lles sexa requirida.

Artigo 112. *Investigación de accidentes pola Dirección Xeral de Ferrocarrís.*

1. Para levar a cabo a investigación de accidentes ferroviarios graves, a Dirección Xeral de Ferrocarrís ou, de ser o caso, o ente ou órgano administrativo habilitado, designarán o técnico responsable e os demais membros do equipo investigador encargado de determinar as súas causas e formular as recomendacións tendentes a previlos no futuro.

O técnico responsable designado para a investigación dun accidente ferroviario establecerá, conforme as pautas a que se refire o punto 3 deste artigo, o procedemento da investigación e determinará o seu alcance e os requirimentos de cada unha das partes implicadas no accidente.

2. O equipo investigador estará integrado por, polo menos, un técnico da Dirección Xeral de Ferrocarrís, responsable da investigación, que terá acceso a calquera información relacionada co accidente investigado e polos responsables de seguridade do propio administrador de infraestruturas ferroviarias e das empresas ferroviarias implicadas no accidente, os cales virán obrigados a pór en favor da devandita investigación todos os medios e recursos de que dispoñen as entidades ás cales representan.

O equipo investigador, no exercicio das súas funcións, poderá requirir o asesoramento doutros expertos en materia de seguridade ferroviaria e investigación de accidentes.

3. O Ministerio de Fomento establecerá as pautas e instrucións para realizar a investigación dos accidentes, que terá como finalidade determinar as súas causas e formular recomendacións para reducir os riscos no transporte ferroviario.

4. En calquera momento da investigación dun accidente, a Dirección Xeral de Ferrocarrís ou, de ser o caso, o ente ou órgano administrativo habilitado, poderán solicitar a colaboración dunha autoridade doutro Estado e colaborar nunha investigación fóra do territorio español, sempre que a autoridade do Estado correspondente o solicite.

Artigo 113. Investigación de accidentes polo administrador de infraestruturas ferroviarias.

1. O administrador de infraestruturas ferroviarias establecerá, de acordo coas pautas a que se refire o punto 3 do artigo anterior, o procedemento para realizar a súa propia investigación dos accidentes ferroviarios que se produzan sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral, que deberá ser posto en coñecemento da Dirección Xeral de Ferrocarrís.

2. O administrador de infraestruturas ferroviarias elaborará un informe anual, que remitirá á Dirección Xeral de Ferrocarrís, de todos os accidentes ferroviarios acaecidos na Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

Artigo 114. Investigación de accidentes polas empresas ferroviarias.

1. De conformidade co artigo 111.3, as empresas ferroviarias establecerán dentro do seu sistema de xestión da seguridade, as pautas e os procedementos que se deberán seguir na investigación de accidentes en que se encontren implicadas.

2. As empresas ferroviarias elaborarán un informe anual que remitirán á Dirección Xeral de Ferrocarrís sobre os accidentes ferroviarios que investigasen.

Artigo 115. Informes e recomendacións.

1. Ao termo de cada investigación, o equipo investigador elaborará un informe no cal se describirán, de forma detallada, os feitos acaecidos, se establecerán no posible as causas do accidente e cantas anomalías, deficiencias e irregularidades garden relación con aquel e se formularán as recomendacións sobre a forma de previr outros accidentes.

2. En todo caso, a Dirección Xeral de Ferrocarrís ou o ente ou órgano administrativo habilitado para o efecto elaborarán anualmente un informe que recolla todos os accidentes producidos como consecuencia da prestación do servizo de transporte ferroviario.

Artigo 116. Incidentes producidos no tráfico ferroviario.

1. Entenderase por incidente producido no tráfico ferroviario calquera anomalía técnica, operativa ou doutra orde no funcionamento dos trens que, sen provocar un accidente, afecte a súa seguridade e se produza sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral.

2. Corresponderalle ao administrador de infraestruturas ferroviarias e, de ser o caso, á empresa ferroviaria implicada, a investigación dos referidos incidentes e a formulación dos correspondentes informes tendentes a pór de manifesto as súas causas e a evitar que se produzan no futuro.

2. Todas as entidades vinculadas ao tráfico ferroviario lle deberán prestar ao administrador de infraestruturas ferroviarias e, de ser o caso, ás empresas ferroviarias que correspondan a colaboración que lles sexa requirida para a investigación dos incidentes, a formulación de recomendacións e a súa aplicación práctica.

TÍTULO IV

Os servizos de inspección

Artigo 117. A inspección dos servizos ferroviarios.

1. Corresponde ao Ministerio de Fomento, no ámbito da competencia estatal, a inspección das empresas ferroviarias, do transporte ferroviario prestado por estas e da forma de prestación dos servizos adicionais, auxiliares e complementarios, cuxo exercicio se axustará ao establecido neste título.

2. A función inspectora da Dirección Xeral de Ferrocarrís exercerase en relación coas seguintes actividades e servizos relacionados coa Rede Ferroviaria de Interese Xeral:

a) As actividades das empresas ferroviarias e outros candidatos.

b) Os medios humanos e materiais utilizados para a prestación dos servizos ferroviarios.

c) As actividades desenvolvidas polos centros de formación de persoal, os centros médicos e os de mantemento de material e as entidades colaboradoras nos procesos de homologación, de conformidade co que establece a correspondente orde ministerial.

d) Os servizos adicionais, auxiliares e complementarios prestados ás empresas ferroviarias.

e) Os servizos de transporte prestados polas empresas ferroviarias a viaxeiros e cargadores.

f) O comportamento dos viaxeiros no uso das infraestruturas e servizos de transporte ferroviario.

3. Sen prexuízo do anterior, correspóndelles ás empresas ferroviarias que presten servizos sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral e, de ser o caso, ao administrador de infraestruturas ferroviarias, a vixilancia inmediata da observancia, polos usuarios e por terceiros, das normas establecidas neste regulamento, e exercer as funcións inspectoras e dando conta das infraccións detectadas aos órganos competentes.

Artigo 118. As funcións de policía e de inspección nas infraestruturas ferroviarias.

1. Correspóndelle ao administrador de infraestruturas ferroviarias o exercicio da potestade de policía en relación coa circulación ferroviaria e o uso e defensa da infraestructura, coa finalidade de garantir a seguridade no tráfico ferroviario e a conservación das infraestruturas e instalacións ferroviarias necesarias para a súa explotación. Correspóndelle, igualmente, o control do cumprimento das obrigas que tendan a evitar toda clase de dano, deterioración das vías, risco ou perigo para as persoas e das limitacións impostas en relación cos terreos inmediatos ao ferrocarril, de conformidade co establecido na Lei do sector ferroviario e neste regulamento.

2. O Consello de Administración do administrador de infraestruturas ferroviarias aprobará a estrutura dos seus servizos de control, inspección e vixilancia.

3. De conformidade co artigo 27.1 da Lei do sector ferroviario, a Dirección Xeral de Ferrocarrís controlará o exercicio das funcións de inspección que lle corresponden ao administrador de infraestruturas ferroviarias.

Artigo 119. *Iniciación do procedemento de inspección.*

A función inspectora poderá ser exercida de oficio ou como consecuencia de petición fundada dos cargadores, dos usuarios, das asociacións destes, das empresas ou das asociacións de empresas ferroviarias ou de calquera outra persoa ou entidade interesada na iniciación do procedemento de inspección.

Artigo 120. *Valor probatorio das actas e informes.*

As actas e informes dos servizos de inspección farán proba, salvo que se acredite o contrario, dos feitos neles recollidos, sen prexuízo do deber dos axentes actuantes de achegar todos os elementos probatorios que estean á súa disposición sobre o feito denunciado e da obriga da Administración de achegar as probas que, de ser o caso, resulten procedentes na tramitación do correspondente procedemento sancionador.

Artigo 121. *Tramitación das actas.*

Os servizos de inspección remitiranlles as actas das denuncias que formulen aos órganos competentes para a incoación dos correspondentes procedementos sancionadores.

Artigo 122. *Colaboración con outros órganos.*

Se, na súa actuación, o persoal de inspección percibise a existencia de feitos que poidan constituír infracción da normativa reguladora doutros sectores suxeitos a ordenación administrativa, especialmente en materia laboral, fiscal ou de seguridade vial, porano en coñecemento dos órganos competentes.

Artigo 123. *Límite das actuacións de inspección.*

As actuacións inspectoras reguladas neste capítulo levaranse a cabo só na medida en que resulten necesarias para comprobar o cumprimento das obrigas contidas na lexislación de transportes ferroviario.

Artigo 124. *Facultades dos servizos de Inspección.*

1. No exercicio da súa función, o persoal de Inspección da Dirección Xeral de Ferrocarrís ou do administrador de infraestruturas ferroviarias poderá:

a) Realizar materialmente as actuacións inspectoras precisas en calquera lugar en que se desenvolvan actividades afectadas pola lexislación do transporte ferroviario. Non obstante, cando se precise o acceso ao domicilio de persoas físicas e xurídicas, será precisa a previa obtención do oportuno mandamento xudicial.

b) Levar a cabo as probas, investigacións ou exames que resulten necesarios para asegurarse da observancia das disposicións legais vixentes en materia de transporte ferroviario.

c) Adoptar, con carácter cautelar, provisionalmente e polo menor tempo posible, toda clase de medidas que garantan a seguridade na circulación ferroviaria, ben teñan relación coa infraestructura ferroviaria ben coa prestación dos servizos de transporte ferroviario, adicionais, complementarios ou auxiliares.

2. Se o persoal de Inspección da Dirección Xeral de Ferrocarrís ou do administrador de infraestruturas ferroviarias, á vista das graves circunstancias existentes que comprometan a seguridade dos transportes, decidise a paralización dos servizos ou actividades ferroviarias, comunicarllo inmediatamente ao delegado do Goberno na comunidade autónoma correspondente, para efectos de que se instrúa o correspondente procedemento sancionador.

Artigo 125. *Obrigas dos titulares de licenzas e autorizacións.*

1. As empresas habilitadas para a prestación dos servizos de transporte ferroviario ou para a realización de actividades a que se refire este regulamento estarán obrigadas a lles facilitar aos servizos de Inspección da Dirección Xeral de Ferrocarrís e do administrador de infraestruturas ferroviarias a inspección dos seus vehículos e instalacións e o exame dos documentos que estean obrigados a conservar.

Para tal efecto, o persoal de Inspección poderá demandar a documentación precisa para o mellor cumprimento da súa función na sede da entidade inspeccionada ou ben requirir a súa presentación nas oficinas públicas correspondentes.

2. Así mesmo, o persoal de Inspección da Dirección Xeral de Ferrocarrís ou do administrador de infraestruturas ferroviarias, no exercicio das súas funcións, poderá solicitar dos remitentes cargadores, usuarios e, en xeral, dos que realicen actividades vinculadas ao transporte ferroviario, o exame dos documentos correspondentes a tales actividades, así como requirirlles calquera información.

Artigo 126. *Acreditación do persoal de Inspección.*

O persoal de Inspección estará provisto do documento acreditativo da súa condición, que lle poderá ser requirido cando exercite as súas funcións, debendo, en tal caso, exhibilo.

Artigo 127. *Consideración do persoal de Inspección.*

1. Os funcionarios da Inspección da Dirección Xeral de Ferrocarrís e o persoal do administrador de infraestruturas ferroviarias que fose nomeado e formalmente acreditado terán, no exercicio das actuacións inspectoras, a consideración de axente da autoridade.

2. O persoal de Inspección, para un eficaz cumprimento das súas funcións, poderá solicitar, a través do subdelegado ou delegado do Goberno, o apoio das forzas e corpos de seguridade do Estado.

Artigo 128. *Plans de actuación.*

A Dirección Xeral de Ferrocarrís establecerá periodicamente os plans de actuación dos seus servizos de Inspección e determinará as liñas directrices das operacións de control dos servizos ou actividades que requiran actuacións especiais. Os plans de inspección darán ás actuacións inspectoras un carácter sistemático e prestarán especial atención ao transporte ferroviario de mercadorías perigosas. O propio fará, respecto dos seus servizos de Inspección, o administrador de infraestruturas ferroviarias.

TÍTULO V

Rexistro Especial Ferroviario

Artigo 129. *Obxecto e estrutura.*

1. O Rexistro Especial Ferroviario levarao a Dirección Xeral de Ferrocarrís e terá por obxecto a inscrición, de oficio, das entidades e persoas físicas e xurídicas cuxa actividade estea vinculada ao sector ferroviario e requiran, para o seu exercicio, da correspondente licenza de empresa ferroviaria ou dun título habilitante, de confor-

midade co disposto na Lei do sector ferroviario, neste regulamento e nas demais normas de desenvolvemento.

Inscribiranse, así mesmo, no Rexistro Especial Ferroviario as administracións públicas con atribucións en materia de prestación de servizos de transporte que manifesten o seu interese por solicitar a adxudicación de capacidade de infraestrutura necesaria para a prestación de determinados servizos de transporte ferroviario.

2. O Rexistro Especial Ferroviario consta das oito seccións seguintes:

- 1) Sección de licenzas de empresa ferroviaria.
- 2) Sección de candidatos distintos de empresas ferroviarias.
- 3) Sección de administracións públicas con atribucións en materia de prestación de servizos de transporte.
- 4) Sección de persoal ferroviario.
- 5) Sección de material rodante.
- 6) Sección de centros de formación de persoal ferroviario.
- 7) Sección de centros médicos autorizados.
- 8) Sección de centros de mantemento do material rodante.

3. As entidades inscritas no Rexistro estarán obrigadas a lle comunicar ao Ministerio de Fomento, no prazo máximo dun mes desde que se produza, a variación que sufrise calquera dos datos vinculados á obtención da licenza, ao título habilitante ou, de ser o caso, ao seu persoal ferroviario ou material rodante.

4. A Dirección Xeral de Ferrocarrís, como responsable do mantemento do Rexistro Especial Ferroviario, deberá adoptar as medidas de índole técnica e organizativas necesarias que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal que o devandito rexistro poida conter, e evitará a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que estean expostos, xa proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural.

Rexistraranse, exclusivamente, os datos de carácter persoal que sexan necesarios para o cumprimento do obxecto do Rexistro.

SECCIÓN 1.^a LICENZAS DE EMPRESA FERROVIARIA

Artigo 130. *A sección de licenzas de empresa ferroviaria.*

1. Nesta sección figurará, para cada empresa titular de licenza de empresa ferroviaria, polo menos a seguinte información:

- i. O nome, denominación social da empresa e os seus datos de inscrición no Rexistro Mercantil.
- ii. O número de licenza de empresa ferroviaria.
- iii. O seu domicilio social.
- iv. O seu número de CIF.
- v. O número de licenza de empresa ferroviaria e calquera modificación, suspensión ou revogación de que fose obxecto.
- vi. A declaración de actividade que realice debidamente actualizada, con indicación expresa de se realiza transporte ferroviario de mercadorías perigosas.
- vii. A relación actualizada do persoal ferroviario que figura no seu cadro de persoal, indicando, especialmente, o responsable de seguridade na circulación.
- viii. A relación actualizada do material rodante de que dispoña.
- ix. As infraccións polas que tivese sido sancionada, nos últimos cinco anos.
- x. A identidade da persoa ou persoas que administren a empresa.

xi. A indicación dos sistemas de comunicación convenientemente identificados.

xii. A referencia ás inspeccións realizadas á empresa nos últimos cinco anos, coas súas datas e resultados.

xiii. Toda modificación, suspensión ou revogación de que tivese sido obxecto a licenza de empresa ferroviaria.

xiv. Os datos identificativos dos centros de formación, médicos e de mantemento de material con que a empresa teña contraídos contratos para a formación do seu persoal, a realización de revisións médicas deste e o mantemento do seu material rodante, respectivamente.

2. As empresas ferroviarias inscritas nesta sección estarán obrigadas a lle comunicar á Dirección Xeral de Ferrocarrís e, de ser o caso, ao administrador de infraestruturas ferroviarias, no prazo máximo dun mes desde que se produzan, calquera variación que se produza nos datos contidos na solicitude formulada, no seu día, para a obtención da licenza, en relación cos títulos, as habilitacións e os certificados que afecten o seu persoal.

SECCIÓN 2.^a DE CANDIDATOS DISTINTOS DAS EMPRESAS FERROVIARIAS

Artigo 131. *A sección de candidatos distintos das empresas ferroviarias.*

Nesta sección inscribíranse os datos relativos aos candidatos distintos das empresas ferroviarias que obtivesen o título habilitante que lles permite solicitar ao administrador de infraestruturas ferroviarias a adxudicación de capacidade.

Inscribíranse os seguintes datos relativos aos referidos candidatos:

- i. O nome, denominación social da empresa e os seus datos de inscrición no Rexistro Mercantil.
- ii. O seu domicilio social.
- iii. O seu número de CIF.
- iv. O número da súa habilitación e calquera modificación, suspensión ou revogación de que fose obxecto.
- v. A declaración de actividade que realice debidamente actualizada.
- vi. As infraccións polas que tivese sido sancionada, nos últimos cinco anos.
- vii. A identidade da persoa ou persoas que administren a empresa.
- viii. A indicación dos sistemas de comunicación convenientemente identificados.
- ix. A referencia ás inspeccións realizadas á empresa nos últimos cinco anos, coas súas datas e resultados.

SECCIÓN 3.^a ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CON ATRIBUCIÓN EN MATERIA DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE TRANSPORTE

Artigo 132. *Sección de administracións públicas con atribucións en materia de prestación de servizos de transporte.*

1. Nesta sección inscribíranse as administracións públicas que, con atribucións en materia de prestación de servizos de transporte, estean interesadas en solicitar a adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria para a prestación dun determinado servizo de transporte ferroviario.

Inscribíranse os seguintes datos relativos ás referidas administracións públicas:

- i. Datos identificativos da Administración pública.
- ii. Identificación da persoa de contacto para efecto de notificacións.
- iii. A relación de servizos de transporte ferroviario para cuxa prestación estean interesadas en solicitar a correspondente adxudicación de capacidade.

2. As administracións públicas inscritas nesta sección deberán comunicar calquera variación que se produza na relación de servizos de transporte a que se refire a epígrafe iii) do punto anterior.

SECCIÓN 4.^a PERSOAL FERROVIARIO

Artigo 133. *A sección persoal ferroviario.*

1. Nesta sección inscribíranse os datos relativos ao persoal especialmente habilitado para prestar servizos nas empresas ferroviarias ou, de ser o caso, no administrador de infraestruturas ferroviarias.

A sección de persoal ferroviario contará coas seguintes subseccións:

- a) Subsección de persoal de circulación.
- b) Subsección de persoal de infraestrutura.
- c) Subsección de persoal de operacións do tren.
- d) Subsección de persoal de conducción.
- e) Subsección de responsables en materia de seguridade na circulación.

2. Na subsección de persoal de circulación figurará, para cada persoa coa correspondente habilitación outorgada polo administrador de infraestruturas ferroviarias, polo menos a seguinte información:

- i. Nome do titular.
- ii. Data de nacemento.
- iii. Domicilio para efecto de notificacións.
- iv. Nacionalidade.
- v. Tipo de habilitación e a data de expedición.
- vi. Prazo de vixencia.
- vii. Data de expedición do último certificado médico e o centro que o expediu.
- viii. Sancións impostas nos últimos cinco últimos anos.

3. Na subsección de persoal de infraestrutura figurará, para cada persoa coa correspondente habilitación outorgada polo administrador de infraestruturas ferroviarias, polo menos a seguinte información:

- i. Nome do titular.
- ii. Data de nacemento.
- iii. Domicilio para efecto de notificacións.
- iv. Nacionalidade.
- v. Tipo de habilitación e a data de expedición.
- vi. Prazo de vixencia.
- vii. Data de expedición do último certificado médico e o centro que o expediu.
- viii. Sancións impostas nos últimos cinco últimos anos.

4. Na subsección de persoal de operacións do tren figurará, para cada persoa coa correspondente habilitación outorgada pola empresa ferroviaria para a cal presta os seus servizos, polo menos a seguinte información:

- i. Nome do titular.
- ii. Data de nacemento.
- iii. Número de licenza da empresa ferroviaria para a cal presta os seus servizos.
- iv. Domicilio para efecto de notificacións.
- v. Nacionalidade.
- vi. Tipo de habilitación e a data de expedición.
- vii. Prazo de vixencia.
- viii. Data de expedición do último certificado médico e o centro que o expediu.
- ix. Sancións impostas nos cinco últimos anos.

5. Na subsección de persoal de conducción figurará, para cada persoa con título de conducir en vigor, polo menos a seguinte información:

- i. Nome do titular.

- ii. Data de nacemento.
- iii. Domicilio para efecto de notificacións.
- iv. Nacionalidade.
- v. Data de expedición do título de conducir.
- vi. Número de licenza da empresa ferroviaria en que presta os seus servizos.
- vii. Tipo de habilitacións que dispón e data de expedición destas e os seus límites de vixencia.
- viii. Data de expedición do último certificado médico e o centro que o expediu.
- ix. Cursos de formación recibidos nos últimos tres anos e os seus resultados.
- x. Sancións impostas nos últimos cinco últimos anos.
- xi. Horas de conducción realizadas polo referido persoal.

6. Na subsección de persoal responsable en materia de seguridade na circulación figurará, polo menos, a seguinte información:

- i. Nome do titular.
- ii. Data de nacemento.
- iii. Domicilio para efecto de notificacións.
- iv. Nacionalidade.
- v. Número de licenza da empresa ferroviaria en que presta os seus servizos.
- vi. Titulación ou titulacións académicas, que, de ser o caso, tiver.
- vii. Funcións desempeñadas en materia de seguridade na empresa ferroviaria, con indicación do cargo.
- viii. Indicación, de ser o caso, do conselleiro da seguridade no transporte de mercadorías perigosas.

SECCIÓN 5.^a MATERIAL RODANTE

Artigo 134. *Sección de material rodante.*

1. Nesta sección inscribírase todo o material rodante que circule pola Rede Ferroviaria de Interese Xeral e estará integrada polas seguintes subseccións:

- a) Locomotoras.
- b) Unidades autopropulsadas.
- c) Coches.
- d) Vagóns.
- e) Material rodante auxiliar.

2. Todo vehículo ferroviario que circule pola Rede Ferroviaria de Interese Xeral figurará inscrito nesta sección en que se recollerá a seguinte información:

- i. Número de matrícula.
- ii. Número de serie.
- iii. Titular do vehículo e o seu domicilio para efecto de notificacións.
- iv. Ano de fabricación.
- v. Lonxitude.
- vi. Largo máximo.
- vii. Altura máxima.
- viii. Tara-Carga máxima autorizada.
- ix. Velocidade máxima autorizada.
- x. Autorización para circular.
- xi. Tramos e liñas nos cales pode circular.
- xii. Plan de mantemento.
- xiii. Inspeccións regulamentarias realizadas.
- xiv. Frecuencia das inspeccións.
- xv. Calendario das inspeccións (en data e en quilómetros).
- xvi. Data da última inspección (en data e en quilómetros).

- xvii. Data da seguinte inspección que se vai realizar (en data e en quilometraxe).
- xviii. Data de baixas ocasionais e causa.
- xix. Data de baixa definitiva e causa.

3. As empresas ferroviarias inscritas no Rexistro e os que se sirvan de material rodante que circule pola Rede Ferroviaria de Interese Xeral estarán obrigados a lle comunicar á Dirección Xeral de Ferrocarrís e, de ser o caso, ao administrador de infraestruturas ferroviarias, de forma inmediata, cantas variacións se produzan na situación do devandito material. No prazo máximo dun mes desde que se produzan, deberán comunicar as variacións que sufrise calquera dato asociado á obtención da súa homologación.

SECCIÓN 6.^a CENTROS DE FORMACIÓN DO PERSOAL FERROVIARIO

Artigo 135. *Sección de centros de formación do persoal ferroviario.*

1. Nesta sección inscribíranse os datos relativos aos centros de formación que obteñan a homologación que os faculte para formaren o persoal ferroviario. Os datos inscribíbles serán:

- i. O nome e CIF do centro.
- ii. A denominación e o domicilio social da empresa titular.
- iii. O domicilio do centro.
- iv. O nome e apelidos e o DNI do director do centro.
- v. A data do outorgamento da homologación e a súa validez.
- vi. A relación do seu persoal instrutor.
- vii. As inspeccións soportadas nos últimos cinco anos, coas súas datas e resultados.
- viii. As sancións que se impuxesen ao seu titular nos últimos cinco anos e ao centro.

2. Os centros de formación do persoal ferroviario comunicarán calquera variación que se produza nos datos indicados no punto anterior.

SECCIÓN 7.^a DE CENTROS MÉDICOS

Artigo 136. *Sección de centros médicos.*

1. Nesta sección inscribíranse os centros médicos que obteñan a homologación que os faculte para a realización dos recoñecementos médicos exiñibles ao persoal ferroviario. Os datos inscribíbles serán:

- i. O nome e CIF do centro.
- ii. A denominación e o domicilio social da empresa titular do centro.
- iii. O domicilio do centro.
- iv. O nome e apelidos e o DNI do director do centro.
- v. A data do outorgamento da homologación e a súa validez.
- vi. A relación de facultativos autorizados para prestaren o servizo.
- vii. As inspeccións soportadas nos últimos cinco anos, coas súas datas e resultados.
- viii. As sancións que se impuxesen ao seu titular nos últimos cinco anos e ao centro.

2. Os centros médicos comunicarán calquera variación que se produza nos datos indicados no punto anterior.

SECCIÓN 8.^a DE CENTROS AUTORIZADOS DE MANTEMENTO DE MATERIAL RODANTE

Artigo 137. *Sección de centros de mantemento de material rodante.*

1. Nesta sección inscribíranse os datos relativos aos centros de mantemento de material rodante que obteñan a homologación que os faculte para realizaren as operacións de mantemento dos vehículos ferroviarios que circulan sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral. Os datos inscribíbles serán os seguintes:

- i. O nome e CIF do centro.
- ii. A denominación e domicilio social da empresa titular.
- iii. O domicilio do centro.
- iv. O nome e apelidos e o DNI do director do centro.
- v. A data do outorgamento da homologación e a súa validez.
- vi. Habilitacións outorgadas ao centro, data e validez.
- vii. Inspeccións soportadas nos últimos cinco anos, coas súas datas e resultados.
- viii. As sancións que se impuxesen ao seu titular nos últimos cinco anos e ao centro.

2. Os centros de mantemento de material rodante comunicarán calquera variación que se produza nos datos indicados no punto anterior.

TÍTULO VI

O Comité de Regulación Ferroviaria

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 138. *Réxime xurídico.*

1. O Comité de Regulación Ferroviaria é un órgano colexiado, integrado na Secretaría de Estado de Infraestruturas e Planificación do Ministerio de Fomento, que se rexerá polos preceptos contidos no título VI da Lei do sector ferroviario e nos artigos 22 a 27 da Lei 30/1992.

2. As disposicións e resolucións que dite o comité no exercicio das súas funcións serán impugnables en alzada ante o ministro de Fomento.

CAPÍTULO II

Estrutura do Comité de Regulación Ferroviaria

SECCIÓN I. DISPOSICIÓN XERAS

Artigo 139. *Composición e nomeamento.*

1. O Comité de Regulación Ferroviaria está composto por un presidente, catro vogais e un secretario. O presidente e os vogais serán designados polo ministro de Fomento entre funcionarios en activo do Ministerio, que pertencen aos corpos superiores da Administración xeral do Estado.

2. O secretario deberá ser funcionario, licenciado en dereito e membro dun corpo superior da Administración xeral do Estado. Será designado e removido libremente polo Comité de Regulación Ferroviaria.

Artigo 140. Duración do mandato.

1. Os cargos de presidente e de vogal renovaranse cada seis anos, e poderán ser novamente designados por unha soa vez.

Non obstante o anterior, o mandato de dous dos vogais inicialmente designados, que se determinarán por sorteo celebrado en sesión do comité, terá unha vixencia de tres anos.

2. Se durante o período dos seus respectivos mandatos se producise o cesamento do presidente ou de calquera vogal, as persoas designadas para substituílos serano polo tempo que reste do mandato do seu antecesor.

Artigo 141. Cesamento.

1. O presidente cesará no seu cargo por expiración do termo do seu mandato, por renuncia aceptada polo ministro de Fomento, por separación decidida por este, por xubilación, por incapacidade permanente para o exercicio do cargo, por condena por delito doloso, por incompatibilidade sobrevida, pola perda da condición de funcionario, polo paso a situación distinta do servizo activo ou por traslado a outro departamento, entidade ou Administración pública.

Os vogais cesarán polas mesmas causas expresadas no parágrafo anterior, e correspóndelle ao ministro de Fomento aceptar a súa renuncia ou acordar a súa separación.

2. O expediente que se deba instruír para acordar a separación terá carácter contraditorio. Cando se refira á separación dos vogais, este expediente será instruído polo subsecretario de Fomento.

3. Os membros do Comité de Regulación Ferroviaria cuxo mandato expirase e que renuncien ao seu cargo continuarán en funcións ata a toma de posesión dos que os deban substituír.

Artigo 142. Réxime retributivo.

Os membros do Comité de Regulación Ferroviaria serán retribuídos de conformidade co establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Artigo 143. Incompatibilidades.

Os membros do comité estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades propio dos funcionarios, previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Non poderán formar parte do Comité de Regulación Ferroviaria:

a) Os membros dos órganos de goberno das entidades públicas empresariais Administrador de Infraestruturas Ferroviarias e RENFE-Operadora.

b) Os que teñan encomendada a competencia para outorgar o certificado de seguridade.

c) Os que teñan encomendada a competencia de fixación das tarifas pola prestación de servizos adicionais, complementarios e auxiliares.

e) Os que exerzan actividades que puidesen resultar contrarias á salvagarda da pluralidade da oferta na prestación dos servizos ferroviarios sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral en condicións obxectivas, transparentes e non discriminatorias.

SECCIÓN II. MEMBROS DO COMITÉ DE REGULACIÓN FERROVIARIA**Artigo 144. Funcións do presidente.**

Correspóndenlle ao presidente do Comité de Regulación Ferroviaria as funcións seguintes:

a) Representar o comité en xuízo e fóra del, en calquera acto e contrato e fronte a toda persoa física ou xurídica, xa sexa pública ou privada.

b) Convocar, fixar a orde do día das reunións do comité e presidilas, dirixindo as súas deliberacións e dirimindo os empates que se poidan producir nas votacións co seu voto de calidade.

c) Velar polo cumprimento deste regulamento e dos acordos adoptados polo comité.

d) Executar os acordos do comité.

e) Desempeñar as demais funcións que lle atribúa este regulamento, lle delegue o Comité de Regulación Ferroviaria ou lle correspondan de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 145. O secretario.

1. O comité designará un secretario que actuará con voz pero sen voto e, de ser o caso, un vicesecretario que deberá cumprir os mesmos requisitos e que substituirá aquel cando sexa necesario.

2. O secretario asesorará o comité en todas as cuestións xurídicas que lle formule e exercerá as competencias que se lles encomendan aos secretarios dos órganos colexiados nos artigos 25 e concordantes da Lei 30/1992.

Artigo 146. Deber de segredo.

Os membros do Comité de Regulación Ferroviaria deberán gardar segredo, incluso despois de cesaren nas súas funcións, respecto de cantas informacións de natureza confidencial tivesen coñecemento no exercicio dos seus cargos.

CAPÍTULO III**Obxecto e funcións do Comité de Regulación Ferroviaria****SECCIÓN I. NORMAS XERAIS****Artigo 147. Fins do Comité de Regulación Ferroviaria.**

Son fins do Comité de Regulación Ferroviaria os seguintes:

a) Salvagardar a pluralidade da oferta na prestación dos servizos sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral e velar por que estes sexan prestados en condicións obxectivas, transparentes e non discriminatorias.

b) Garantir a igualdade entre empresas públicas e privadas nas condicións de acceso ao mercado dos referidos servizos.

c) Velar por que os canons ferroviarios cumpran o disposto na Lei do sector ferroviario e non sexan discriminatorios.

d) Resolver os conflitos que poidan xurdir entre o administrador de infraestruturas ferroviarias e as empresas ferroviarias en relación:

Co outorgamento e uso do certificado de seguridade e o cumprimento das obrigas que este comporte.

Coa aplicación dos criterios contidos nas declaracións sobre a rede.

Cos procedementos de adxudicación de capacidade.

Coa contía, a estrutura ou a aplicación das tarifas que se lles exixan ou que se lles poidan exixir.

e) Informar a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas que o requiran en materia ferroviaria e, en particular, respecto do contido de calquera proxecto de norma ou resolución que afecte aquela.

f) Calquera outros que se lle atribúan legalmente.

Artigo 148. *Delimitación do exercicio das funcións.*

1. O Comité de Regulación Ferroviaria exercerá, sen menoscabo ningún das competencias que lles corresponden ás comunidades autónomas as súas funcións en relación co acceso e utilización das infraestruturas, as súas restricións técnicas ou de uso, a igualdade de trato de todas as empresas ferroviarias, as innovacións tecnolóxicas, a adecuación das infraestruturas ferroviarias, a formación correcta das tarifas no sector, a utilización de información privilexiada e, en xeral, calquera materia relacionada coa pluralidade de servizos de transporte ferroviario.

2. O exercicio das funcións do Comité de Regulación Ferroviaria realizarase con pleno respecto ás competencias que a Lei 16/1989, do 17 de xullo, lles atribúe aos órganos de defensa da competencia.

Artigo 149. *Convocatoria e quórum do Comité de Regulación Ferroviaria.*

1. O Comité de Regulación Ferroviaria celebrará sesións, logo de convocatoria do seu presidente ou por petición de, polo menos, dous vogais, tantas veces como sexa necesario para o desenvolvemento eficaz das súas funcións. Poderán asistir ás sesións do comité, con voz pero sen voto, todas aquelas persoas que, por solicitude deste ou por instancia do seu presidente, sexan convocadas.

2. A convocatoria das sesións do comité cursaraa o secretario, por escrito, polo menos con corenta e oito horas de antelación, e nela fixarase a orde do día dos asuntos que se van tratar.

O presidente poderá convocar reunións extraordinarias sen suxeición ao prazo anterior se existise, ao seu xuízo, motivo fundado ou por petición de, polo menos, dous vogais.

3. Para a válida celebración das sesións do comité deberán estar presentes, ademais do presidente e do secretario, ou, de ser o caso, dos que os substitúan, a metade, polo menos, dos vogais.

Artigo 150. *Adopción de acordos.*

1. Os acordos do comité tomaranse por maioría dos seus membros presentes na correspondente sesión. En caso de empate, o presidente terá voto de calidade.

2. De cada sesión o secretario levantará unha acta, que se aprobará na mesma ou na seguinte sesión, segundo determine o comité. A acta deberá ir asinada polo secretario, co visto e praxe do presidente, expedíndose certificación dos acordos do comité en igual forma, sen prexuízo da existencia dun libro de actas das sesións en que consten estas e os acordos adoptados, que custodiará o secretario.

Artigo 151. *Iniciación e tramitación dos procedementos.*

O Comité de Regulación Ferroviaria actuará de oficio ou por instancia de parte interesada que se formulará conforme o previsto no título VI da Lei 30/1992.

SECCIÓN II. FUNCIÓN DE SALVAGARDA DE OFERTAS DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOBRE A REDE FERROVIARIA DE INTERESE XERAL

Artigo 152. *Garantía da igualdade entre empresas ferroviarias nas condicións de acceso ao mercado dos servizos de transporte ferroviario.*

O Comité de Regulación Ferroviaria coñecerá das reclamacións que formulen as empresas ferroviarias, fundadas en calquera trato discriminatorio que reciban da Administración pública ou de calquera entes públicos, e ditará a resolución correspondente, que poderá ser impugnada enalzada ante o ministro de Fomento.

Ademais, resolverá calquera reclamación que lle formulen as empresas ferroviarias respecto de actos levados a cabo por outras empresas ferroviarias que persigan discriminacións no acceso ás infraestruturas ou aos servizos.

Artigo 153. *Resolución de conflitos.*

1. O Comité de Regulación Ferroviaria resolverá os conflitos que poidan xurdir entre o administrador de infraestruturas ferroviarias e as empresas ferroviarias en relación:

Co outorgamento e uso do certificado de seguridade e o cumprimento das obrigas que este comporte.

Coa aplicación dos criterios contidos nas declaracións sobre a rede.

Cos procedementos de adxudicación de capacidade.

Coa contía, a estrutura ou a aplicación das tarifas que se lles exixan ou que se lles poidan exixir.

2. O Comité de Regulación Ferroviaria poderá solicitar a intervención do Ministerio de Fomento para a inspección técnica dos servizos, instalacións e actuacións das empresas do sector ferroviario.

Así mesmo, poderá requirir das entidades que actúen no sector ferroviario calquera información que resulte precisa para o exercicio da súa actividade.

3. As entidades que se consideren prexudicadas por calquera actuación que consideren contraria a dereito poderán acudir ao Comité de Regulación Ferroviaria no prazo máximo dun mes desde que se produza a decisión ou resolución correspondentes.

4. O Comité de Regulación Ferroviaria actuará de oficio ou por instancia de parte interesada. Unha vez iniciado o procedemento poderán, en calquera momento, adoptar as medidas provisionais que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que se puidese ditar, se existen elementos de xuízo suficientes para iso.

5. No exercicio das súas funcións, o Comité de Regulación Ferroviaria ditará resolucións que serán vinculantes para as entidades que actúen no ámbito ferroviario. As referidas resolucións terán eficacia executiva e serán susceptibles de recurso, enalzada, ante o ministro de Fomento.

O incumprimento das resolucións ditadas polo Comité de Regulación Ferroviaria será sancionado conforme o determinado no título VII da Lei do sector ferroviario.

Artigo 154. *Funcións respecto dos títulos habilitantes para a prestación de servizos de transporte ferroviario.*

1. O Comité de Regulación Ferroviaria exercerá as competencias propias da Administración xeral do Estado verbo da interpretación das cláusulas tanto das licenzas que habiliten para a prestación de servizos de transporte ferroviario de viaxeiros ou de mercadorías como das autorizacións para a prestación de servizos de interese público.

2. O comité emitirá informe naqueles procedementos de licitación para a adxudicación polo Ministerio de Fomento de autorizacións para a prestación de servizos de transporte ferroviario declarados, conforme o artigo 53 da Lei do sector ferroviario, de interese público, cando así o solicite o Ministerio de Fomento. En tales casos, a emisión deste informe requirirase unha vez formulada a proposta de resolución.

3. O Comité de Regulación Ferroviaria, que poderá actuar de oficio ou por instancia de calquera interesado, velará polo cumprimento das resolucións que dite no exercicio das competencias a que se refiren os puntos anteriores.

Artigo 155. *Función de informe e asesoramento.*

1. O Comité de Regulación Ferroviaria exercerá a función de asesorar o ministro de Fomento nos asuntos concernentes ao mercado ferroviario, particularmente naquelas materias que poidan afectar o desenvolvemento libre e competitivo, do mercado. No exercicio desta función, o comité actuará a solicitude daquel.

2. O comité poderá, así mesmo, asesorar as comunidades autónomas sobre as materias relacionadas no punto anterior. Esta función de asesoramento efectuarase por petición dos seus órganos competentes.

Artigo 156. *Informe anual.*

O comité poderá elaborar anualmente un informe ao Ministerio de Fomento sobre o desenvolvemento do mercado ferroviario.

Artigo 157. *Funcións en relación cos órganos de defensa da competencia.*

1. Cando o Comité de Regulación Ferroviaria detecte a existencia de indicios de prácticas que impidan ou limiten a competencia e estean prohibidas pola Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, porao en coñecemento do Servizo de Defensa da Competencia, achegando todos os elementos de proba ao seu alcance.

2. O Comité de Regulación Ferroviaria informará preceptivamente nos expedientes tramitados polos órganos de defensa da competencia en materia ferroviaria, por condutas prohibidas, de autorización singular e de control de concentracións en que a adopción final lle corresponda ao Consello de Ministros. O citado informe deberá ser tramitado nun prazo máximo de quince días.

Artigo 158. *Outras funcións.*

Correspóndelle ao Comité de Regulación Ferroviaria o desenvolvemento de calquera outra función que, legal ou regulamentariamente, se lle atribúa ou que lle encomende o Goberno ou o ministro de Fomento.

Artigo 159. *Potestade de demandar información.*

O Comité de Regulación Ferroviaria poderá demandar de calquera entidade que actúe no sector ferroviario a información que requira para o exercicio das súas funcións e aquelas estarán obrigadas a subministrala.

Artigo 160. *Medidas cautelares.*

No exercicio das funcións a que se refire o artigo 83.1.a), b), c) e d) da Lei do sector ferroviario, o Comité de Regulación Ferroviaria, unha vez incoado o procedemento correspondente, poderá en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, adoptar as medidas cautelares pertinentes para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer, se existisen elementos de xuízo suficientes para iso e, en especial, as seguintes:

a) Ordes de cesación ou de imposición de condicións determinadas para evitar o dano que puidesen causar as condutas a que se refire o procedemento.

b) Fianza de calquera clase, excepto a persoal, que sexa bastante para responder da indemnización dos danos e perdas que se puidesen causar.

Non se poderán ditar medidas cautelares que poidan causar prexuízo de difícil ou imposible reparación aos interesados ou que impliquen violación de dereitos amparados polas leis. No caso de que sexan os interesados os que propoñan a adopción de medidas cautelares, o Comité de Regulación Ferroviaria poderalles exixir a estes a prestación da correspondente fianza.

CAPÍTULO IV

Persoal do Comité de Regulación Ferroviaria**Artigo 161. *Persoal ao servizo do Comité de Regulación Ferroviaria.***

O Comité de Regulación Ferroviaria poderá contar, para o exercicio das súas funcións, co persoal ao servizo dos demais órganos do Ministerio de Fomento e estará integrado neste, para efectos orzamentarios e organizativos.

ANEXO

Modelo oficial de libro de reclamacións

Empresa ferroviaria/ADIF

Folla do libro de reclamacións _____

Libro núm. Folio núm. **Datos do cliente**

Nome R/Pza./Avda. Núm. Piso Letra

1º Apelido Municipio CP

2º Apelido Provincia Teléfono

NIF Título de transporte

Datos do lugar onde se produciu o accidente

Nome da estación/Oficina-viaxes/Tren-coche-praza

Orixe da viaxe Destino da viaxe Data da viaxe

Hora de saída

Descrición da reclamación _____

Data

Sinatura

Esta reclamación pode ser seleccionada para realizar enquisas globais de calidade do servizo de atención ao cliente. Se non desexa que os seus datos poidan ser utilizados para realizar a devandita enquisa, marque cunha cruz NON

Informe da dependencia

Selo e sinatura

Día

Mes

Ano

Cód. causa reclam.